

**ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DA**

# ● **ÁREA DE VIGO**



Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



**ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DA**

 **ÁREA DE VIGO**

Unidade de Promoción e Desenvolvemento  
da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

# ESTUDIO SOCIOECONÓMICO DA ÁREA DE VIGO

Publicación elaborada pola  
**Unidade de Promoción e Desenvolvemento**  
da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

## Redactores:

Jose Manuel Búa Gil  
Susana Dávila Barba  
María José Piñeira Mantiñán  
Zara Pousa Arbones  
Clotilde Collazo Rodríguez  
Águeda Gómez Suarez  
Rosa María Verdugo Matés

## Equipo técnico da UPD:

Esperanza Costas Costas  
Elsa Hermida Torres  
Carmen López Fernández  
Carmen África Marchante Pérez  
Ana Isabel de Mena Lagarejos  
José Angel Méndez Pardo  
Ana Isabel Pascual Martínez

## Deseño gráfico:

Juan Carlos Fernández Enseñat

## Director:

Xabier Méndez Martínez

Imprime: Tórculo

Edita: Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Depósito legal: VG-44-2001



## INDICE

|   |    |
|---|----|
| <b>I. INTRODUCCIÓN</b> .....                          | 7  |
| <b>II. CONCELLO DE VIGO</b> .....                     | 13 |
| 1.- ÁMBITO TERRITORIAL .....                          | 15 |
| 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA .....                         | 16 |
| 3.- ANÁLISE ECONÓMICA .....                           | 21 |
| 3.1. Mercado de traballo.....                         | 21 |
| 3.1.1. <i>Actividade</i> .....                        | 21 |
| 3.1.2. <i>Ocupación</i> .....                         | 21 |
| 3.1.3. <i>Desemprego</i> .....                        | 23 |
| 3.2. Outros indicadores socioeconómicos.....          | 24 |
| 3.3. Actividades empresariais .....                   | 26 |
| 4.- FORMACIÓN REGRADA .....                           | 27 |
| 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL.....                          | 28 |
| 6.- TECIDO ASOCIATIVO.....                            | 29 |
| 7.- A VIVENDA .....                                   | 30 |
| 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO ..... | 31 |
| 9.- CULTURA POPULAR.....                              | 39 |
| <b>III. ZONA SUR</b> .....                            | 41 |
| 1.- ÁMBITO TERRITORIAL .....                          | 43 |
| 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA .....                         | 45 |
| 3.- ANÁLISE ECONÓMICA .....                           | 50 |
| 3.1. Mercado de traballo.....                         | 50 |
| 3.1.1. <i>Actividade</i> .....                        | 50 |
| 3.1.2. <i>Ocupación</i> .....                         | 50 |
| 3.1.3. <i>Desemprego</i> .....                        | 52 |
| 3.2. Outros indicadores socioeconómicos.....          | 53 |
| 3.3. Actividades empresariais .....                   | 55 |
| 4.- FORMACIÓN REGRADA .....                           | 56 |
| 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL.....                          | 58 |
| 6.- TECIDO ASOCIATIVO.....                            | 60 |
| 7.- A VIVENDA .....                                   | 61 |
| 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO ..... | 62 |
| 8.1. O PORRIÑO.....                                   | 62 |
| 8.2. SALCEDA DE CASELAS.....                          | 66 |
| 8.3. SALVATERRA DE MIÑO .....                         | 68 |
| 9.- CULTURA POPULAR.....                              | 72 |
| <b>IV. ZONA NORTE</b> .....                           | 73 |
| 1.- ÁMBITO TERRITORIAL .....                          | 75 |
| 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA .....                         | 77 |
| 3.- ANÁLISE ECONÓMICA .....                           | 82 |
| 3.1. Mercado de traballo.....                         | 82 |
| 3.1.1. <i>Actividade</i> .....                        | 82 |
| 3.1.2. <i>Ocupación</i> .....                         | 83 |
| 3.1.3. <i>Desemprego</i> .....                        | 85 |





|   |            |
|---|------------|
| 3.2. Outros indicadores socioeconómicos.....          | 86         |
| 3.3. Actividades empresariais .....                   | 88         |
| 4.- FORMACIÓN REGRADA .....                           | 90         |
| 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL.....                          | 91         |
| 6.- TECIDO ASOCIATIVO.....                            | 93         |
| 7.- A VIVENDA .....                                   | 95         |
| 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO ..... | 96         |
| 8.1. FORNELOS DE MONTES .....                         | 96         |
| 8.2. PAZOS DE BORBÉN .....                            | 98         |
| 8.3. REDONDELA .....                                  | 101        |
| 8.4. SOUTOMAIOR.....                                  | 104        |
| 9.- CULTURA POPULAR.....                              | 107        |
| <b>V. VAL MIÑOR .....</b>                             | <b>109</b> |
| 1.- ÁMBITO TERRITORIAL .....                          | 111        |
| 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA .....                         | 113        |
| 3.- ANÁLISE ECONÓMICA .....                           | 117        |
| 3.1. Mercado de traballo.....                         | 117        |
| 3.1.1. <i>Actividade</i> .....                        | 117        |
| 3.1.2. <i>Ocupación</i> .....                         | 117        |
| 3.1.3. <i>Desemprego</i> .....                        | 119        |
| 3.2. Outros indicadores socioeconómicos.....          | 120        |
| 3.3. Actividades empresariais .....                   | 123        |
| 4.- FORMACIÓN REGRADA .....                           | 124        |
| 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL.....                          | 125        |
| 6.- TECIDO ASOCIATIVO.....                            | 127        |
| 7.- A VIVENDA .....                                   | 129        |
| 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO ..... | 130        |
| 8.1. GONDOMAR .....                                   | 130        |
| 8.2. NIGRÁN .....                                     | 134        |
| 8.3. BAIONA .....                                     | 137        |
| 9.- CULTURA POPULAR.....                              | 140        |
| <b>V. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE INFORMACIÓN .....</b>  | <b>143</b> |





I. INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN








O estudio socioeconómico de Vigo e a súa área de influencia ten como principal obxectivo presentar unha análise de tódolos concellos que compoñen a Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo, e deste xeito servir de aproximación ás características naturais, demográficas, económicas e sociais dos mesmos. En consecuencia, estúdiense todas aquelas variables que poden repercutir na evolución deste territorio nun futuro a medio prazo.

En total son doce os concellos que van ser estudados, agrupados en catro áreas, divididas segundo as similitudes xeográficas de cada unha delas dentro da área da Mancomunidad, e que presentan, dentro da súa diversidade, algunhas semellanzas que fan que poidan ser analizadas en conxunto:

- /// Área de Vigo: Vigo.
- /// Área subleste: Mos<sup>1</sup>, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño.
- /// Área norte: Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior.
- /// Área do Val Miñor: Baiona, Gondomar, Nigrán.

**Figura 1. Concellos que integran a Mancomunidad de Vigo**



Fonte: Elaboración propia

Dentro de cada área o traballo estrutúrase seguindo sempre o mesmo esquema. Nun primeiro apartado preséntanse as características xerais do espazo, caracterizado por uns rasgos socioeconómicos heteroxéneos que determinan un forte contraste entre o litoral e o interior. O centro neural é Vigo, onde se rexistra a maior concentración de poboación, actividades económicas e infraestruturas.

A continuación afóndase sobre a realidade demográfica dos distintos concellos, pois esta variable é a que vai definir as necesidades existentes, así como os niveis de dependencia económica. Deste xeito, obsérvase como evolucionou a poboación, a súa estrutura por idades e sexo, así como a súa localización o que nos permite saber onde se rexistran as maiores densidades.


No seguinte apartado, faise un estudio da situación do mercado de traballo. A poboación considerada non é a poboación total, senón a poboación maior de 16 anos, é dicir, a poboación que está legalmente en idade de traballar. Á súa vez, este colectivo divídese en dous grandes grupos, a poboación activa e a poboación inactiva. Como os inactivos non participan nas relacións que se establecen no mercado laboral entre oferentes e demandantes de emprego estes están excluídos do estudio.

Dentro dos activos temos que distinguir entre poboación ocupada e poboación parada. A poboación ocupada está formada polas persoas que teñen emprego, mentres que a poboación parada está composta por aquelas que non dispoñen dun posto de traballo, pero están buscándoo activamente.

<sup>1</sup> Debido á recente incorporación deste concello á Mancomunidad de Vigo, certos apartados da súa análise socioeconómica non se puideron incorporar ó estudio.







Nas análises do mercado de traballo é de uso frecuente o emprego de taxas:

✎ **Taxa de actividade (TA):** porcentaxe de persoas maiores de 16 anos que están traballando ou en disposición de facelo.

$$TA = \text{Poboación activa} / \text{poboación maior de 16 anos.}$$

✎ **Taxa de ocupación (TO):** porcentaxe de persoas que están empregadas.

$$TO = \text{Poboación ocupada} / \text{poboación maior de 16 anos.}$$

✎ **Taxa de paro (TP):** porcentaxe de poboación desempregada en relación á poboación activa (parados e ocupados).

$$TP = \text{Poboación parada} / \text{Poboación activa.}$$

A continuación, no documento analízanse os indicadores económicos que definen o nivel de desenvolvemento de cada espacio segundo as seguintes variables:

✎ **A renda familiar dispoñible:** amosa o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas, excluídas as administracións públicas, residentes en cada comunidade autónoma. A renda familiar dispoñible inclúe as aportacións que proceden da vía de produción de bens e servizos e as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas, pero exclúe os impostos directos pagados polas familias e as cotas sociais cobradas pola Seguridade Social. Se dividimos a renda familiar bruta dispoñible entre a poboación dunha comunidade, obtemos a *renda familiar bruta per cápita*.

✎ **Nivel económico:** indicador da renda familiar dispoñible por habitante que se define como a suma de tódolos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas durante un periodo. Definíronse dez niveis que corresponden cos seguintes intervalos de renda, segundo se reflicte na figura 2.

✎ **Cota de mercado:** índice que expresa a capacidade de consumo comparativa dos municipios e se mide en función da importancia da poboación e do poder adquisitivo representado polas variables seguintes: número de teléfonos, automóviles, camiións, oficinas bancarias, e actividades comerciais. Esta cota de mercado

**Figura 2. Niveis de renda familiar**

| Niveis | Renda Familiar Dispoñible por hab. (ptas.) |
|--------|--|
| 1      | Ata 900.000                                |
| 2      | 900.000 – 1.000.000                        |
| 3      | 1.000.000 – 1.125.000                      |
| 4      | 1.125.000 – 1.250.000                      |
| 5      | 1.250.000 – 1.450.000                      |
| 6      | 1.450.000 – 1.650.000                      |
| 7      | 1.650.000 – 1.800.000                      |
| 8      | 1.800.000 – 1.950.000                      |
| 9      | 1.950.000 – 2.100.000                      |
| 10     | Máis de 2.100.000                          |

Fonte: Anuario Comercial de España. La Caixa. 1999





constitúe unha orientación para valorar a cantidade de produtos e servizos que poden absorber os municipios. Está calculada sobre unha base nacional de 100.000 unidades.

- /// *Índice turístico:* índice comparativo da importancia turística de cada municipio en función da súa oferta e non da demanda. Este índice obtense en función do Imposto de Actividades Económicas (IAE), que se fundamenta a súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual.
- /// *Teléfonos:* son as liñas de servizos e solicitudes pendentes de instalación a fin de ano.
- /// *Vehículos de motor:* parque de vehículos matriculados a fin de ano desglosados en automóviles, camións e furgonetas.
- /// *Oficinas bancarias:* sucursais abertas ó público por bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito a fin de ano.
- /// *Actividades industriais:* número de actividades industriais suxeitas ó IAE en cada municipio. As actividades industriais desglósanse en actividades industriais propiamente ditas e construción.
- /// *Maioristas:* número de actividades do comercio maiorista ubicados nun municipio a fin de ano, derivadas do IAE.
- /// *Minoristas:* número de actividades ou licencias do comercio detallista suxeitas ó IAE. Estas actividades desglósanse en alimentación, non alimentación e outros.
- /// *Bares:* comprende as actividades de cafés, bares, cafeterías, restaurantes, xeladerías e quioscos.
- /// *Índice de actividade económica:* reflicte a importancia da actividade económica en tantos por cien mil, en función das cotas tributarias (IAE) correspondentes ó conxunto das actividades empresariais e profesionais dos municipios.

Neste mesmo apartado inclúese unha análise sobre a actividade empresarial que se desenvolve en cada área de estudo. O recurso metodolóxico empregado para esta análise foi o Directorio ARDAN e os datos obtidos do ORAL.

Por outra banda, e nun epígrafe posterior, incídese nos aspectos formativos e sociais da poboación e se finaliza coa descrición do planeamento urbano, as infraestruturas e equipamentos existentes en cada concello. Con respecto a este apartado cómpre sinalar que as fontes empregadas foron os Plans Xerais de Ordenación Urbana e Normas Subsidiarias vixentes en cada un dos concellos polo que na actualidade poida que existan certas diferencias en relación ó que no seu día se redactou neles.

A metodoloxía seguida para a realización deste estudo baseouse na recollida de datos e información da realidade económica e social do territorio, tanto cuantitativa como cualitativa, a través de diferentes fontes e axentes.

- /// Traballo de campo e entrevistas cos axentes sociais e económicos de cada concello.
- /// Estudos elaborados por entidades públicas ou privadas como poden ser a Xunta de Galicia, Mancomunidade de Vigo, departamentos dos concellos, Universidade de Santiago, Universidade de Vigo, fundacións, etc.
- /// Datos secundarios recollidos nas distintas fontes de información: Internet, cámaras de comercio, asociacións empresariais, sindicatos, INEM, Confederación de Empresarios, etc.







## II. CONCELLO DE VIGO.

CONCELLO DE VIGO  
CONCELLO DE VIGO







## 1.- ÁMBITO TERRITORIAL




Vista panorámica de Vigo

O concello de Vigo, situado na beira sur da ría á que lle dá nome, constitúe a cabeceira urbana do sur de Galicia, núcleo rector dunha ampla área socioeconómica que se estende desde a península do Morrazo ata a fronteira lusa. Limita ó norte co concello de Redondela, ó leste con Mos e O Porriño, ó sur con Gondomar e Nigrán e ó oeste coa ría de Vigo.

Encrávase no Val do Fragoso -formando un anfiteatro natural orientado á ría de Vigo- polo que discorre o principal río do concello, o Lagares, e os seus afluentes máis destacados, o Eifonso e o Barxa. A súa topografía aberta á ría e a orientación cara ó sudoeste desta dan lugar ás peculiaridades climáticas do concello, pois se ben recibe abundantes precipitacións no inverno como consecuencia da entrada dos ventos do sudoeste atlánticos cargados de humidade e asociados ás borrascas oceánicas; as elevacións que o circundan actúan de barreira e fan que o val reciba máis chuvias que as áreas do interior.

Así mesmo, a orientación sudoeste e o amplo borde marítimo (36,5 km de costa) tamén condicionan as temperaturas suaves das que goza Vigo todo o ano, acadando unha temperatura media anual de 15,1 °C. Este tipo de clima pódese clasificar como de transición entre o oceánico puro e o mediterráneo oceánico; circunstancia que o fai propicio para o asentamento humano.

Figura 3. Relevo e rede fluvial do concello de Vigo



Fonte: Elaboración propia

As maiores cotas rexístranse no Monte Cepudo (526 m), Pedra Cavalaria (501 m) e Monte Alba (442 m). A superficie total do concello é superior á media dos concellos da provincia de Pontevedra e de Galicia; así mesmo, a superficie de Vigo supón o 18% da superficie total da Mancomunidade.

Figura 4. Superficie do concello de Vigo

|      | Superficie (Km <sup>2</sup> ) | % sobre MAIV | Parroquias |
|------|-------------------------------|--------------|------------|
| Vigo | 109,1                         | 16,6         | 19         |

Fonte: Fariña Jamardo, Os concellos galegos. 1991






Vigo conta con 18 parroquias, a parte do núcleo urbano, que rodean á cidade central e constitúen o anel periurbano, onde se mesturan usos urbanos e rurais. Nelas o tipo de vivenda típico é a casa unifamiliar rodeada de terreo utilizado para o cultivo de autoconsumo, actividade que se compatibiliza con traballos na industria ou os servizos. A cidade central prolonga o seu crecemento urbano cara a estas parroquias periurbanas, mudando entón o aspecto rural delas ó chegaren as construcións en altura, tal e como acontece en Lavadores, Castrelos ou Teis.

**Figura 5. Parroquias e entidades de poboación de Vigo**

| Parroquias   | Entidades  | Extensión (km <sup>2</sup> ) |
|--------------|------------|------------------------------|
| Alcabre      | 12         | 1,2                          |
| Beade        | 10         | 8,1                          |
| Bembrive     | 8          | 10                           |
| Cabral       | 4          | 8,7                          |
| Candeán      | 4          | 3,7                          |
| Castrelos    | 9          | 1,8                          |
| Cíes, illas  | 1          | 4,3                          |
| Comesaña     | 16         | 3,7                          |
| Coruxo       | 37         | 5                            |
| Lavadores    | 11         | 6,4                          |
| Matamá       | 22         | 5                            |
| Navia        | 16         | 2,5                          |
| Oia          | 27         | 6,2                          |
| Saiáns       | 15         | 1,2                          |
| Sampaio      | 2          | 0,4                          |
| Sárdoma      | 4          | 1,2                          |
| Valadares    | 8          | 12,5                         |
| Vigo         | 36         | 20,4                         |
| Zamáns       | 3          | 6,8                          |
| <b>Total</b> | <b>245</b> | <b>109,1</b>                 |

Fonte: Fariña Jamardo, Os concellos galegos. 1991

**Figura 6. Mapa parroquial de Vigo**



Fonte: Elaboración propia

## 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA

O estudo da poboación en Vigo e, sobre todo, a evolución do seu crecemento vai servir para entender o fenómeno do rápido desenvolvemento económico da cidade.

Desde finais dos anos 1950, coa instalación en Vigo de diversas empresas como a de automoción Citroën Hispania ou a creación da zona franca, a cidade converteuse en foco de atracción para a poboación que emigraba das zonas rurais galegas na procura dun traballo no sector industrial. Isto dá lugar ó rápido despegue demográfico que se observa entre 1960 e 1981, onde Vigo medra en máis de 100.000 habitantes; A rápida urbanización dos anos 1960 e 1970 nesta cidade levou parellos serios problemas urbanísticos e de infraestruturas que a cidade sofre aínda hox en día. Desde o ano 1980 ata a actualidade o crecemento demográfico atenúase, seguindo unha liña semellante a de concellos economicamente desenvolvidos. Pero observamos como xa entre o padrón de 1996 e a revisión de 1998 Vigo perde 3.500






habitantes; acusa a baixa natalidade que se está a producir nos últimos anos e o cambio de hábitos á hora de elixir lugar de residencia por parte de moitos individuos, pois neste fin da década dos anos 1990 son os concellos do anel periurbano de Vigo os que continúan crescendo demograficamente, mentres a cidade central presenta unha diminución que probablemente se manterá no futuro.

**Figura 7. Evolución da poboación**

| Ano       | Vigo    |
|-----------|---------|
| 1960      | 144.914 |
| 1970      | 197.144 |
| 1981      | 258.724 |
| 1986      | 263.998 |
| 1991      | 278.050 |
| 1996      | 286.774 |
| 1998      | 283.110 |
| 1998-1960 | 138.196 |

Fonte: IGE.


**Figura 8. Evolución da poboación 1960-1998**



Fonte: IGE

O Servizo de Estatística do concello de Vigo conta con datos demográficos actualizados anualmente, á marxe dos datos oficiais facilitados polos servizos do Instituto Galego de Estatística (IGE). Parécenos interesante presentar os datos que manexa o concello, pero farémolo coa conseguinte reserva que supón o feito de non seren datos publicados de xeito oficial polos organismos autorizados para isto. Así, na seguinte táboa observamos a poboación total de Vigo no ano 1999, desagregada segundo os nove distritos censais en que está parcelada a superficie total do concello.

**Figura 9. Distribución dos distritos vigueses**



Fonte: Servizo de Estatística do Concello de Vigo







Segundo a revisión padroal de 1998 Vigo acada unha densidade de case 2.600 hab/km<sup>2</sup>, pero estes datos hai que discriminalos por parroquias e núcleo urbano, pois Vigo é un concello con moita superficie periurbana onde as densidades de poboación baixan considerablemente, pois a poboación reside maioritariamente en vivendas unifamiliares. Pola contra, no núcleo urbano as densidades son bastante máis elevadas, sobre todo nos barrios de forte crecemento urbanístico como O Calvario, Coia ou A Doblada.

**Figura 10. Poboación por distritos, 1998**

|              | Homes          | Mulleres       | Total          |
|--------------|----------------|----------------|----------------|
| Distrito 1   | 9.304          | 10.953         | 20.257         |
| Distrito 2   | 16.374         | 19.279         | 35.653         |
| Distrito 3   | 20.745         | 23.190         | 43.935         |
| Distrito 4   | 24.635         | 26.430         | 51.065         |
| Distrito 5   | 7.704          | 8.187          | 15.891         |
| Distrito 6   | 14.279         | 15.581         | 29.860         |
| Distrito 7   | 27.256         | 29.686         | 56.942         |
| Distrito 8   | 9.610          | 10.317         | 19.927         |
| Distrito 9   | 8.202          | 8.854          | 17.056         |
| <b>Total</b> | <b>138.109</b> | <b>152.477</b> | <b>290.586</b> |

Fonte: Servicio de Estatística do Concello de Vigo. 1998

**Figura 11. Densidade de poboación**

|      | Poboación 1998 | Superficie Km <sup>2</sup> | Densidade (hab/km <sup>2</sup> ) |
|------|----------------|----------------------------|----------------------------------|
| Vigo | 283.110        | 109,1                      | 2.594,9                          |

Fonte: Elaboración propia.

**Figura 12. Distribución da poboación por grupos de idade, 1996 e 1998**



Fonte: IGE. Padrón 1996

Fonte: IGE. Revisión do Censo 1998

No que fai á estrutura de poboación por idades hai que matizar que o concello de Vigo presenta porcentaxes algo máis negativas que os concellos máis dinámicos que o rodean. Así, a porcentaxe de poboación maior de 64 anos acada o 13%, mentres en concellos como O Porriño, Nigrán, Redondela, Baiona ou Gondomar esta é menor; polo tanto, en Vigo comeza a acusarse o devalo demográfico e a baixa natalidade. Do mesmo xeito, as taxas de poboación moza son menores que noutros concellos do seu ámbito periurbano polas mesmas razóns expostas anteriormente.

Se observamos os datos do ano 1999 subministrados polo Concello vemos que a tendencia ó avellentamento da poboación se incrementa; os individuos maiores de 64 anos supoñen dous puntos máis, e a porcentaxe de poboación menor de 15 anos diminúe tamén en máis de un punto.





**Figura 13. Estructura da poboación por idades en números absolutos e porcentaxes**


| Ano  | 0-15 anos       | 16 a 64 anos     |                  | 65 e máis anos   | Total   |
|------|-----------------|------------------|------------------|------------------|---------|
|      |                 | 16-25            | 26-64            |                  |         |
| 1996 | 43.918<br>15,3% | 51.860<br>18,08% | 153.263<br>53,4% | 37.733<br>13,15% | 286.774 |
| 1998 | 39.915<br>13,7% | 48.840<br>16,8%  | 159.563<br>54,9% | 42.268<br>14,5%  | 290.586 |

Fonte: IGE. Padrón 1996 e Servicio de Estatística do Concello de Vigo. 1998


A pesar destes datos Vigo segue a ser o foco de maior dinamismo socioeconómico de toda a área, xa que, aínda que experimente unha leve perda de efectivos demográficos, exerce un forte poder de atracción a nivel económico e de servizos sobre os concellos que o rodean. Unicamente, cómpre sinalar que a poboación está desprazando o seu lugar de residencia cara ós arredores da cidade central e isto faise notar nos últimos padróns de habitantes.

As pirámides de poboación de Vigo (anos 1996 e 1999) presentan unha forma típica de poboación en proceso de avellentamento, pois a súa base acusa unha marcada inversión. A pesar diso a forma cara á cúpula presenta unha estrutura triangular, polo que aínda podemos dicir que Vigo conta con poboación adulta e nova que dinamiza o desenvolvemento sostible do territorio sobre o que se asenta.

**Figura 14. Pirámides de poboación, 1996 e 1998**



Fonte: IGE. Padrón 1996



Fonte: IGE. Revisión do Censo 1998

Existen na cidade algúns sectores de expansión urbana nos que se están a asentar efectivos de poboación nova que contrastan coas parroquias de poboamento máis antigo e onde a pirámide de idade resulta máis avellentada. Exemplo destes barrios de recente formación son A Doblada e A Florida.

**Figura 15. Movemento natural da poboación, 1996**

|      | Nacementos  |       | Defuncións  |       | Crec. Vexetativo |      |
|------|-------------|-------|-------------|-------|------------------|------|
|      | Media 90-94 | 1996  | Media 90-94 | 1996  | Media 90-94      | 1996 |
| Vigo | 2.543       | 2.234 | 2.088       | 2.131 | 455              | 103  |

Fonte: IGE. Galicia en cifras. 1997





O crecemento vexetativo de Vigo, aínda que resulta positivo no ano 1996, supón unha taxa moi cativa debido ó proceso de avellentamento demográfico. Este faise notar en taxas de mortalidade que tenden a incrementarse e natalidade reducida (7,8‰).

En canto á análise dos movementos migratorios no concello de Vigo hai que facer un estudio detido pois os saldos acusan valores negativos bastante elevados. A emigración interna ten destino maioritario dentro da provincia de Pontevedra; isto corrobora o que xa se comentou anteriormente sobre os cambios de hábitos para elixir residencia habitual polos que moitos habitantes de Vigo están abandonando a cidade e mercado vivendas nos concellos da área periurbana, onde atopan prezos máis alcanzables e mellor calidade de vida. A emigración externa máis abundante ten Canarias e a Comunidade de Madrid como destino preferente, pero os valores son menores que os dos emigrantes intraprovinciais.

**Figura 16. Emigración interna (provincias de destino), 1995**

|      | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------|--------|------|---------|------------|-------|
| Vigo | 387    | 91   | 322     | 1887       | 2.687 |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995

**Figura 17. Emigración externa (lugares de destino), 1995**

|      | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Total |
|------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|-------|
| Vigo | 86        | 34       | 289      | 122     | 94       | 225    | 29       | 209   | 1.088 |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995

Os valores absolutos da inmigración dentro de Galicia son menores que a emigración a estes mesmos destinos, polo que o saldo migratorio aquí resulta negativo. É salientable o saldo intraprovincial (-600) no que observamos o devandito éxodo.

O saldo migratorio acusa valores positivos se temos en conta a inmigración de estranxeiros cara a Vigo. Hai que ter en conta aquí a chegada de individuos procedentes da Comunidade Europea entre os que sobresaen franceses, alemáns e ingleses. Así mesmo, rexístrase a chegada de persoas procedentes de América, África, Asia e Australia, aínda que o seu volumen é moito máis reducido.

Como conclusión salientamos que o saldo migratorio total é negativo no concello de Vigo segundo os datos do ano 1995; se a isto unimos un crecemento vexetativo positivo pero moi cativo observamos que o crecemento real se estanca.

**Figura 18. Inmigración interna (provincias de orixe), 1995**

|      | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------|--------|------|---------|------------|-------|
| Vigo | 327    | 106  | 448     | 1.287      | 2.168 |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995

**Figura 19. Inmigración externa (lugares de orixe), 1995**

|      | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Estr | Total |
|------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|------|-------|
| Vigo | 87        | 47       | 82       | 123     | 94       | 205    | 46       | 175   | 313  | 1.172 |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995





**Figura 20. Saldo migratorio, 1995**

|      | Interno         |               |       | Externo      |             |       | Saldo Total |
|------|-----------------|---------------|-------|--------------|-------------|-------|-------------|
|      | Intraprovincial | Resto Galicia | Total | Resto España | Estranxeiro | Total |             |
| Vigo | -600            | 81            | -519  | -229         | 313         | 84    | -435        |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

### 3.- ANÁLISE ECONÓMICA

#### 3.1. Mercado de traballo

##### 3.1.1. Actividade

Durante o período 1991-96, nos concellos da MAIV a taxa de actividade sofre unha diminución. No concello de Vigo, esta taxa redúcese en 3,3 puntos.

A diminución da taxa de actividade producida neste período no concello de Vigo é consecuencia de que o incremento da poboación maior de 16 anos é superior que o aumento producido no número de activos. O crecemento deste colectivo vén dado principalmente polo de desempregados que se incrementa nun 16%, mentres que o número de ocupados medra só un 0,19%.

**Figura 21. Taxas de actividade na MAIV**

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 46,4 | 45,9 |
| Fornelos de Montes | 44,7 | 41,4 |
| Gondomar           | 47,7 | 47,0 |
| Mos                | 50,7 | 49,5 |
| Nigrán             | 47,6 | 49,0 |
| Pazos de Borbén    | 50,3 | 42,1 |
| O Porriño          | 50,5 | 51,4 |
| Redondela          | 52,3 | 51,5 |
| Salceda de Caselas | 46,2 | 44,8 |
| Salvaterra de Miño | 42,6 | 38,2 |
| Soutomaior         | 48,7 | 48,3 |
| Vigo               | 52,2 | 48,9 |

Fonte: IGE. Censo 1991e Padrón 1996

##### 3.1.2. Ocupación

Se comparamos os anos 1991 e 1996 obsérvase como a taxa de ocupación no concello de Vigo diminúe en catro puntos. Tal e como puñamos anteriormente de manifesto, a explicación hai que buscala no feito de que a poboación maior de 16 anos aumenta mentres que a poboación ocupada permanece practicamente constante.

A distribución porcentual da ocupación, é dicir, a distribución dos ocupados nos diferentes sectores económicos, sofre importantes modificacións nos últimos anos, tal e como podemos comprobar nas seguintes figuras.

Queda patente o forte proceso de terciarización da economía da cidade e o abandono das actividades industriais; así, os

**Figura 22. Taxas de ocupación na MAIV**

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 39,7 | 36,6 |
| Fornelos de Montes | 29,2 | 29,9 |
| Gondomar           | 39,7 | 35,5 |
| Mos                | 39,9 | 37,6 |
| Nigrán             | 38,3 | 37,1 |
| Pazos de Borbén    | 35,8 | 30,9 |
| O Porriño          | 41,5 | 40,3 |
| Redondela          | 40,4 | 38,7 |
| Salceda de Caselas | 40,1 | 36,9 |
| Salvaterra de Miño | 34,0 | 29,5 |
| Soutomaior         | 37,6 | 36,2 |
| Vigo               | 40,9 | 36,8 |

Fonte: IGE. Censo1991 e Padrón 1996







empregados no sector secundario pasan de 24.613 no ano 1991 a 22.658 no ano 1996. O déficit de solo industrial no concello de Vigo, a existencia de polígonos industriais en O Porriño e Mos, os menores impostos municipais deses concellos e as boas vías de comunicación existentes, son elementos que inflúen negativamente na localización de industrias en Vigo, coa consecuenste redución do peso dos ocupados no sector industrial vigués.

Dentro do sector industrial destacan as persoas que traballan nas *industrias manufactureiras*, que representan un 95% do total dos ocupados da industria, e no sector servicios sobresaen os traballadores ocupados en *comercio e reparacións*, representando un 25% do total deste sector.

**Figura 23. Porcentaxe de ocupados por sectores , 1991 e 1996**




Fonte: IGE. Censo 1991



Fonte: IGE. Padrón 1996

Se atendemos á súa profesión, o 18% dos ocupados encádranse no epígrafe de *traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería*, seguidos dos *traballadores de restauración* e dos *empregados de tipo administrativo*, representando cada un deles un 16% dos ocupados.

**Figura 24. Número de ocupados por profesión**



Fonte: IGE. Padrón 1996


- (1) Dirección Administración Pública e das empresas de 10 ou máis asalariados
- (2) Xerencia empresas de menos de 10 asalariados
- (3) Profesións asociadas a titulacións universitarias
- (4) Técnicos e profesionais de apoio
- (5) Empregados de tipo administrativo
- (6) Traballadores restauración, protección e seguridade; dependentes.
- (7) Traballadores cualificados en agro e pesca
- (8) Traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería
- (9) Operadores de instalacións industriais
- (10) Traballadores non cualificados
- (11) Forzas armadas

Segundo a súa situación profesional, no concello de Vigo os grupos máis numerosos son os *asalariados fixos*, que no ano 1996 representan máis do 60% do total de ocupados, seguidos polos *asalariados eventuais* que representan nese mesmo ano o 23%.





**Figura 25. Número de ocupados por situación profesional**



- (1) Trabajadores por conta propia e con persoal
- (2) Trabajadores por conta propia e sen persoal
- (3) Membros de cooperativas
- (4) Axudas familiares
- (5) Asalariados fixos
- (6) Asalariados eventuais
- (7) Outra situación

Fonte: IGE. Padrón 1996

### 3.1.3. Desemprego


A continuación aportamos datos da evolución do número de desempregados no concello de Vigo, o que nos permite observar dous máximos, un no ano 1988 e outro no ano 1994. A partir de aquí, obsérvase unha tendencia decrecente do número de desempregados ata o ano 2000.

En relación ó colectivo de desempregados temos que sinalar que en agosto de 2000 o 17% dos parados non tiveron un emprego anterior. Por outra parte, se atendemos á súa idade, o 86% dos desempregados eran maiores de 25 anos.

Por sectores, o maior paro localízase no sector servicios, seguido dos traballadores da industria. Hai que mencionar que o paro do sector industrial é consecuencia da recesión sufrida por este sector na cidade de Vigo, mentres que o paro do sector servicios é debido ó carácter temporal da maioría dos traballos asociados a este sector.


Se desglosamos ós desempregados por nivel de estudos, observamos que os colectivos máis afectados son os que teñen un menor nivel de formación, sendo os grupos máis numerosos os que teñen EXB seguidos dos que posúen o certificado escolar. Así mesmo constátase que o

**Figura 26. Evolución do desemprego**



Fonte: INEM e SGC (Xunta de Galicia)

**Figura 27. Poboación desempregada por sectores**



Fonte: SGC (Xunta de Galicia)






colectivo menor afectado polo desemprego é o que posúe Formación Profesional.

Por sexo, no concello de Vigo o paro afecta de forma desigual a homes e mulleres. Así, en agosto de 2000 o 37% dos parados eran homes fronte ó 63% de mulleres.

Figura 28. Número de desempregados segundo estudos



Fonte: INEM e SGC (Xunta de Galicia)

### 3.2. Outros indicadores socioeconómicos

Co fin de completar a análise socioeconómica do concello de Vigo, a continuación aportamos dous cadros elaborados a partir da información que figura no *Anuario Comercial de España*.

A partir do primeiro cadro podemos constatar que Vigo rexistra un nivel económico que se cuantifica en 4, nivel similar á media de Galicia e superior á media da provincia de Pontevedra. Este dato indica que a renda familiar disponible por habitante na cidade de Vigo está no intervalo de 1.125.000 – 1.250.000 pesetas.

No segundo cadro tratamos de relativizar os diferentes indicadores económicos, para o cal calculamos o valor dos diferentes indicadores socioeconómicos por cada 100 habitantes. Os resultados obtidos revelan o desenvolvemento de Vigo, xa que a maioría dos índices están por riba da media da Mancomunidade.





**Figura 29. Indicadores socioeconómicos municipais na MAIV, provincia de Pontevedra e Galicia**

|             | Nivel Económico | Cota Mercado | Índice turístico | Teléfonos      | Automóviles    | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Maioristas   | Minoristas   | Bares        | Índice actividade económica |
|-------------|-----------------|--------------|------------------|----------------|----------------|----------------------|--------------------|-------------------------|--------------|--------------|--------------|-----------------------------|
| Baiona      | 3               | 25           | 34               | 3.926          | 3.303          | 512                  | 12                 | 112                     | 22           | 216          | 100          | 12                          |
| Fornelos    | 1               | 5            | -                | 564            | 901            | 93                   | 2                  | 12                      | -            | 21           | 8            | 1                           |
| Gondomar    | 3               | 25           | 2                | 3.629          | 4.666          | 848                  | 4                  | 234                     | 52           | 190          | 56           | 15                          |
| Mos         | 3               | 31           | 9                | 4.616          | 6.416          | 1.344                | 3                  | 308                     | 139          | 176          | 91           | 37                          |
| Nigrán      | 4               | 35           | 19               | 6.389          | 6.448          | 1.024                | 9                  | 245                     | 54           | 236          | 107          | 19                          |
| Pazos       | 1               | 6            | -                | 853            | 1.214          | 137                  | 1                  | 33                      | 1            | 33           | 18           | 1                           |
| O Porriño   | 3               | 42           | 14               | 6.073          | 7.469          | 1.741                | 18                 | 393                     | 104          | 332          | 130          | 59                          |
| Redondela   | 2               | 65           | 4                | 9.255          | 11.522         | 1.823                | 21                 | 377                     | 121          | 438          | 181          | 36                          |
| Salceda     | 2               | 14           | 1                | 1.591          | 2.328          | 499                  | 3                  | 136                     | 19           | 132          | 37           | 8                           |
| Salvaterra  | 2               | 18           | -                | 2.392          | 3.382          | 337                  | 3                  | 134                     | 19           | 130          | 35           | 8                           |
| Soutomaior  | 3               | 13           | 3                | 1.685          | 2.086          | 331                  | 6                  | 68                      | 32           | 107          | 60           | 8                           |
| <b>Vigo</b> | <b>4</b>        | <b>682</b>   | <b>380</b>       | <b>120.234</b> | <b>128.958</b> | <b>162.96</b>        | <b>258</b>         | <b>2.797</b>            | <b>1.747</b> | <b>5.099</b> | <b>2.020</b> | <b>806</b>                  |
| Pontevedra  | 3               | 2.135        | 1.158            | 323.075        | 370.533        | 581.18               | 771                | 11.818                  | 3.985        | 17.188       | 6.687        | 1.765                       |
| Galicia     | 4               | 6.503        | 2.959            | 1.007.689      | 1.064.207      | 179.170              | 2.500              | 39.025                  | 11.291       | 54.581       | 22.849       | 5.679                       |

Fonte: Anuario Comercial de España. La Caixa. 1999

**Figura 30. Indicadores socioeconómicos (por cada 100 habitantes) en Vigo e na MAIV**

|      | Teléfonos | Automóviles | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Maioristas | Minoristas | Bares |
|------|-----------|-------------|----------------------|--------------------|-------------------------|------------|------------|-------|
| Vigo | 42,46     | 45,55       | 5,75                 | 0,09               | 0,98                    | 0,61       | 1,80       | 0,71  |
| MAIV | 39,91     | 44,24       | 6,18                 | 0,08               | 1,20                    | 4,03       | 1,76       | 0,70  |

Fonte: Elaboración Propia a partir de Anuario Comercial de España. La Caixa. 1999 e Padrón 1998








### 3.3. Actividades empresariais

A continuación, e a partir dos datos do ARDAN, preséntase unha relación das actividades de carácter empresarial ou profesional que se exercen en Vigo.

Tal e como podemos observar, as actividades que predominan neste concello son as asociadas ó sector servicios, seguidas a bastante distancia das actividades da construción e industriais.

Segundo datos recollidos polo ARDAN, en Vigo hai 3.731 empresas cun volume de facturación superior a 10 millóns de pesetas cada unha, que xeraron en conxunto uns ingresos de 1.276.506 millóns de pesetas no ano 1997, representando o 80,23% dos ingresos e o 76,50% do Valor Engadido Bruto do total da Mancomunidade. A súa especialización pode verse na figura seguinte, na que se recollen as actividades económicas con máis relevancia no concello segundo os seus ingresos; como pode comprobarse teñen un peso importante as actividades asociadas a empresas relacionadas ó sector da automoción e da pesca.

**Figura 31. Distribución porcentual e por sectores das actividades empresariais, 1997**



Fonte: ARDAN 1999

**Figura 32. Grao de especialización empresarial de Vigo**

| Actividade da empresa                     | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|---|-------------|-------------------------|
| Fab. Automób. e carrocerías para turismos | 1           | 536.798                 |
| Const. E reparación buques                | 62          | 51.777                  |
| Extracción pesqueira                      | 75          | 37.556                  |
| Fab. de recambios e pezas de motor        | 9           | 18.160                  |
| Hospitais xerais de medicina              | 3           | 8.285                   |

Fonte: ARDAN 1999

Na figura anterior reflíctase o importante peso que ten a fábrica de Citroën Hispania na cidade. No ano 1997 esta empresa tiña un cadro de persoal de 8.745 traballadores, e concentraba o 42% dos ingresos e o 26% do VEB do total da urbe (no ano 2000 supera os 10.000 traballadores). Ademais, en torno a esta empresa aparecen multitude de pequenas e medianas empresas de fabricación de recambios e pezas de motor para automóbiles. Non é arriscado, pois, dicir que na cidade viguesa unha gran parte da actividade económica xira arredor da Citroën. Sen deixarmos de mencionar o sector da construción naval que amosa un alto nivel de actividade debido a un incremento dos pedidos nos últimos anos.



Porto de Vigo





#### 4.- FORMACIÓN REGRADA

En Vigo os individuos con estudos medios e superiores supoñen máis da cuarta parte do total da poboación maior de dez anos; resultando esta porcentaxe máis positiva de todos os concellos do seu contorno. Do mesmo xeito, a taxa de individuos que non saben ler nin escribir é moi baixa. Aínda así o que predomina neste concello son os suxeitos con estudos inferiores ó graduado escolar, que acadan porcentaxes elevadas, ó igual que nos concellos dos arredores; isto débese a que hai moita poboación adulta que recibiu escasa formación porque esta non era accesible a todos os individuos e primaba, ademais, a búsqueda de empregos que esixían pouca cualificación.

**Figura 33. Porcentaxe de poboación segundo a súa formación, 1996**

|           | Non sabe ler nin escribir | Titulación inferior ó graduado escolar | Graduado escolar | Bacharelato FP II e titulados superiores |
|-----------|---------------------------|--|------------------|--|
| Vigo      | 0,5 %                     | 48 %                                   | 24,1 %           | 27,3 %                                   |
| O Porriño | 1,59%                     | 54,50%                                 | 28,16%           | 7,72%                                    |
| Nigrán    | 1,62%                     | 50,11%                                 | 25,65%           | 22,59%                                   |
| Redondela | 2,30%                     | 44,47%                                 | 34,11%           | 19,11%                                   |

Fonte: IGE. Padrón 1996

**Figura 34. Poboación de máis de 10 anos segundo o nivel de estudos, 1999**

| Descrición estudos                   | Totais         |
|--------------------------------------|----------------|
| Non sabe ler nin escribir            | 1.565          |
| Estudios primarios                   | 127.650        |
| G. Escolar ou equivalente            | 53.787         |
| Formación Profesional 1º Grao        | 10.667         |
| Formación Profesional 2º Grao        | 10.526         |
| Bacharelato Superior                 | 35.020         |
| Titulación non universitaria 2º Grao | 1.487          |
| Titulación universitaria grao medio  | 12.307         |
| Titulación universitaria superior    | 13.327         |
| <b>Total</b>                         | <b>266.336</b> |

Fonte: Servicio de Estadística do Concello de Vigo. 1999

Dos datos proporcionados polo Concello extráense as mesmas conclusións, as maiores proporcións corresponden ós individuos que posúen estudos primarios ou Graduado Escolar, seguidos dos que posúen bacharelato superior e titulación universitaria superior. O feito de que ocupe o cuarto lugar a poboación con estudos universitarios redunda no xa constatado de que a poboación máis nova elixe continuar estudos superiores en proporción maior á que opta polos estudos de formación profesional.

Polo que respecta á cualificación profesional observamos que Vigo presenta porcentaxes semellantes a O Porriño en canto ós individuos empregados en postos de traballo de xerencia e alta dirección, epígrafe que acolle maior porcentaxe en Nigrán. A poboación con profesións de técnicos superiores e medios resulta ser máis elevada no concello de Vigo ca no resto dos municipios que o rodean, probablemente debido á estrutura dos sectores económicos predominantes na cidade.





**Figura 35. Porcentaxe de poboación ocupada segundo a súa cualificación profesional, 1996**

|           | Alta dirección e xerencia | Técnico superior e de apoio | Traballador cualificado | Traballador non cualificado |
|-----------|---------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| Vigo      | 8,9%                      | 22,74%                      | 57,19%                  | 10,49%                      |
| O Porriño | 8,97%                     | 8,71%                       | 67,82%                  | 13,64%                      |
| Nigrán    | 13,05%                    | 17,27%                      | 60,39%                  | 9,08%                       |
| Redondela | 3,9%                      | 8,74%                       | 71,26%                  | 15,5%                       |

Fonte: IGE. Padrón 1996

## 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL

A Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo divide a súa xestión en Servicios Sociais de Atención Primaria e Atención Especializada.

En canto ós primeiros, a Concellería conta cun Servizo de Información e Orientación que ten como obxectivos informar ós cidadáns sobre os recursos existentes en materia de servizos sociais. Presta o seu servizo nas oito Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) existentes na cidade, tanto no Concello como nos locais de Coia, Casco Vello, Teis, Lavadores e Rivera Atienza. Este servizo encárgase da tramitación de axudas da Administración Autonómica para o RISGA, as emerxencias sociais ou as pensións non contributivas. Así mesmo, existe un Servizo de Axuda a Domicilio que ten como función principal prestar a axuda demandada directamente no domicilio do beneficiario. En tres anos o número de usuarios do SAD aumentou nun 50%.

En canto ós servizos sociais de Atención especializada hai que destacar que estes destínanse a colectivos específicos con problemáticas diversas:

- a) Infancia: Facilitanse medios para a compra de libros, material escolar e bolsas de comedor, sempre que as familias teñan ingresos baixos, de xeito que se potencia a igualdade de oportunidades dos menores e se favorece a súa integración plena na escola.
- b) Familia: Trátase dun programa dirixido a unidades familiares con problemas de marxinación, para mellorar as condicións de habitabilidade dos fogares, así como facilitar a comunicación e a existencia de normas de convivencia naqueles fogares que carezan delas.
- c) Maiores: Con este programa os maiores realizan actividades lúdicas demandadas como poden ser o baile, ó tempo que se pon en servizo o Teléfono do Maior, para resolverlles calquera problema que poidan ter. Así mesmo, desde o punto de vista asistencial púxose en marcha o Centro de Día para persoas maiores, dependente do servizo de Axuda a Domicilio.
- d) Discapacitados: Elimínanse as barreiras arquitectónicas e lévanse a fin accións tendentes a facilitar a vida cotiá ós incapacitados tanto físicos como psíquicos, como por exemplo: rebaixe dos bordos, microbús, eurotaxi, etc. Así mesmo esta Concellería asinou un convenio coa Asociación de Xordos para que os





discapacitados auditivos poidan contar cun intérprete da lingua de signos en reunións, consultas médicas, despachos profesionais, etc.

- e) Minorías: Cáritas asinou un convenio co Concello de Vigo para atender e previr a marxinação do pobo xitano. Neste senso realizase un labor informativo sobre os recursos sociais existentes.
- f) Outras colaboracións desde o Concello foron co Comedor da Esperanza, a Sociedade Católica San Vicente de Paúl, cos Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres e a Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado.
- g) Outros proxectos van encamiñados ós menores adolescentes co fin de evitar o absentismo e o fracaso escolar, ademais de educalos no ocio constructivo. Cáritas tamén asinou outro convenio co Concello para a prevención de drogodependencias.
- h) Entre as actividades que desenvolve o Departamento de Benestar Social están aquelas dirixidas ós inmigrantes e minorías para defender os seus dereitos e integración.

Contando con fondos europeos o Concello desenvolveu programas para reforzar a inserción social e laboral. Entre estes programas desenvolvidos podemos nomear:

- ✍ ITINERE: Para persoas en situación de exclusión social que son perceptoras de RISGA. Así mesmo, o Concello asinou un convenio coa Concellería de Sanidade para implantar un dispositivo de inserción laboral para persoas desfavorecidas beneficiarias do RISGA. As actividades que se desenvolveron foron cursos de formación, técnicas de busca activa de emprego, bolsas de traballo e colocación e seguimento de usuarios.
- ✍ GUIEIRO: Con el establécense liñas de cooperación encamiñadas ó apoio para o abandono dos dispositivos marxinais das persoas neles establecidos.
- ✍ ACHEGO: É un plan dirixido a facilitar a adaptación social, económica e profesional dos emigrantes retornados, inmigrantes e persoas ameazadas de exclusión.
- ✍ LIFE: Xorde coa finalidade de promover no barrio da Doblada un conxunto de intervencións que dinamicen a zona e estimulen iniciativas de inserción laboral para os residentes, detectando as bolsas de pobreza, integrando ó sector empresarial nos procesos de integración de colectivos vulnerables e prestando asesoramento.

## 6.- TECIDO ASOCIATIVO

No concello de Vigo a tipoloxía predominante de asociacionismo está relacionada co movemento veciñal e cultural. Destacan sobre todo as asociacións dedicadas a actividades culturais (39 asociacións). As asociacións veciñais constitúen o 50% do total do grupo no que se inclúen. Seguen en importancia as asociacións deportivas, feito motivado polas demandas da sociedade relacionadas co lecer e tempo libre, o que leva consigo a maior práctica deportiva.





Certa relevancia adquiren as asociacións asistenciais e de saúde, destacando sobre todo as dirixidas á intervención social como Cáritas ou Asociación de Alcohólicos rehabilitados; tamén destacan as referidas ás mulleres (26 asociacións) e as escolares.

Dentro das asociacións o Concello unha clasificación das mesmas por idade distinguidos aquelas dirixidas á mocidade (33 asociacións), á terceira idade (18) e as infantís.

**Figura 36. Asociacións non lucrativas no concello de Vigo**

| Tipoloxía  | Total | %    |
|--|-------|------|
| Asistencial e saúde  | 70    | 12,5 |
| Cultura e arte   | 102   | 18,2 |
| Deporte, ocio e tempo de lecer   | 86    | 15,3 |
| Educación e formación  | 46    | 8,2  |
| Laboral, sindical e profesional  | 21    | 3,7  |
| Paz, solidariedade internacional, dereitos humanos, marxinação social, valores, etc. | 39    | 7    |
| Protección e defensa do medio ambiente e dos animais domésticos                      | 11    | 2    |
| Sectorial poboación pola idade   | 52    | 9,2  |
| Sectorial poboación polo xénero e relación   | 35    | 6,2  |
| Veciñais, consumo e usuarios, sociocomunitarias, socioculturais                      | 102   | 18,2 |

Fonte: Directorio de organizacións non lucrativas. Concellería de Participación cidadá, Concello de Vigo. 1999

## 7.- A VIVENDA

O crecemento ou diminución das vivendas familiares é un indicador da perspectiva socioeconómica dun espazo. Vigo acada importantes taxas de incremento das vivendas entre os censos de 1981 e 1991, signo do crecemento demográfico e económico experimentado durante esa década. Aínda así, os datos doutros concellos limítrofes reflicten a tendencia ó asentamento no anel periurbano de Vigo, pois as porcentaxes de variación das vivendas construídas son maiores en concellos como O Porriño ou Nigrán.

No censo do ano 1991 observamos que o concello de Vigo é o que acada maior porcentaxe de vivendas principais, como corresponde a unha cidade na que os seus habitantes residen de xeito habitual, mentres as vivendas secundarias están localizadas noutros concellos costeiros ou máis rurais.

**Figura 37. Total de vivendas familiares , 1981 e 1991**

|           | Total vivendas familiares |            |             | Vivendas familiares ocupadas |            |             |
|-----------|---------------------------|------------|-------------|------------------------------|------------|-------------|
|           | Censo 1981                | Censo 1991 | % variación | Censo 1981                   | Censo 1991 | % variación |
| Vigo      | 89.252                    | 101.212    | 13,4        | 71.756                       | 85.033     | 18,5        |
| O Porriño | 3.880                     | 4.881      | 25,8        | 3.200                        | 3.816      | 19,2        |
| Nigrán    | 4.958                     | 7.583      | 52,9        | 4.121                        | 6.154      | 49,3        |
| Redondela | 8.617                     | 9.542      | 10,7        | 7.069                        | 7.839      | 10,8        |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1981 e 1991





**Figura 38. Total de vivendas familiares segundo o seu destino, 1991**

|           | Principais |      | Secundarias |      | Baleiras |      | Outras |      | Total   |
|-----------|------------|------|-------------|------|----------|------|--------|------|---------|
|           | Total      | %    | Total       | %    | Total    | %    | Total  | %    |         |
| Vigo      | 79.236     | 78,2 | 5.797       | 5,7  | 12.254   | 12,1 | 3.925  | 3,8  | 101.212 |
| O Porriño | 3.563      | 72,9 | 253         | 5,18 | 916      | 18,7 | 149    | 3,05 | 4.881   |
| Nigrán    | 3.809      | 50,2 | 2.345       | 30,9 | 614      | 8,09 | 815    | 10,7 | 7.583   |
| Redondela | 7.335      | 76,8 | 504         | 5,2  | 1.011    | 10,5 | 692    | 7,2  | 9.542   |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1991


## 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO

### Infraestructuras

#### Infraestructura viaria

A rede viaria principal de Vigo, eixe de conexión da cidade co exterior, está constituída pola autoestrada A-9, situada ó nordeste do núcleo urbano, pola estrada C-550 que atravesa o núcleo urbano e discorre paralela á costa en dirección nordeste-sudoeste e por unha vía de penetración en dirección sudeste-noroeste, a estrada N120 denominada Avenida de Madrid ó penetrar na cidade. Por todas elas, pero sobre todo pola Avenida de Madrid, prodúcese a maior parte das entradas, tránsitos e saídas do tráfico que atravesa Vigo, desde o tráfico local dos núcleos e as instalacións industriais periféricas ata o importante tráfico internacional xerado polas empresas establecidas no municipio.

**Figura 39. Principais vías de comunicación**



Fonte: Xerencia de Urbanismo. Concello de Vigo. 1993

Existen, ademais, outras dúas vías de menor importancia que serven de apoio destas comunicacións de enlace co exterior e canalizan o tráfico de carácter local e da rexión urbana: a estrada N-556 (Avenida de Peinador) e a estrada PO-330, de Vincios. Ultimamente abriuse ó tráfico o enlace Castrelos-CUVI e o enlace Avenida Madrid-Castrelos, formando este parte do primeiro cinto ou Vía de Circunvalación Sudeste, para desconxestión do tráfico do centro da cidade.

As últimas obras acometidas en materia de viais de saída e penetración na cidade son:

- Na autoestrada A-9 o tramo Rande-Puxeiros, funcionando, por unha banda, como cinto de circunvalación da cidade para o tráfico que procede do norte da comunidade autónoma e se dirixe a Tui-Portugal ou á autovía A-6 das Rías Baixas, e, pola outra, para o tráfico local como desconxestionador e acceso desde o enlace de Teis ó aeroporto de Peinador, Pazo de Exposicións de Cotogrande ou Puxeiros, co fin de enlazar posteriormente coa autovía de O Porriño.





- /// Autoestrada Puxeiros-Val Miñor: conecta esta bisbarra co concello de Vigo e permite que o tráfico procedente da A-9 cara a esta zona enlace directamente coa devandita autoestrada sen entrar en Vigo para logo tomar as estradas que parten desde aquí a Nigrán e Baiona.

Na actualidade xa se rematou o tramo Avenida de Citroen-Bouzas, do primeiro cinto de circunvalación. Ademais o Concello de Vigo ten subscritos convenios co Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia que recollen as seguintes actuacións futuras:

- /// Segundo cinto de circunvalación de Vigo.
- /// Estrada Seminario-Corredoira.


### Infraestructuras básicas

O subministro e distribución de auga no concello de Vigo está xestionado en réxime de concesión por Seragua-FFC.

A maioría das augas que surten a Vigo son de tipo superficial, procedentes dos encoros de Eiras e Zamáns, e, en menor medida, de augas subterráneas procedentes dos mananciais das parroquias de Bembrive, Beade e Presas.

As augas procedentes da presa de Eiras alimentan os depósitos do Casal que ten unha capacidade de 123.000 m<sup>3</sup>. As procedentes de Zamáns e os mananciais incorpóranse ós depósitos do Castro que teñen unha capacidade de 20.000 m<sup>3</sup>. Desde estes depósitos, que se atopan comunicados, distribúese a auga polas conductiones principais por gravidade ou a través de 5 bombeos a 15 depósitos reguladores de menor capacidade.

**Figura 40. Rede de abastecemento de augas**



Fonte: Xerencia de Urbanismo, Concello de Vigo. 1993

As fontes de subministro de auga ó concello están a sufrir a presión do crecemento da rexión urbana, pois a falta de instalacións de captación e tratamento de auga con garantía de potabilidade nalgúns concellos próximos fai derivar ás infraestructuras de Vigo as necesidades de abastecemento das poboacións limítrofes. É por isto que existen ramais para o abastecemento de augas desde a rede de Vigo a Cangas, Moaña, Chapela e Nigrán.

O concello de Vigo orientou a súa actuación para a ampliación do aproveitamento do recurso actual do encoro de Eiras ata o máximo posible, 3.000 l/seg. Este caudal, que en principio sería suficiente para satisfacer as necesidades do concello de Vigo ata o ano 2015, só permitirá abastecer a tódolos concellos da súa mancomunidade ata o ano 2000. Polo tanto, farase necesario acometer obras de carácter supramunicipal que permitan ampliar o recurso.





A rede de distribución de enerxía eléctrica no concello de Vigo está integrada por unha serie de liñas eléctricas de transporte, distribución e os sistemas de transformación (subestacións eléctricas e centros de transformación) que ofrece FENOSA. Existen tres subestacións de transformación situadas no Troncal, Sárdoma e Balaidos, desde onde parte a rede de media tensión que subministra enerxía ós centros de transformación.

En canto á rede de abastecemento do gas o Concello de Vigo ten subscrito un convenio con Gas Galicia SDG S.A. para a introducción, promoción e desenvolvemento combinado do servizo de gas canalizado para usos domésticos, comerciais e pequena industria no termo municipal de Vigo.

A rede telefónica de Vigo conta con 8 centrais conectadas con conducións de fibra óptica e cables coaxiais. Conta con dúas antenas repetidoras situadas no Calvario e en Pedra Cabalaria que dan servizo á telefonía móbil automática (TMA).

O saneamento das augas residuais da cidade atópase recollido no Plan Especial de Saneamento Integral de Vigo (P.E.S.I.V.). Está constituído pola rede de sumidoiros e polo sistema de depuración das augas residuais. A primeira contempla a recollida de augas residuais e pluviais e o seu transporte ós puntos de tratamento e verquido. A segunda, a devolución ós cauces receptores convenientemente depuradas.


No concello existen cinco concas principais. Dúas delas ocupan o 68% da súa superficie e o 96% dos habitantes. Ó norte atópase a conca de Teis, de estrutura mixta urbano-rural e as dúas restantes, Coruxo, Oia e Saiáns, no extremo oeste, por unha parte, e Zamáns ó sur pola outra, teñen unha estrutura fundamentalmente rural.

As alternativas para o saneamento no concello de Vigo esquematízanse da seguinte maneira:

- /// Depuración principal na desembocadura do río Lagares, na que converxen os sistemas xerais da ría e do Lagares, a onde se impulsan tamén os verquidos conxuntos do Coruxo-Canido.
- /// Depuracións nas subconcas de Teis e Zamáns, coas súas correspondentes redes de colectores.
- /// Tratamentos autónomos de baixa tecnoloxía (fosas sépticas, individuais ou colectivas, microrredes, etc) para as restantes áreas, máis afastadas ou dispersas.

A Depuradora do Lagares recolle a inmensa maioría dos verquidos urbanos e industriais da ría e do Lagares e así convértese no principal protagonista do Plan Especial de Saneamento, xunto cos dous Colectores de marxe. A depuradora ten capacidade para depurar o consumido por 325.000 habitantes, cunha dotación de 300 l/hab/día,

**Figura 41. Mapa de saneamento**



Fonte: Xerencia de Urbanismo, Concello de Vigo. 1993







deixando espacio para aumentar no futuro a súa capacidade. A depuradora de Teis, con capacidade para 17.000 habitantes prevé a súa ampliación para un futuro de 25.000 habitantes. A depuradora de Zamáns prevese para 8.000 habitantes actuais e 12.000 futuros.

#### Solo empresarial

No concello existe solo industrial xa consolidado nas zonas de Sárdoma, Lavadores e O Caramuxo. Por outra banda o Consorcio da Zona Franca de Vigo dispón de dúas superficies específicas para o desenvolvemento do comercio internacional exento de aranceis e impostos: o polígono de Balaídos e a zona franca comercial de Bouzas.

A área de Balaídos constitúe o asentamento orixinal do Consorcio, leva funcionando desde finais dos anos 50 e posúe 1.000.000 m<sup>2</sup>. Este é o maior polígono industrial da cidade e nel están radicadas empresas tales como Citroen-Hispania, que ocupa unha superficie de 635.000 m<sup>2</sup>, e GKN-Indugasa. O polígono dispón de almacéns xerais, cunha superficie cuberta de 30.000 m<sup>2</sup> destinados principalmente a industrias relacionadas co sector do automóbil, ademais de alberga-la sede da empresa de capital-risco Vigo Activo. Este polígono dá emprego directo a aproximadamente 10.000 traballadores e, indirectamente, a uns 20.000.

A zona franca comercial de Bouzas dispón de 144.000 m<sup>2</sup> situados á beira do porto de Vigo. Deles, 75.000 m<sup>2</sup> están descubertos e preparados para grandes volumes de carga e 24.637 m<sup>2</sup> están cubertos e divididos en dúas naves. Ademais conta con zonas de almacenaxe, servicios de alfándega, oficinas para aluguer e sala de exposicións.

En colaboración co Concello de Vigo o Consorcio da Zona Franca ten previsto levar a cabo o Parque Tecnolóxico de Vigo para dar saída ás demandas empresariais de creación de solo equipado para a instalación destas. Este parque terá unha superficie de 875.000 m<sup>2</sup> e contará cun Centro de Innovación de 61.000 m<sup>2</sup>, unha Central de Intercambio de Mercadorías de 325.000 m<sup>2</sup> e solo empresarial propiamente dito, para a instalación de empresas de alto valor engadido, nunha superficie de 146.800 m<sup>2</sup>.

No Centro de Innovación desenvolveranse as actividades relacionadas coas novas tecnoloxías e nel haberá instalacións para centro de formación, laboratorios e centros de investigación, departamentos de I+D, incubadora de empresas e servicios centrais do parque.

A Central de Intercambio de Mercadorías e Actividades Loxísticas de Vigo permitirá o traslado das instalacións das empresas de transporte a un lugar ben conectado e dotado dos medios necesarios para as tripulacións, os vehículos e o tratamento loxístico das mercadorías.

#### Servicios e equipamentos

**Figura 42. Servicios existentes no concello**

| SANIDADE          |    |                        |   |                      |   |                     |    |                    |       |
|-------------------|----|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|----|--------------------|-------|
| Atención Primaria | 11 | Centros especializados | 3 | Centros de urxencias | 2 | Hospitais (centros) | 16 | Capacidade (camas) | 2.828 |





| ENSINO             |    |                    |   |                         |    |                    |    |            |    |
|--------------------|----|--------------------|---|-------------------------|----|--------------------|----|------------|----|
| Educación infantil | 16 | Educación primaria | 5 | Ed. infantil e primaria | 90 | Centros secundaria | 50 | Centros FP | 18 |

| DEPORTES           |    |
|--------------------|----|
| Centros deportivos | 31 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |     |               |     |
|-----------------------|-----|---------------|-----|
| Bancos                | 163 | Caixas aforro | 105 |

| HOSTELERÍA |    |         |    |         |   |                   |     |              |       |
|------------|----|---------|----|---------|---|-------------------|-----|--------------|-------|
| Hotéis     | 31 | Hostais | 51 | Camping | 3 | Outras categorías | 118 | Total prazas | 6.594 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### Patrimonio Histórico - Artístico

Neste apartado non podemos esquecer facer referencia ó pasado máis antergo de Vigo pois os restos arqueolóxicos fálannos dunha importante ocupación humana sobre este territorio. Os achados arqueolóxicos ata agora descubertos pertencen ás épocas paleolítica, megalítica, castrexa e romana. Existen restos xa catalogados no Museo Municipal Quiñones de León pertencentes ó paleolítico, mesolítico, e período da romanización, pero o máis salientable é que aínda hai numerosos depósitos por estudar e que nos últimos anos fixéronse descubrimentos importantes, como as escavacións da rúa Hospital ou os recentes achados no casco histórico.

Na seguinte figura destacamos algúns dos restos arqueolóxicos que se atopan polo concello de Vigo:

**Figura 43. Restos arqueolóxicos atopados en Vigo**

| Época/cultura      | Achados   |
|--------------------|---|
| Paleolítico        | Bifaces atopados en Bouzas, Comesaña, Coruxo, Teis.   |
| Cultura megalítica | Dólmenes en Candeán, Bembrive, Valadares.   |
| Calcolítico        | Cerámicas en Coruxo, petroglifos en Matamá, Coruxo  |
| Idade do Bronce    | Petroglifos en todo o concello e machados en Saiáns.  |
| Idade do Ferro     | Poboados castrexos (27 escavados en todo o concello).   |
| Romanización       | Vilas romanas en Toralla e praia do Cocho, salgazóns do Fiunchal, xacementos urbanos nas rúas Hospital-Areal. |

Fonte: Departamento de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo. 1993

Da época medieval hai que salientar en Vigo algúns exemplos de arquitectura relixiosa, estes son as igrexas románicas de Santiago de Bembrive e San Salvador de Coruxo, do século XII, e a de Santa María de Castrelos, de principios do século XIII. Ademais, existen pontes medievais en Castrelos e Sárdoma; a





primeira converteuse nun monumento morto posto que a desviación do leito do río Lagares deixouna sen a súa función primordial. A ponte de Sárdoma, pola contra, aínda continúa exercendo o seu labor de paso.

Da arquitectura barroca os exemplos máis sobresaíntes son as construcións pacegas, residencias da fidalguía galega no ámbito rural. En Vigo hai cinco exemplos catalogados neste estilo; no parque de Castrelos atópase o máis representativo, o Pazo Quiñones de León, edificación levantada no ano 1670 e posteriormente reformada. Nesta mestúranse a tradición arquitectónica pacega autóctona de torres de defensa coa inspiración dos palacios urbanos renacentistas, ademais destacan os seus xardíns de influencia francesa. Hoxe en día o Pazo de Castrelos é a sede do Museo Municipal, gracias á doazón que D. Fernando Quiñones de León fixo no ano 1925 desta finca e edificación ó Concello de Vigo, para deleite público e destinado a museo de arte. O museo abre as súas portas no ano 1937 cos fondos pictóricos e decorativos legados por Policarpo Sanz, un depósito do Museo do Prado e as primeiras obras adquiridas da colección de arte galego.



*Pazo de Quiñónez de León*

Dentro do centro histórico localízanse os dous edificios civís de cronoloxía máis antiga da cidade de Vigo, a Casa de Ceta ou de Arines e a súa contigua que datan da época renacentista. Pero os mellores exemplos da arquitectura civil viguesa son de épocas máis recentes, cando a burguesía decimonónica quixo resalta-la súa opulencia nos diferentes estilos arquitectónicos das edificacións do ensanche da cidade, todas elas construídas cunha base granítica solemne e harmoniosa. Exemplos disto son os edificios da rúa Areal, algúns deles aínda conservados e rehabilitados hoxe en día como o actual Rectorado da Universidade de Vigo. As principais rúas do devandito ensanche conservan excelentes exemplos da arquitectura de Jenaro de la Fuente e de Pacewicz, arquitectos que deseñaron nun estilo ecléctico relacionado co Segundo Imperio Parisino, destacando a suntuosa decoración clasicista dos seus edificios (edificio Bonín, casa de Manuel Bárcena, casa Pardo Labarta, Hotel Moderno,...). Pacewicz decántase tamén pola arquitectura historicista neomedieval en edificios como a Escola de Artes e Oficios (hoxe sé da Universidade Popular). Dentro do estilo modernista, arquitectos como Gómez Román ou Franco Montes incluíron elementos ornamentais nas fachadas de edificios como o Simeón ou a casa Mulder en Montero Ríos.

Do arquitecto galego Antonio Palacios hai en Vigo unha boa representación no edificio Teatro García Barbón, de estilo ecléctico academicista; do estilo rexionalista, caracterizado pola procura de elementos ornamentais barrocos dos pazos e de placas, construíu este arquitecto en Vigo o Mosteiro inacabado das Salesas Reais.





## Inventario do Patrimonio Histórico – Artístico

### a) Patrimonio arquitectónico civil

#### *Pazos e casas*

- /// Pazo de Castrelos
- /// Pazo da Pastora
- /// Pazo da Raposeira
- /// Pazo de Rivera
- /// Pazo de San Roque
- /// Casa Simeón
- /// Casa Arias Taboada
- /// Casa dos Cabral
- /// Casa de Grades ou da Inquisición
- /// Cine Fraga
- /// Escola Artes e Oficios
- /// Finca Miramar
- /// Fogar de San Xosé (convento de San Francisco)
- /// Casa rúa Paseo Alfonso, 21
- /// Casa Porta do Sol, 11
- /// Casa rúa Castelar, 9
- /// Casa rúa Colón, 25
- /// Casa rúa Colón, 29
- /// Casa rúa Colón, 30
- /// Casa rúa Colón, 31
- /// Casa rúa Elduayen, 4
- /// Edificio Bonín, rúa Areal
- /// Goberno Militar de Vigo, rúa Areal
- /// Antigo Hotel Moderno, rúa Policarpo Sanz
- /// Teatro García Barbón
- /// Casa El Pilar, rúa López Mora
- /// Casa rúa Joaquín Yáñez, 5
- /// Casa rúa Joaquín Yáñez, 6
- /// Casa vivendas rúa Urzáiz, 11
- /// Casa vivendas rúa Urzáiz, 16
- /// Casa vivendas rúa Urzáiz, 26
- /// Casa vivendas rúa Urzáiz, 28
- /// Casa Praza de Almeida, 1
- /// Casa Praza de Almeida, 2
- /// Casa Praza Compostela, 14
- /// Casa Praza Compostela, 19-20
- /// Casa Praza Compostela, 24
- /// Casa Praza Compostela, 31-32- 33



*Edificio Bonín*

- /// Antigo Banco Occidental.
- /// Banco de Galicia.
- /// Casa rúa Montero Ríos, 2
- /// Casa rúa Montero Ríos, 6
- /// Casa rúa Montero Ríos, 22
- /// Casa rúa Montero Ríos, 30-32, 38
- /// Casa rúa Pi i Margall, 19
- /// Casa Banco Popular Español
- /// Banco Pastor, rúa Policarpo Sanz
- /// Casa rúa Policarpo Sanz, 26
- /// BBV, rúa Policarpo Sanz
- /// Casa Banco Español de Crédito
- /// Casa rúa Real, 7
- /// Casa rúa Real, 15
- /// Casa rúa Real, 33
- /// Edificio Bankinter, rúa Urzáiz
- /// Casa vivendas rúa Urzáiz, 1





#### *Pontes e viaductos*

- /// Ponte medieval de Castrelos
- /// Ponte medieval de Sárdoma

#### *Arquitectura militar defensiva*

- /// Fortaleza do Castro
- /// Restos do Castelo de San Sebastián

#### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

##### *Igrexas, capelas e ermidas*

- |                                    |   |
|------------------------------------|---|
| /// Igrexa de Santiago de Bembrive | /// Igrexa parroquial de Castrelos            |
| /// Concatedral de Santa María     | /// Igrexa parroquial de Comesaña             |
| /// Capela de Bouzas               | /// Igrexa parroquial de Freixeiro            |
| /// Capela de San Amaro            | /// Igrexa parroquial de Lavadores            |
| /// Capela do Vao                  | /// Igrexa parroquial de Matamá               |
| /// Capela dos Liñares en Oia      | /// Igrexa parroquial de San Paio de Navia    |
| /// Capela de San Xurxo en Saiáns  | /// Igrexa parroquial de San Miguel de Oia    |
| /// Capela da Nosa Señora da Guía  | /// Igrexa parroquial de Sárdoma              |
| /// Convento das Salesas en Teis   | /// Igrexa parroquial de Teis                 |
| /// Igrexa parroquial de Alcabre   | /// Igrexa parroquial de Valadares            |
| /// Igrexa parroquial de Beade     | /// Igrexa parroquial de Coruxo               |
| /// Igrexa parroquial de Bembrive  | /// Igrexa parroquial de Zamáns               |
| /// Igrexa parroquial de Bouzas    | /// Igrexa de San Francisco                   |
| /// Igrexa parroquial de Cabral    | /// Igrexa parroquial de Nosa Señora do Carme |
| /// Igrexa parroquial de Candeán   |   |

#### c) Patrimonio etnográfico

No Concello de Vigo o Departamento de Patrimonio Histórico ten catalogadas as arquitecturas adxectivas (hórreos, fornos, lagares, etc.), as construcións para auga (muíños, fontes, lavadoiros,...), as construcións relixiosas (capelas, igrexas, cruceiros, cruces e petos de ánimas) e as construcións nobres. Do patrimonio etnográfico resulta imposible reproducir aquí a caracterización de cada unha desas construcións, pola abundosa información recollida no catálogo do Concello. Daquela faise unha síntese do máis representativo.

En Vigo hai 1.744 hórreos inventariados considerados como elementos inmobles de interese etnográfico, dos que 343 son de pedra, 1.247 mixtos e 154 de madeira. Estas cifras reflicten a importancia que aínda teñen estas construcións no medio periurbano do concello, polo usos agrarios aínda vixentes.

En canto ós muíños destacaremos, pola escaseza desta tipoloxía no territorio vigués, os de vento; un exemplo deste tipo localízase na parroquia de Navia, no lugar chamado da Torre, onde quedan os restos dos muros de cachotería do que foi un vello muíño de aspas construído no século XIX. Máis numerosos son os muíños de auga, dos que no



*Cruceiro do adro da igrexa de Coruxo*





concello hai catalogados 250 espallados por todo o territorio, ás beiras de regatos e ríos. Un dos exemplares máis interesantes da comarca é a Casa-muíño de Maquías, na parroquia de Zamáns.

Dos 46 exemplares de cruceiros catalogados en Vigo destacamos o Cruceiro de Cacheno en Bembrive, o Cruceiro Vello de Bouzas, o Cruceiro do adro da igrexa de Coruxo e o Cruceiro da Costa en Castrelos (data de 1641 e constitúe un dos exemplares máis antigos de Vigo). Dos 9 petos de ánimas catalogados en Vigo un dos máis monumentais é o peto de ánimas de Teis, de gran calidade artística e narrativa.

## 9.- CULTURA POPULAR

As manifestacións festivas máis salientables no concello de Vigo son, con carácter relixioso, a Procesión do Cristo da Victoria, a celebrar o primeiro domingo de agosto e as festas patronais de San Roque, a mediados do mesmo mes. Estas dúas celebracións enmarcan os festexos de verán do concello, que integran actuacións musicais e diversos acontecementos culturais nesa quincena. Con carácter profano celébrase a Festa da Reconquista, o día 28 de marzo, para conmemorar a victoria sobre os franceses logo de que estes tomasen a vila no ano 1809.

Teñen unha gran repercusión as festas patronais de cada parroquia, celebradas sobre todo en época estival; entre todas elas destacan, pola súa tradición, a festa do pan de millo en Cabral, a festa da cereixa en Beade ou o San Brais de Bembrive.

Entre as exaltacións gastronómicas salientan a parte das xa mencionadas nas parroquias, a festa da sardiña, que ten carácter municipal e celébrase tamén no mes de agosto.







III.ZONA SUR

ZONA SUR  
ZONA SUR










## 1.- ÁMBITO TERRITORIAL


Os concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño conforman, dentro da Mancomunidade de Vigo a área máis meridional se temos en conta o centro constituído polo concello rector, Vigo.

Mos, O Porriño e Salceda de Caselas están encadrados na comarca de Vigo, mentres Salvaterra de Miño pertence á comarca do Condado. O Porriño limita co concello de Mos ó norte, ó leste con Pontearreas e Salceda, ó oeste con Gondomar e o sur con Tui e Salceda de Caselas; o seu territorio está fortemente marcado polas formacións graníticas que inciden no seu desenvolvemento económico e polo val central que o atravesa, o val da Louriña, polo que discorren as principais vías de comunicación. A altitude máxima acádase no monte Galiñeiro, con 702 metros.

**Figura 44. Relevo e rede fluvial da zona sur**



Fonte: Elaboración propia



Val da Louriña

Salceda de Caselas limita ó norte con Pontearreas, ó sur co concello de Tui, ó leste con Salvaterra de Miño e Pontearreas e no oeste con O Porriño e Tui; as altitudes dos seus macizos máis destacados rondan os 400 metros; os ríos que bañan o seu territorio pertencen á cunca do río Miño. Pola súa banda, Salvaterra de Miño limita ó sur co Miño, ó norte con Pontearreas, no leste As Neves e no oeste con Salceda de Caselas. O relevo é máis suave e os ríos Miño e Tea condicionan o espazo e as actividades humanas.

En canto a Mos, sinalar que se tomamos como referencia as comarcas naturais, o seu territorio forma a Louriña, pois por el discorre o río Louro, a canle que dá lugar ó val que se espalla máis ó sur no concello de O Porriño. Pola súa proximidade a Vigo e as fortes relacións que mantén con este concello, Mos foi incluído, dentro do Plan de Comarcalización da Xunta de Galicia, na comarca de Vigo. Limita ó norte cos concellos de Vigo e Redondela, ó sur co de O Porriño, no extremo oriental con Pontearreas e no occidental con Vigo.

A maioría do territorio de Mos presenta escasa altitude, por debaixo dos 200 metros, debido ás terras chás que forman a fosa tectónica que o atravesa. A pesar desta topografía baixa que percorre o territorio de norte





a sur, existen dúas zonas montañosas acentuadas nos extremos oriental e occidental, que acadan os 500 metros nas proximidades da Serra do Galiñeiro e algo máis de 700 metros no extremo nororiental.

**Figura 45. Superficie dos concellos da zona sur**

Os concellos desta zona subleste da Mancomunidade supoñen case a cuarta parte da superficie total desta, sendo O Porriño e Salvaterra os de maior extensión. Son concellos cun territorio inferior á media galega e á da provincia de Pontevedra. As 42 parroquias destes catro concellos están constituídas por 527 entidades espalladas por todo o espacio de xeito que organizan un hábitat disperso.

| Concello   | Superficie (km <sup>2</sup> ) | % sobre MAIV | Parroquias |
|------------|-------------------------------|--------------|------------|
| Mos        | 50,8                          | 7,7          | 10         |
| O Porriño  | 59,2                          | 9            | 8          |
| Salceda    | 31,7                          | 4,8          | 7          |
| Salvaterra | 58,0                          | 8,8          | 17         |

Fonte: Fariña Jamardo, Os concellos galegos. 1991

**Figura 46. Parroquias e entidades de poboación dos concellos da zona sur**

| Concello           | Parroquias        | Entidades | Extensión (km <sup>2</sup> ) |
|--------------------|-------------------|-----------|------------------------------|
| Mos                | Cela              | 8         | 6,8                          |
| Mos                | Dornelas          | 4         | 4,3                          |
| Mos                | Guizán            | 6         | 1,8                          |
| Mos                | Louredo           | 11        | 8,1                          |
| Mos                | Mos               | 10        | 10,6                         |
| Mos                | Pereiras          | 7         | 3,10                         |
| Mos                | Petelos           | 8         | 1,8                          |
| Mos                | Sanguinada        | 8         | 3,1                          |
| Mos                | Tameiga           | 9         | 8,1                          |
| Mos                | Torroso           | 13        | 3,1                          |
| Mos                | Total             | 84        | 50,8                         |
| O Porriño          | Atios             | 17        | 9,3                          |
| O Porriño          | Budiño            | 25        | 1,5                          |
| O Porriño          | Cans              | 8         | 5                            |
| O Porriño          | Chenlo            | 17        | 10                           |
| O Porriño          | Mosende           | 14        | 4,3                          |
| O Porriño          | Pontellas         | 15        | 10                           |
| O Porriño          | O Porriño         | 10        | 2,5                          |
| O Porriño          | Torneiros         | 8         | 3,1                          |
| O Porriño          | Total             | 114       | 59,2                         |
| Salceda de Caselas | Budiño            | 13        | 4,3                          |
| Salceda de Caselas | Entenza           | 20        | 5,6                          |
| Salceda de Caselas | Parderrubias      | 10        | 3,7                          |
| Salceda de Caselas | Picoña            | 11        | 5                            |
| Salceda de Caselas | Salceda           | 7         | 2,5                          |
| Salceda de Caselas | Salceda (Capital) | 23        | 5,6                          |
| Salceda de Caselas | Soutelo           | 9         | 5                            |
| Salceda de Caselas | Total             | 93        | 31,7                         |
| Salvaterra de Miño | Alxán             | 17        | 4,3                          |
| Salvaterra de Miño | Arantei           | 13        | 1,8                          |
| Salvaterra de Miño | Cabreira          | 22        | 1,8                          |





**Figura 46 bis. Parroquias e entidades de poboación dos concellos da zona sur**

|                   |                     |     |     |
|-------------------|---------------------|-----|-----|
| Salvterra de Miño | Corzáns             | 16  | 1,8 |
| Salvterra de Miño | Fiolledo            | 5   | 1,9 |
| Salvterra de Miño | Fornelos            | 16  | 4,3 |
| Salvterra de Miño | Leirado             | 20  | 5,6 |
| Salvterra de Miño | Lira                | 16  | 3,1 |
| Salvterra de Miño | Lourido             | 7   | 3,1 |
| Salvterra de Miño | Meder               | 19  | 3,7 |
| Salvterra de Miño | Oleiros             | 11  | 5   |
| Salvterra de Miño | Pesqueiras          | 11  | 3,1 |
| Salvterra de Miño | Porto               | 13  | 3,7 |
| Salvterra de Miño | Salvterra (Capital) | 26  | 8,7 |
| Salvterra de Miño | Soutolobre          | 7   | 1,2 |
| Salvterra de Miño | Uma                 | 9   | 3,1 |
| Salvterra de Miño | Vilacoba            | 8   | 1,8 |
| Salvterra de Miño | Total               | 236 | 58  |


Fonte: Fariña Jamardo, *Os concellos galegos*. 1991

Os usos do solo predominantes neste espacio son os asociados ó monte (aproveitamentos mixtos de coníferas e eucalipto) nas zonas máis elevadas e ó labor en zonas de pastizais asociado ás pequenas leiras familiares de autoconsumo, como é típico nunha área de forte poboamento como esta. Ademais aparecen con certa relevancia os cultivos de arbores froiteiras en parroquias do concello de Salceda de Caselas. Por outra banda, os solos improductivos aparecen nas zonas de explotación canteira de O Porriño e Salceda ademais da zona do polígono industrial de O Porriño. En Mos a superficie forestal reduce as súas especies a piñeiros e mistura de masas de eucalipto e piñeiro.

## 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA


Para o estudo do futuro socioeconómico da zona subleste da Mancomunidade é imprescindible,

**Figura 47. Usos do solo na zona sur**



Fonte: Elaboración propia

**Figura 48. Distribución dos asentamentos**



Fonte: Elaboración propia





como para calquera área, óñece-la evolución da poboación pois o crecemento ou devalo é signo de prosperidade ou depresión.


É significativo salientar que o concello que máis crece desde 1960, época do despegue económico do noso país, é o do O Porriño, ademais de se-lo único destes catro que mantén unha tendencia positiva ata 1998, último dato demográfico dispoñible.

**Figura 49. Evolución da poboación**

| Anos      | Mos    | O Porriño | Salceda | Salvaterra |
|-----------|--------|-----------|---------|------------|
| 1960      | 10.014 | 9.128     | 4.737   | 9.266      |
| 1970      | 11.183 | 10.044    | 5.036   | 8.093      |
| 1981      | 13.102 | 13.517    | 5.618   | 8.675      |
| 1986      | 13.593 | 14.713    | 5.787   | 8.759      |
| 1991      | 13.340 | 15.093    | 5.696   | 8.252      |
| 1996      | 13.755 | 15.749    | 6.074   | 8.778      |
| 1998      | 13.704 | 15.812    | 6.009   | 8.589      |
| 1998-1960 | 3.690  | 6.684     | 1.272   | -677       |

Fonte: IGE.

**Figura 50. Evolución da poboación 1960-1998**



Fonte: IGE.

Hai que ter en conta que O Porriño podemos consideralo como cabeceira dos catro concellos, núcleo de gran dinamismo económico, xunto con Mos, debido á localización, desde os anos 60, do Polo de Desenvolvemento das Gándaras de Budiño, convertido hoxe en día nun dos parques empresariais mellor dotado de Galicia e un dos máis importantes polo volume de actividade empresarial. Ademais, este concello acolle poboación que se despraza diariamente a Vigo a traballar, por estar situado moi preto desta área urbana e ter boas comunicacións con ela.

Pola contra Salvaterra e Salceda experimentaron un lixeiro crecemento demográfico entre 1970 e 1986 pero esta tendencia invírtese na década dos anos noventa. A devandita evolución amosa a tendencia á concentración da poboación nos núcleos máis dinámicos e urbanos do contorno da área de Vigo e a perda demográfica dos máis rurais.

**Figura 51. Densidade de poboación**

|            | Poboación 1998 | Superficie Km <sup>2</sup> | Densidade(hab/km <sup>2</sup> ) |
|------------|----------------|----------------------------|---------------------------------|
| Mos        | 13.704         | 53,2                       | 257,6                           |
| O Porriño  | 15.812         | 59,2                       | 267                             |
| Salceda    | 6.009          | 31,7                       | 189,5                           |
| Salvaterra | 8.589          | 58                         | 148                             |

Fonte: Elaboración propia


En canto á densidade de poboación hai que destacar que O Porriño conta con 267 hab/Km<sup>2</sup>, a maior desta zona subleste, máis semellante ás densidades dos concellos máis desenvolvidos da Mancomunidade e que forman o anel de crecemento da cidade de Vigo. O Porriño é, xunto a Nigrán, Gondomar e Redondela un concello no que se están a instalar moitos habitantes procedentes de Vigo que buscan vivir preto da gran cidade pero en espazos de maior tranquilidade e calidade de vida; este é un dos factores que incide no incremento das densidades demográficas. Todos eles posúen unha dinámica económica en expansión.





Se analizámos a estrutura por idades tamén atopamos unha dicotomía entre os concellos do O Porriño e Mos por unha banda e os de Salceda e Salvaterra pola outra, no senso de que é O Porriño e Mos contan cunha estrutura de poboación máis moza. Así o tramo de idades de 0 a 15 anos supón o 19,5% e 17% respectivamente mentres que en Salvaterra non acadada o 18%; de 15 a 25 anos conta O Porriño cun 19,3% o que supón dous puntos por enriba de Salvaterra, concello que presenta, dentro deste conxunto, a estrutura por idades máis negativa, achegándose ó 17% no tramo de poboación de máis de 65 anos, moi afastado do Porriño ou Salceda, co 10% e 14% respectivamente.

**Figura 52. Distribución da poboación por grupos de idade, 1996**



Fonte: IGE. Padrón 1996

**Figura 53. Estructura da poboación por idades en números absolutos e porcentaxes**

|                      | 0-15 anos                     | 15 a 64 anos                  |                                | 65 e máis anos                | Total 1996    | Total 1998    |
|----------------------|-------------------------------|-------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|---------------|---------------|
|                      |                               | 15-25                         | 26-64                          |                               |               |               |
| Mos                  | 2.284<br>16,6%                | 2.632<br>19,1%                | 7.028<br>51,1%                 | 1.811<br>13,2%                | 13.755        | 13.704        |
| O Porriño            | 3.085<br>19,5%                | 3.038<br>19,29%               | 7.942<br>50,42%                | 1.684<br>10,69%               | 15.749        | 15.812        |
| Salceda              | 1.101<br>18,12%               | 1.075<br>17,69%               | 3.043<br>50,09%                | 855<br>14,07%                 | 6.074         | 6.009         |
| Salvaterra           | 1.569<br>17,87%               | 1.524<br>17,36%               | 4.180<br>47,61%                | 1.505<br>17,14%               | 8.778         | 8.589         |
| <b>Zona subleste</b> | <b>5.755</b><br><b>18,80%</b> | <b>5.637</b><br><b>18,42%</b> | <b>15.165</b><br><b>49,55%</b> | <b>4.044</b><br><b>13,21%</b> | <b>30.601</b> | <b>30.410</b> |

Fonte: IGE. Padrón 1996 e Revisión do Censo 1998


Concluimos, pois, que os concellos de Salceda e Salvaterra presentan unha estrutura poboacional avellentada, con porcentaxes elevadas de individuos de máis de 65 anos, que vai redundar na problemática de servizos sociais para os maiores que máis adiante se analiza. É importante destacar tamén que O Porriño conta coa maior porcentaxe de poboación entre 0 e 25 anos de toda a Mancomunidade, é polo tanto o concello de poboación máis nova da MAIV.

Verbo das pirámides de poboación dos catro concellos hai que salientar o brusco corte que se produce na poboación de 15 a 19 anos cara á base da pirámide, é dicir nótase a forte diminución de nacementos desde principios da década dos 80, o que ocasiona unha forma invertida na base da pirámide, por outro lado característica de calquera poboación do noso contorno da Europa desenvolvida. En xeral, presentan unha forma campaniforme típica de estrutura avellentada; é salientable a muesca que aparece na cohorte de 55 a 59 anos, que son os individuos nados en torno ós anos 1935 a 1940, reflicte o devalo de nacementos da guerra civil española.





Figura 54. Pirámides de poboación dos concellos da zona sur



Fonte: IGE. Padrón 1996

A impronta da emigración tamén se deixa notar nestes concellos, cunha amosega bastante acusada no de Salvaterra nos individuos entre 30 e 40 anos. O concello do Porriño e Mos teñen, sen dúbida, as pirámides máis positivas, pois a pesar da base reducida presentan nas cohortes de anciáns unha forma puntiaguda, mentres Salvaterra sitúase no caso contrario, cun forte abombamento nas cohortes de adultos e anciáns.

O crecemento vexetativo nos concellos do Porriño e Salceda foi positivo no ano 1996 mentres o de Mos e Salvaterra foi negativo; este é outro dato a ter en conta para a análise da perda de efectivos demográficos nestes concellos, co conseguinte avellentamento poboacional. As taxas de natalidade son reveladoras da dinámica demográfica tan diferente, así a taxa do Porriño sitúase no 9‰, taxa elevada no conxunto da MAIV, mentres Salvaterra sitúase tres puntos por debaixo.

Figura 55. Movemento natural da poboación, 1996

|            | Nacementos  |      | Defuncións |      | Crec. Vexetativo |      |
|------------|-------------|------|------------|------|------------------|------|
|            | Media 90-94 | 1996 | Media90-94 | 1996 | Media90-94       | 1996 |
| Mos        | 123         | 103  | 99         | 114  | 24               | -11  |
| O Porriño  | 167         | 143  | 105        | 111  | 62               | 32   |
| Salceda    | 58          | 45   | 46         | 41   | 12               | 4    |
| Salvaterra | 65          | 52   | 104        | 96   | -39              | -44  |

Fonte: IGE. Galicia en cifras. 1997





Por outra banda, o saldo migratorio de Mos, O Porriño e Salceda é positivo mentres o de Salvaterra é negativo por esta razón, e tendo en conta o crecemento vexetativo, resulta un crecemento real de poboación positivo no Porriño e Salceda e negativo en Salvaterra.

**Figura 56. Emigración interna (provincias de destino), 1995**

|            | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------------|--------|------|---------|------------|-------|
| Mos        | 13     | 0    | 2       | 165        | 180   |
| O Porriño  | 18     | 0    | 5       | 193        | 216   |
| Salceda    | 6      | 0    | 0       | 69         | 75    |
| Salvaterra | 5      | 5    | 4       | 146        | 160   |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 57. Emigración externa (lugares de destino), 1995**

|            | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Total |
|------------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|-------|
| Mos        | 2         | 0        | 9        | 1       | 2        | 2      | 7        | 10    | 33    |
| O Porriño  | 2         | 0        | 21       | 6       | 7        | 4      | 3        | 3     | 46    |
| Salceda    | 0         | 0        | 8        | 0       | 1        | 2      | 0        | 1     | 12    |
| Salvaterra | 1         | 1        | 15       | 1       | 3        | 12     | 0        | 6     | 39    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 58. Inmigración interna (provincias de orixe), 1995**

|            | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------------|--------|------|---------|------------|-------|
| Mos        | 0      | 0    | 3       | 219        | 22    |
| O Porriño  | 13     | 9    | 6       | 279        | 307   |
| Salceda    | 3      | 3    | 4       | 81         | 91    |
| Salvaterra | 1      | 0    | 5       | 81         | 87    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 59. Inmigración externa (lugares de orixe), 1995**

|            | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Estranxeiros | Total |
|------------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|--------------|-------|
| Mos        | 9         | 2        | 4        | 9       | 1        | 7      | 2        | 11    | 12           | 57    |
| O Porriño  | 8         | 6        | 10       | 5       | 14       | 1      | 0        | 7     | 18           | 69    |
| Salceda    | 7         | 0        | 0        | 1       | 0        | 1      | 0        | 0     | 2            | 11    |
| Salvaterra | 1         | 0        | 2        | 0       | 7        | 5      | 0        | 1     | 0            | 16    |

Fonte: ige. Movements migratorios. 1995

**Figura 60. Saldo migratorio por concellos, 1995**

|            | Interno         |               |       | Externo      |             |       | Saldo Total |
|------------|-----------------|---------------|-------|--------------|-------------|-------|-------------|
|            | Intraprovincial | Resto Galicia | Total | Resto España | Estranxeiro | Total |             |
| Mos        | 54              | -12           | 42    | 12           | 12          | 24    | 66          |
| O Porriño  | 86              | 5             | 91    | 5            | 18          | 23    | 114         |
| Salceda    | 12              | 4             | 16    | -3           | 2           | -1    | 15          |
| Salvaterra | -65             | -8            | -73   | -23          | 0           | -23   | -96         |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995







### 3.- ANÁLISE ECONÓMICA

#### 3.1. Mercado de traballo

##### 3.1.1. Actividade

Durante o período 1991-96, a taxa de actividade diminuíu en tres dos catro concellos da zona subleste da Mancomunidade de Vigo - Mos, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño - en 1'2, 1'4 e 4'4 puntos respectivamente, mentras que en O Porriño esta taxa incrementouse en 0'9 puntos.

Salvaterra de Miño xunto con Salceda de Caselas son, dentro da MAIV, uns dos concellos que ostentan unha menor taxa de actividade, e O Porriño e Mos son os que ostentan unha maior taxa xunto con Redondela. A razón destes datos pode explicarse na proximidade ou no afastamento dos propios concellos respecto ó concello máis dinámico da MAIV como é Vigo. Os factores que induciron a estes descenso nas taxas de actividade son de índole diferente segundo os concellos, no caso do concello de Salvaterra de Miño prodúcese porque malia de incrementarse a poboación maior de 16 anos, o número de activos descendeu, e no caso dos concellos de Salceda de Caselas e Mos este descenso foi producido porque a poboación maior de 16 anos incrementouse en maior proporción que o aumento producido na poboación activa.

No caso de O Porriño en que a taxa experimentou un incremento a explicación atópase en que o número de activos aumentou en maior proporción do que o fixo a poboación maior de 16 anos.

##### 3.1.2. Ocupación

Se comparamos os anos 1991 e 1996, obsérvase que a taxa de ocupación nos catro concellos desta zona diminúe, debido a que a poboación maior de 16 anos aumenta e en maior proporción que o número de ocupados, a excepción de Salvaterra de Miño onde o número de ocupados diminúe nun 11% nese período.

En canto á distribución porcentual da ocupación, é dicir, á distribución dos ocupados nos diferentes sectores económicos, apenas mudou nos últimos anos, tal e como se observa nos gráficos seguintes.

Así, mentras os ocupados no sector primario (agro e pesca) e os do sector da construción diminuíron o seu peso en dous puntos respectivamente, os ocupados do sector industrial e servizos aumentaron a súa participación noutros dos puntos cada un.

Figura 61. Taxas de actividade na MAIV

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 46,4 | 45,9 |
| Fornelos de Montes | 44,7 | 41,4 |
| Gondomar           | 47,7 | 47,0 |
| Mos                | 50,7 | 49,5 |
| Nigrán             | 47,6 | 49,0 |
| Pazos de Borbén    | 50,3 | 42,1 |
| O Porriño          | 50,5 | 51,4 |
| Redondela          | 52,3 | 51,5 |
| Salceda de Caselas | 46,2 | 44,8 |
| Salvaterra de Miño | 42,6 | 38,2 |
| Soutomaior         | 48,7 | 48,3 |
| Vigo               | 52,2 | 48,9 |

Fonte: IGE. Censo 1991 e Padrón 1996

Figura 62. Taxas de ocupación na MAIV

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 39,7 | 36,6 |
| Fornelos de Montes | 29,2 | 29,9 |
| Gondomar           | 39,7 | 35,5 |
| Mos                | 39,9 | 37,6 |
| Nigrán             | 38,3 | 37,1 |
| Pazos de Borbén    | 35,8 | 30,9 |
| O Porriño          | 41,5 | 40,3 |
| Redondela          | 40,4 | 38,7 |
| Salceda de Caselas | 40,1 | 36,9 |
| Salvaterra de Miño | 34,0 | 29,5 |
| Soutomaior         | 37,6 | 36,2 |
| Vigo               | 40,9 | 36,8 |


Fonte: IGE. Censo 1991 e Padrón 1996





Dentro do sector industrial destacan as persoas que traballan nas *industrias manufactureiras*, e no sector servicios as que están empregadas en *comercio e reparación*.

**Figura 63. Porcentaxe de ocupados por sectores, 1991 e 1996**



Fonte: IGE. Censo 1991

Fonte: IGE. Padrón 1996

**Figura 64. Distribución porcentual dos ocupados por sectores na MAIV**

Tal e como se observa na figura 65, existen importantes diferencias entre os distintos concellos da zona subleste da MAIV. O Porriño é un dos concellos da MAIV que teñen unha menor ocupación no sector do agro e pesca, Salceda é o concello con maior participación dos ocupados no sector industrial, incluso por riba de Vigo, e Salvaterra é o concello con máis ocupados na construción.

|                    | Agro e pesca | Industria | Construcción | Servicios |
|--------------------|--------------|-----------|--------------|-----------|
| Baiona             | 23,7         | 14,8      | 12,9         | 48,6      |
| Fornelos de Montes | 22,2         | 9,5       | 10,4         | 57,9      |
| Gondomar           | 7,3          | 24,6      | 23,3         | 44,9      |
| Mos                | 2,3          | 42,5      | 11,8         | 43,4      |
| Nigrán             | 8,7          | 24,6      | 13,6         | 53,1      |
| Pazos de Borbén    | 8,0          | 24,4      | 14,1         | 53,5      |
| O Porriño          | 5,1          | 38,3      | 12,4         | 44,2      |
| Redondela          | 7,9          | 34,1      | 11,2         | 46,8      |
| Salceda de Caselas | 6,8          | 44,7      | 17,6         | 30,9      |
| Salvaterra de Miño | 8,1          | 26,7      | 26,0         | 39,2      |
| Soutomaior         | 10,1         | 27,6      | 9,1          | 53,2      |
| Vigo               | 3,0          | 25,8      | 5,8          | 65,4      |

Fonte: IGE. Padrón 1996


Temos que matizar que os ocupados dun concello non nos indican a composición da actividade empresarial dese concello, xa que non ten porqué coincidir o lugar de residencia e de traballo.

Se atendemos á súa profesión, nesta zona destacan os traballadores  *cualificados en manufacturas, construción e minería*  seguidos polos traballadores  *non cualificados* .





**Figura 65. Número de ocupados por profesión**




Fonte: IGE. Padrón 1996

- (1) Dirección Administración Pública e das empresas de 10 ou máis asalariados
- (2) Xerencia empresas de menos de 10 asalariados
- (3) Profesións asociadas a titulacións universitarias
- (4) Técnicos e profesionais de apoio
- (5) Empregados de tipo administrativo
- (6) Traballadores restauración, protección e seguridade; dependentes.
- (7) Traballadores cualificados en agro e pesca
- (8) Traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería
- (9) Operadores de instalacións industriais
- (10) Traballadores non cualificados
- (11) Forzas armadas

Segundo a situación profesional dos ocupados, o grupo máis numeroso son os asalariados, que representan o 80% do total de ocupados. Á súa vez, dentro deste colectivo, destacan os contratados fixos que representan o 47% dos asalariados, mentras que a contratación temporal sitúase no 33%.

**Figura 66. Número de ocupados por situación profesional**



Fonte: IGE. Padrón 1996


- (1) Traballadores por conta propia e con persoal
- (2) Traballadores por conta propia e sen persoal
- (3) Membros de cooperativas
- (4) Axudas familiares
- (5) Asalariados fixos
- (6) Asalariados eventuais
- (7) Outra situación

### 3.1.3. Desemprego

A continuación aportamos datos do número de parados nos concellos da zona subleste da MAIV, o que nos permite ver a evolución do desemprego nos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño.

Tal e como podemos observar, nos concellos deste estudio, o número de desempregados tivo, no seu conxunto, unha tendencia decrecente no período 1988-2000. Pero neste período

**Figura 67. Evolución do desemprego**



Fonte: INEM e SGC (Xunta de Galicia)






producíronse diversas fluctuacións que alcanzaron o seu máximo valor nos anos 1989 e 1994, ano a partir do cal o desemprego foi en descenso ata a actualidade, posiblemente pola flexibilización da nova lexislación do mercado de traballo.

En relación ó colectivo de parados temos que sinalar que en agosto de 2000 nestes concellos o 24,5% dos desempregados non tiveron un emprego anterior. Por outra parte, o 23% eran menores de 25 anos.

Por sectores, o maior paro localízase no sector servizos, seguido polo colectivo que pertencen á industria.


Por sexo observamos que na zona subleste o desemprego afecta en maior medida ó colectivo das mulleres, igual do que acontece en Galicia. Así, en agosto de 2000, o 68% dos desempregados eran mulleres. Así mesmo conséntase que o incremento producido entre os anos 1997 e 1998 afectou máis ás mulleres, e o descenso do desemprego entre 1998 e 2000 afectou máis ós homes, xa que o desemprego dos homes descendeu un 9,8% con respecto ó total de desempregados e o das mulleres tan só descendeu un 2,5%.

Figura 68. Poboación desempregada por sectores



Fonte: SGC (Xunta de Galicia)

Figura 69. Desemprego por sexo



Fonte: SGC (Xunta de Galicia)

### 3.2. Outros indicadores socioeconómicos

A fin de avaliar o comportamento socioeconómico, presentamos información dos datos que figuran no *Anuario Comercial de España*.

Analizando estes datos destacamos que dentro da zona subleste, Salceda e Salvaterra sitúanse entre os concellos máis desfavorecidos da MAIV, con un valor de 2, mentras que Mos e O Porriño chegan ó 3. Isto quere dicir que a renda familiar dispoñible por habitante de Salceda e Salvaterra sitúase no intervalo de 900.000 – 1.000.000 pesetas e a dos outros dous concellos no intervalo que vai desde 1.000.000 a 1.125.000 pesetas. Así mesmo conséntase que a capacidade de compra ou consumo reflectido pola cota de mercado de Mos e O Porriño é de case o dobre que a de Salceda e Salvaterra.





**Figura 70. Indicadores socioeconómicos municipais na MAIV, provincia de Pontevedra e Galicia**

|                   | Nivel Económico | Cota Mercado | Índice turístico | Telefonos    | Automóviles  | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Mayoristas | Minoristas | Bares      | Índice actividade económica |
|-------------------|-----------------|--------------|------------------|--------------|--------------|----------------------|--------------------|-------------------------|------------|------------|------------|-----------------------------|
| Baiona            | 3               | 25           | 34               | 3.926        | 3.303        | 512                  | 12                 | 112                     | 22         | 216        | 100        | 12                          |
| Formelos          | 1               | 5            | -                | 564          | 901          | 93                   | 2                  | 12                      | -          | 21         | 8          | 1                           |
| Gondomar          | 3               | 25           | 2                | 3.629        | 4.666        | 848                  | 4                  | 234                     | 52         | 190        | 56         | 15                          |
| <b>Mos</b>        | <b>3</b>        | <b>31</b>    | <b>9</b>         | <b>4.616</b> | <b>6.416</b> | <b>1.344</b>         | <b>3</b>           | <b>308</b>              | <b>139</b> | <b>176</b> | <b>91</b>  | <b>37</b>                   |
| Nigrán            | 4               | 35           | 19               | 6.389        | 6.448        | 1.024                | 9                  | 245                     | 54         | 236        | 107        | 19                          |
| Pazos             | 1               | 6            | -                | 853          | 1.214        | 137                  | 1                  | 33                      | 1          | 33         | 18         | 1                           |
| <b>O Porriño</b>  | <b>3</b>        | <b>42</b>    | <b>14</b>        | <b>6.073</b> | <b>7.469</b> | <b>1.741</b>         | <b>18</b>          | <b>393</b>              | <b>104</b> | <b>332</b> | <b>130</b> | <b>59</b>                   |
| Redondela         | 2               | 65           | 4                | 9.255        | 11.522       | 1.823                | 21                 | 377                     | 121        | 438        | 181        | 36                          |
| <b>Salceda</b>    | <b>2</b>        | <b>14</b>    | <b>1</b>         | <b>1.591</b> | <b>2.328</b> | <b>499</b>           | <b>3</b>           | <b>136</b>              | <b>19</b>  | <b>132</b> | <b>37</b>  | <b>8</b>                    |
| <b>Salvaterra</b> | <b>2</b>        | <b>18</b>    | <b>-</b>         | <b>2.392</b> | <b>3.382</b> | <b>337</b>           | <b>3</b>           | <b>134</b>              | <b>19</b>  | <b>130</b> | <b>35</b>  | <b>8</b>                    |
| Soutomaior        | 3               | 13           | 3                | 1.685        | 2.086        | 331                  | 6                  | 68                      | 32         | 107        | 60         | 8                           |
| Vigo              | 4               | 682          | 380              | 120.234      | 128.958      | 16.296               | 258                | 2.797                   | 1.747      | 5.099      | 2.020      | 806                         |
| Pontevedra        | 3               | 2.135        | 1.158            | 323.075      | 370.533      | 58.118               | 771                | 11.818                  | 3.985      | 17.188     | 6.687      | 1.765                       |
| Galicia           | 4               | 6.503        | 2.959            | 1.007.689    | 1.064.207    | 179.170              | 2.500              | 39.025                  | 11.291     | 54.581     | 22.849     | 5.679                       |

Fonte: Anuario Comercial de España. La Caixa. 1999






### 3.3. Actividades empresariais

Defínese actividade económica como aquela que supón unha ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens e servizos. A continuación, e a partir de datos do IAE e do directorio ARDAN, presentamos unha relación desta actividade, tanto de carácter empresarial como profesional que se exerce na zona subleste da MAIV.

Tal e como podemos observar, as actividades que predominan nesta zona son as asociadas ó sector servizos, aínda que en maior medida nos concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. O Porriño destaca por ter unha participación alta de empresas pertencentes ó sector industrial, situándose no 35%. Este feito é debido a existencia de suficiente solo industrial organizado en dous polígonos (As Gándaras de Budiño e A Granxa), o que facilita a instalación das empresas neste concello.

Figura 71. Distribución porcentual e por sectores das actividades empresariais, 1997



Fonte: ARDAN 1999

Segundo datos recollidos polo ARDAN no que se estudian as empresas cun volume de facturación maior a 10 millóns de pesetas, na zona subleste hai 731 empresas cun volume de facturación total de case 193.000 millóns de pesetas, o que supón o 12% do ingresos e o 15,95% do valor engadido bruto xerado en toda a MAIV. Como Vigo ten unha aportación ós ingresos do 80,23% e ó VEB do 76,50%, isto significa que a zona subleste da Mancomunidade de Vigo, é a máis importante en canto o seu carácter empresarial e industrial se refire.

Figura 72. Empresas con facturación superior ós 10 millóns de ptas.

| Concello   | Nº empresas | Ingresos 1997 (millóns ptas) |
|------------|-------------|------------------------------|
| Mos        | 258         | 65.931                       |
| O Porriño  | 315         | 112.962                      |
| Salceda    | 100         | 8.778                        |
| Salvaterra | 58          | 5.035                        |

Fonte: ARDAN 1999

A continuación preséntase o grao de especialización de cada un dos concellos desta zona, a partir dunha relación das actividades con maior facturación.





**Figura 73. Grao de especialización empresarial de Mos**

| Actividade da empresa                   | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|---|-------------|-------------------------|
| Transporte por estrada                  | 25          | 6.114                   |
| Fab. de recambios e pezas de motor      | 1           | 5.175                   |
| Fab. conserva de peixe e froitos do mar | 2           | 4.053                   |
| Pedra traballada, mármore               | 6           | 2.953                   |
| Contratistas xerais                     | 22          | 2.084                   |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 74. Grao de especialización empresarial de O Porriño**

| Actividade da empresa                          | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|--|-------------|-------------------------|
| Fabricación carne empaquet. , matadero avic    | 2           | 18.271                  |
| Fabricación de especialidades farmacéuticas    | 2           | 13.296                  |
| Pedra traballada, mármore                      | 14          | 9.669                   |
| Fab. cables elect., conductores, interruptores | 1           | 5.764                   |
| Fabricados de planchas metal                   | 1           | 2.721                   |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 75. Grao de especialización empresarial de Salceda de Caselas**

| Actividade da empresa                        | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|--|-------------|-------------------------|
| Fabricación de artigos plásticos diversos SC | 2           | 1.990                   |
| Pedra traballada, mármore                    | 6           | 885                     |
| Contratistas xerais                          | 5           | 515                     |
| Extracción de pedra en xeral                 | 4           | 513                     |
| Extracción de granito                        | 10          | 434                     |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 76. Grao de especialización empresarial de Salvaterra de Miño**

| Actividade da empresa                       | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|---|-------------|-------------------------|
| Contratistas xerais                         | 6           | 554                     |
| Maioristas de volateria                     | 1           | 493                     |
| Fabricación de tixolos e tellas estruturais | 1           | 453                     |
| Extracción de area e grixo construción      | 1           | 398                     |
| Elaboración de viños                        | 3           | 266                     |

Fonte: ARDAN 1999

#### 4.- FORMACIÓN REGRADA

Un capítulo fundamental para coñecer o grao de desenvolvemento dun determinado continxente poboacional é o educativo, e máis nomeadamente a formación regrada ou nivel de estudos dos individuos maiores de 10 anos. Neste senso, hai que destacar que os catro concellos que analizamos aquí posúen elevadas porcentaxes de poboación con estudos primarios, inferiores ó graduado escolar e mesmo con problemas de analfabetismo.





A pesar desta xeralidade, imos analizar os concellos por separado dado que tamén presentan acusadas diferencias entre eles. Así, Salvaterra conta cunha porcentaxe de analfabetos do 3%, moi superior á media da Mancomunidade, o 1,6%; do mesmo xeito, a porcentaxe con titulación inferior ó graduado escolar supón catro quintas partes do total de poboación de máis de 10 anos, porcentaxe moi superior á media da Mancomunidade que acada o 52%.

**Figura 77. Porcentaxe de poboación segundo a súa formación, 1996**

|            | Non sabe ler nin escribir | Titulación inferior ó graduado escolar | Graduado escolar | Bacharelato, FPII e titulados superiores |
|------------|---------------------------|--|------------------|--|
| Mos        | 2,20                      | 60,30                                  | 25,00            | 12,40                                    |
| O Porriño  | 1,59                      | 54,50                                  | 28,16            | 7,72                                     |
| Salceda    | 1,85                      | 62,37                                  | 25,96            | 9,79                                     |
| Salvaterra | 3,02                      | 82,26                                  | 11,40            | 3,30                                     |

Fonte: IGE. Padrón 1996

Mos, O Porriño e Salceda presentan unha dinámica semellante entre eles e mesmo coa media do resto dos concellos da Mancomunidade. Hai que destacar que estes tres concellos posúen baixas porcentaxes de individuos con titulación media superior, inferiores ó case 11% que acada a Mancomunidade. O Porriño, que posúe maior porcentaxe de poboación entre 0 e 25 anos non acada cifras significativas de titulados medios e superiores, situándose 3 puntos por debaixo da MAIV; esta situación reflicte a carencia de formación superior neste concello. Salceda, en cambio, achégase máis á porcentaxe de titulados medios e superiores da MAIV; con todo, a formación regrada da poboación destes tres concellos é escasa se a comparamos coa do contorno máis desenvolvido no que se sitúa esta zona.

En canto á cualificación profesional da poboación ocupada é destacable a porcentaxe que acada Mos, O Porriño e Salceda en individuos con ocupación de xerencia e alta dirección, dous puntos por enriba da media da Mancomunidade. Do mesmo xeito, a porcentaxe de técnicos superiores e de apoio e de traballadores cualificados é moi semellante á da media da MAIV nestes concellos. Pola contra, Salvaterra presenta un comportamento moi diferente, case a cuarta parte da poboación ocupada son traballadores non cualificados e só o 4% son técnicos superiores e de apoio. Todo isto ten a súa explicación no desenvolvemento económico do Porriño e Salceda, onde o seu tecido industrial demanda traballadores cualificados e técnicos mentres en Salvaterra os sectores económicos predominantes son o primario e a construción.

**Figura 78. Porcentaxe de poboación ocupada segundo a súa cualificación profesional, 1996**

|            | Alta dirección e xerencia | Técnico superior e de apoio | Traballador cualificado | Traballador non cualificado |
|------------|---------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| Mos        | 7,60                      | 6,30                        | 73,70                   | 12,40                       |
| O Porriño  | 8,97                      | 8,71                        | 67,82                   | 13,64                       |
| Salceda    | 8,40                      | 5,28                        | 65,72                   | 20,36                       |
| Salvaterra | 4,56                      | 3,99                        | 67,16                   | 23,84                       |

Fonte: IGE. Padrón 1996







## 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL

Os servizos sociais dos concellos da zona subleste da Mancomunidade, Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño, están atendidos por persoal especializado en cada un deles que traballa desde a casa do concello con programas municipais específicos e con outros dirixidos e subvencionados desde a Xunta de Galicia.

Dentro do Plan Concertado da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Mos recibe subvencións para o programa de axuda a domicilio, no que se atenderon 27 casos no ano 1999, case todos eles de atención a persoas maiores que viven soas. Concedéronse tamén con cargo a este Plan axudas para o programa de *Emerxencia Social*, aínda que este ponse en marcha desde o concello para ofrecer servizo inmediato a casos puntuais que non reúnen as condicións necesarias para solicitar outra axuda. Ademais o Plan Concertado concede unha subvención para o propio mantemento do servizo e das persoas que alí traballan (unha asistente social e unha administrativa). Anos anteriores concedéronse tamén a Mos axudas para o Programa de *eliminación de barreiras arquitectónicas* con cargo ó Plan Concertado.

Mos puxo en marcha outros programas acollidos a subvencións da Consellería de Familia entre os que hai que destacar o *Programa de Educación Familiar* no que traballa especificamente unha psicóloga a tempo completo, encargándose da prevención en familias de risco nas que hai menores de idade. Para levar a cabo este traballo existe coordinación cos colexios do concello e cos pediatras que traballan no centro de saúde; no ano 1999 atendéronse 30 casos dentro deste programa. Igualmente con cargo a axudas da Consellería de Familia, unidas a unha pequena subvención da Deputación de Pontevedra e completadas estas con fondos municipais levouse a cabo un ano máis o *programa de axuda para a compra de libros escolares* do que se beneficiaron 65 familias no ano 1999 e se destinaron 2.000.000 de pesetas aproximadamente. O Servizo de Igualdade da devandita Consellería ofrece un Programa de axudas para a Promoción da Muller dentro do cal o concello de Mos solicitou cursos para mulleres e dous gabinetes, un xurídico e outro psicolóxico, destinados á atención exclusiva dos problemas das mulleres; estes gabinetes empezarán a traballar no ano 2000.

A problemática das vivendas en malas condicións abórdase a través da solicitude de subvencións con cargo ó *Programa de Infravivenda Rural* do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Desde o concello realízase o proxecto de rehabilitación ou acondicionamento das vivendas para que reúnan as condicións mínimas de habitabilidade, e entre este e a Xunta de Galicia apórtanse as cantidades necesarias para o acondicionamento. Se os arranxos son pequenos e puntuais inclúense nas axudas para emerxencia social da Deputación de Pontevedra e do Concello.

Ademais de todos estes programas o concello asina convenios coa Deputación de Pontevedra para a subvención da asistencia de nenos ós campamentos de verán e para as viaxes da terceira idade.

Está en marcha actualmente un proxecto no concello para a *Educación de Rúa*. Para isto os servizos sociais solicitaron o acondicionamento dun baixo municipal nas vivendas sociais sitas neste concello, e están á espera de que a Xunta de Galicia conceda unha axuda para iniciar este programa a fin de traballar co colectivo xuvenil.

A problemática do alcoholismo trátase tentando que os afectados se poñan en contacto con ASVIDAL, e a da drogadicción centralízase no Centro de Drogodependencias do Porriño.

O Porriño, por ser o municipio máis urbano, de maior peso específico do sector económico secundario e nó de comunicacións entre Vigo, Portugal e o sur de Galicia é o que presenta a problemática social máis venecellada ó mundo urbano. Hoxe en día este concello conta cunha unidade especial para o tratamento das toxicomanías,





froito da necesidade acuciante que existía nesta área por ser un foco de consumo e de distribución de drogas. Esta unidade funciona mancomunada cos concellos dos arredores e coa axuda da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais; conta con persoal médico, psicólogo e asistente social.

Desde o concello do Porriño o departamento de servizos sociais ten en marcha un programa que funciona hai dous anos co obxectivo da integración social dos xitanos portugueses, o "*Plan Xitano*"; abrangue un colectivo de 170 persoas aproximadamente, residentes en varios focos da parroquia de Torneiros principalmente. A necesidade de incluír este programa no traballo do devandito departamento chegou pola cantidade de poboación xitana que reside en O Porriño, desintegrada socialmente da poboación xeral e enfrontada ademais a outro colectivo numeroso, o colectivo zamorano formado por vendedores ambulantes.

O resto dos programas que funcionan desde o concello son moi semellantes ós do resto, destacando a axuda a domicilio que atende aproximadamente a corenta persoas, a emerxencia social que tramitou 39 axudas o pasado ano 1998, a emerxencia municipal cun total de 50 axudas tramitadas no pasado ano e as axudas para libros escolares, campaña que comeza co curso escolar no mes de setembro e que conta cunha partida municipal a parte de 5.000.000 de pesetas.

O concello do Porriño contrata un educador familiar que traballa directamente coas familias a problemática do menor, alcoholismo, reinserción social, etc. Ademais conta con persoal fixo no departamento formado por dúas asistentes sociais e unha auxiliar administrativa, que se adican á posta en marcha dos programas sociais e á tramitación de tódalas axudas. O presuposto anual aproximado co que conta este departamento é de 14.000.000 de pesetas.

A problemática social máis acuciante en Salvaterra está relacionada coa terceira idade, toda vez que este é o concello con maior porcentaxe de poboación anciá da zona e de toda a Mancomunidade. A isto hai que engadirlle que Salvaterra conta con 17 parroquias espalladas nun territorio extenso co cal resulta dificultoso prestar axuda a toda a poboación anciá do concello se temos en conta que as vías de comunicación internas son lentas. O traballo coa terceira idade céntrase na campaña de "*Axuda a domicilio*" coordinada desde o concello.

Outros programas levados a cabo desde os servizos sociais municipais céntranse na "*Campaña de nadal*", a axuda para a merca dos *libros de texto* e no programa de "*Emerxencia social*". Todos eles están subvencionados pola Xunta de Galicia dentro do Plan Concertado que o pasado ano participou con 5.000.000 de pesetas aproximadamente.

En Salvaterra é máis acusada a problemática derivada do alcoholismo cá da drogadicción; os servizos sociais do concello tramitan a derivación dos casos de alcoholismo a centros especializados de axuda como ASVIDAL. Tamén é significativa a problemática do menor, existindo unha boa coordinación entre os centros escolares e a traballadora social do concello.

As familias que padecen os problemas de desemprego subsisten con traballos no campo baseados no "xornal" consistente en realizar tarefas labregas para outras familias. Pero este é un traballo inseguro e á mercede das condicións climatolóxicas.

Os servizos sociais do concello de Salceda aseguran que a problemática social maior está vencellada á terceira idade, que demanda axuda a domicilio primordialmente, e ó alcoholismo do que derivan situacións de maltratos a menores. Os individuos con problemas de alcoholismo son derivados ó centro de ASVIDAL en Vigo, ó igual que ocorre nos concellos limítrofes.





A poboación anciá do concello representa unha porcentaxe bastante elevada e reside, na maioría dos casos, en núcleos distantes e aillados polo que resulta difícil acoller no programa de axudas tódalas peticións. Hoxe en día están tramitándose doce casos dentro do programa de *"Axuda a domicilio"*. Outro colectivo demandante destas axudas é o dos minusválidos.

Ademais do programa enriba indicado o concello de Salceda ten en marcha o de *"Emerxencia social"* e ata o ano 1998 o de *"Eliminación de barreiras arquitectónicas"*. Todos eles están subvencionados polo Plan Concertado da Xunta de Galicia. O programa de axuda para mercar libros escolares conta tamén cunha subvención da Deputación Provincial e outra da Xunta. O Instituto Galego da Vivenda e Solo subvenciona o programa de *"Infravivenda rural"*, no que se priorizan os casos de vivendas con condicións pésimas de habitabilidade nos que hai menores de idade vivindo; no ano 1998 tramitáronse tres axudas neste programa.

Salceda conta ademais cos servizos dun educador familiar contratado parte do ano coa subvención do 80% da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

Os servizos sociais do concello efectúan tódalas xestións que o colectivo da terceira idade necesiten para a solicitude das viaxes dos programas da Deputación, Inserso, etc.

## 6.- TECIDO ASOCIATIVO

O individuo como ser social tende a agruparse en colectivos que satisfagan as súas necesidades de participación na comunidade. O tecido asociativo de cada concello constitúe ese armazón capaz de relacionar os habitantes dese espazo nas súas demandas veciñais, culturais de base.

As asociacións da zona subleste da Mancomunidade caracterízanse, como en case tódolos demais concellos, por ser de tipo agrario, as comunidades de montes, por outra banda representativas do espazo rural galego, e de tipo veciñal, onde os habitantes de cada parroquia conseguen un nexos de unión co concello para a solución da problemática do contorno inmediato.

As asociacións de tipo cultural e centros culturais constitúen un xeito de achegamento dos veciños ás actividades lúdico-festivas, culturais e mesmo de formación mediante a organización do tempo de lecer dos colectivos veciñais nun espazo próximo ó seu lugar de residencia.

**Figura 79. Montes en mancomún da zona subleste**

| Nome                            | Titularidade                    | Hectáreas |
|---------------------------------|---------------------------------|-----------|
| Montes de Tameiga (Mos)         | Veciños da parroquia de Tameiga | 95        |
| Montes de Herville (Mos)        | Id.Id. de Cela                  | 121       |
| Monte de Louredo (Mos)          | Id.Id. de Louredo               | 547       |
| Montes de Mos (Mos)             | Id.Id. de Mos                   | 501       |
| Monte Pereiras (Mos)            | Id.Id. de Pereiras              | 61        |
| Montes de Baloutas (Mos)        | Id.Id. de Torroso               | 13        |
| Montes de Guisan (Mos)          | Id.Id. de Guizán                | 20,1      |
| Pozas de Eimonde e outros (Mos) | Id.Id. de Petelos               | 29,8      |
| Total Mos                       |                                 | 1.387,9   |





|                                   |                                |       |
|-----------------------------------|--------------------------------|-------|
| Montes de Atios (O Porriño)       | Veciños da parroquia de Atios  | 346   |
| Montes de Budiño (O Porriño)      | Id.Id. de Budiño               | 227   |
| Montes de Cans (Porriño)          | Id.Id. De Cans                 | 102,5 |
| Montes de Mosende (O Porriño)     | Id.Id. de Mossende             | 56    |
| Montes de Pontellas (Porriño)     | Id.Id. De Pontellas            | 232   |
| Gulpilleira (O Porriño)           | Id.Id. De Santa Mª de Porriño  | 45    |
| Montes de Torneiros (O Porriño)   | Id.Id. De Torneiros            | 67,5  |
| Total O Porriño                   |                                | 1.085 |
| Montes de Budiño (Salceda)        | Veciños da parroquia de Budiño | 80    |
| Montes de Entenza (Salceda)       | Id. Id. De Entenza             | 92    |
| Parderrubias (Salceda)            | Id.Id. de Parderrubias         | 130   |
| Picoña (Salceda)                  | Id.Id. de Picoña               | 306   |
| San Xurxo de Salceda (Salceda)    | Id. Id. De San Xurxo           | 115   |
| Santa María de Salceda (Salceda)  | Id. Id. De Santa María         | 124   |
| Soutelo (Salceda)                 | Id. Id. De Soutelo             | 98    |
| Total Salceda                     |                                | 3.665 |
| Meder (Salvaterra)                | Veciños da parroquia de Meder  | 7     |
| Alxén (Salvaterra)                | Id. Id. De Alxén               | 62    |
| Arantei (Salvaterra)              | Id. Id. De Arantei             | 38    |
| Cabreira (Salvaterra)             | Id. Id de Cabreira             | 20    |
| Fiolledo (Salvaterra)             | Id.Id. de Fiolledo             | 14    |
| Leirado (Salvaterra)              | Id.Id. de Leirado              | 15    |
| Montes de Lira (Salvaterra)       | Id.Id. de Lira                 | 42    |
| Lourido (Salvaterra)              | Id.Id. de Lourido              | 1     |
| Montes de Oleiros (Salvaterra)    | Id. Id. De Oleiros             | 36    |
| Pesqueiras (Salvaterra)           | Id. Id. De Pesqueiras          | 31    |
| Porto (Salvaterra)                | Id. Id. De Porto               | 7     |
| Soutolobre (Salvaterra)           | Id. Id. De Soutolobre          | 7     |
| Montes de Uma (Salvaterra)        | Id. Id. De San Andrés de Uma   | 96    |
| Montes de Vilacoba (Salvaterra)   | Id. Id. De Vilacoba            | 54    |
| Montes de Fornelos (Salvaterra)   | Id. Id. De Fornelos            | 12    |
| Montes de Salvaterra (Salvaterra) | Id. Id. De Salvaterra          | 24    |
| Total Salvaterra                  |                                | 956   |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Montes e Fariña Jamardo, Os Concellos Galegos. 1991

## 7.- A VIVENDA

A variación entre as vivendas familiares dun período a outro é un indicador do crecemento ou depresión dunha área determinada.

No caso que nos ocupa, O Porriño posúe unha porcentaxe moi elevada de variación de vivendas familiares entre os anos 1981 e 1991, un 25% máis, o que significa que neste concello estase a construír cun ritmo forte e que as expectativas socioeconómicas futuras son positivas. Pola contra, Salvaterra só crece un 9% entre os anos 1981 e 1991 pero aínda é máis significativo o dato que reflicte a variación das vivendas familiares ocupadas no que este concello presenta unha porcentaxe negativa, o que demostra que Salvaterra está perdendo poboación; veciños que abandonan a súa vivenda neste concello e emigran cara ás zonas urbanas próximas en busca de





mellores condicións de emprego e accesibilidade ós servizos. O Porriño e Salceda incrementan a porcentaxe de vivendas ocupadas o que tamén coincide co crecemento vexetativo positivo destes concellos. Mos rexistra un incremento porcentual acusado entre o censo de vivendas do ano 1981 e o do ano 1991, situándose por detrás de O Porriño pero con maior incremento que concellos como Redondela ou Salceda, o que nos indica que existiu un forte ritmo constructivo nesa década gracias ó aumento da instalación empresarial sobre este territorio, que levou parella gran atracción de residentes.

Da análise do destino das vivendas segundo os datos do censo de 1991 destacamos a elevada porcentaxe de secundarias que existe en Salvaterra, un 15% fronte ó 5% ou 3% de O Porriño e Salceda. Isto demostranos que os habitantes de Salvaterra que emigraron cara ás cidades do contorno urbano dedican as súas vivendas actuais como segunda residencia estival ou de fin de semana. Ademais, tamén podemos sinalar este concello como espazo atractivo para a construción de vivendas secundarias polo límite co río Miño de moitas das súas parroquias e a suavidade das temperaturas na época de estío. Pola súa banda, Mos ten a maioría das vivendas catalogadas como principais acadando unha porcentaxe en 1991 bastante superior á de O Porriño e Salceda.

**Figura 80. Total de vivendas familiares, 1981 e 1991**

|              | Total vivendas familiares |               |              | Vivendas familiares ocupadas |              |              |
|--------------|---------------------------|---------------|--------------|------------------------------|--------------|--------------|
|              | Censo 1981                | Censo 1991    | % variación  | Censo 1981                   | Censo 1991   | % variación  |
| Mos          | 3.270                     | 4.046         | 23,7         | 3.009                        | 3.470        | 15,3         |
| O Porriño    | 3.880                     | 4.881         | 25,8         | 3.200                        | 3.816        | 19,2         |
| Salceda      | 1.834                     | 2.166         | 18,1         | 1.427                        | 1.627        | 14           |
| Salvaterra   | 3.235                     | 3.522         | 8,9          | 3.002                        | 2.953        | -1,6         |
| <b>Total</b> | <b>8.949</b>              | <b>10.569</b> | <b>18,10</b> | <b>7.629</b>                 | <b>8.396</b> | <b>10,05</b> |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1981 e 1991

**Figura 81. Total de vivendas familiares segundo o seu destino, 1991**

|              | Principais   |             | Secundarias |             | Baleiras     |             | Outras     |            | Total         |
|--------------|--------------|-------------|-------------|-------------|--------------|-------------|------------|------------|---------------|
|              | Total        | %           | Total       | %           | Total        | %           | Total      | %          |               |
| Mos          | 3.280        | 81          | 190         | 4,7         | 490          | 12,1        | 86         | 2,1        | 4.046         |
| O Porriño    | 3.563        | 72,9        | 253         | 5,18        | 916          | 18,7        | 149        | 3,05       | 4.881         |
| Salceda      | 1.549        | 71,5        | 78          | 3,6         | 534          | 24,6        | 5          | 0,2        | 2.166         |
| Salvaterra   | 2.419        | 68,6        | 534         | 15,1        | 555          | 15,7        | 14         | 0,3        | 3.522         |
| <b>Total</b> | <b>7.531</b> | <b>71,2</b> | <b>865</b>  | <b>8,18</b> | <b>2.005</b> | <b>18,9</b> | <b>168</b> | <b>1,5</b> | <b>10.569</b> |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1991

## 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO

### 8.1. O PORRIÑO

#### Infraestructuras

##### Infraestructura viaria

A rede viaria de nova creación (autovía Vigo – Tui de enlace coas autoestradas de Portugal) permitiu a separación do tráfico externo e o do propio núcleo urbano, modificando a organización do tráfico do concello pois os fluxos canalízanse cara á A-52, e á autovía Vigo –Tui que substitúe á antiga N-550. Debemos pensar que este concello se caracteriza pola forte presenza industrial moi diversa que na maioría dos casos esixe o emprego





de transportes pesados de mercadorías. Agora este transporte pesado está xa desviado polas autovías evitándose deste xeito a conxestión do tráfico urbano.

Ademais das autovías que bordean ó núcleo urbano en O Porriño quedan as antigas estradas N-120 cara Ourense, a N-550 que o atravesa de norte a sur cara Tui e a fronteira con Portugal, e a PO-331 de O Porriño a Gondomar. O núcleo urbano de O Porriño foise desenvolvendo en torno a estas vías de comunicación que saían cara Madrid, Redondela e Tui que, se ben hai algúns anos tiñan a dobre misión de estradas repartidoras de tráfico urbano e de tráfico de paso, na actualidade funcionan puramente como vías urbanas.

En O Porriño non existe ningún aparcadoiro soterrado, e as edificacións demandan a construción de novos aparcadoiros posto que o seu déficit é considerable.

Así mesmo, O Porriño está comunicado por camiño de ferro mediante unha liña procedente de Portugal e outra que enlaza cos ferrocarrís en dirección á Meseta. Se ben isto representa un factor positivo para o transporte de pasaxeiros é un condicionante para o crecemento do municipio, o aspecto negativo vén dado polo trazado da vía que atravesa o centro do núcleo urbano. É por isto que o PXOU prevé un cambio de emprazamento da estación de pasaxeiros e do trazado da liña.

Ademais do tráfico de pasaxeiros, no polígono das Gándaras de O Porriño existe un apeadoiro para o tráfico de mercadorías e servizo do polígono industrial.

#### Infraestructuras básicas

O sistema de abastecemento de augas dispón dun sistema de captación no río Louro e conducción forzada ó depósito regulador de 40.000 m<sup>3</sup>. Prevese a entrada en servizo a curto prazo da canle que abastecerá ó citado depósito desde o encoro de Eiras.

A rede de abastecemento de auga municipal posúe unha lonxitude aproximadamente 11 km, aínda que se está pensando na súa ampliación ata onde a topografía o permita segundo os obxectivos do PXOU. Esta rede abastece ós núcleos urbanos de O Porriño e o Polígono de Torneiros. O resto dos núcleos abastécense de auga por medio de pequenas redes construídas e xestionadas directamente polas asociacións de veciños. O PXOU prevé tamén a realización de plans especiais de mellora de abastecemento naqueles núcleos onde non chega o abastecemento municipal.

En canto á rede de saneamento o municipio dispón dun "Proxecto de Saneamento Integral", parcialmente realizado. O PXOU prevé que se complete a rede xeral de colectores ademais da implantación de dúas estacións depuradoras: unha na parte norte da zona industrial, para depurar as augas residuais domésticas; e outra na parte sur do concello para os verquidos industriais. O PXOU tamén prevé que nos núcleos rurais que non teñan conexión ó sistema xeral pola súa lonxanía ou problemas topográficos se establezan uns sistemas de depuración baseados en depuradoras compactas individuais para cada núcleo.

#### Solo empresarial

Consta de dous polígonos industriais, o das Gándaras e o da Granxa. No primeiro caso a superficie xa está vendida, o que supón un total de 1.200.000 m<sup>2</sup> útiles. O da Granxa consta de 517.423 m<sup>2</sup> de solo industrial distribuído en 250 parcelas, 207.519 m<sup>2</sup> de zonas verdes, 13.014 m<sup>2</sup> de superficie para servizos, 20.261 m<sup>2</sup> de equipamento deportivo e 36.413 m<sup>2</sup> de equipamento comercial e social. Este polígono consta dunha vía directa de acceso desde a autovía Vigo-Portugal ademais dun sistema viario interior con zonas de aparcadoiro. Ten rede de abastecemento de auga potable con 5 pozos propios e depósito regulador de 2.500 m<sup>3</sup>. O seu





sistema de depuración baséase nunha depuradora de augas residuais, un colector, estación potabilizadora e rede de recollida e drenaxe de augas pluviais. Ademais de rede de auga de rego consta dun sistema contra incendios. Así mesmo, conta cun subministro eléctrico de media e baixa tensión e preinstalación da rede de gas. Conta tamén con rede telefónica e instalacións de fibra óptica nalgúns sectores.

### 🔗 Servizos e equipamentos

**Figura 82. Servizos existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 1 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |    |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|----|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 3 | Educación primaria | 0 | Ed. infantil e primaria | 12 | Centros secundaria | 2 | Centros FP | 1 |

| DEPORTES           |   |
|--------------------|---|
| Centros deportivos | 6 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |    |               |   |
|-----------------------|----|---------------|---|
| Bancos                | 13 | Caixas aforro | 6 |

| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |    |              |     |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|----|--------------|-----|
| Hotéis     | 4 | Hostais | 5 | Camping | 0 | Outras categorías | 11 | Total prazas | 420 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### 🔗 Patrimonio Histórico – Artístico

#### Inventario de Patrimonio Histórico – Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil

##### *Pazos e casas*

- 🔗 Casa do concello
- 🔗 Casa rectoral de Chenlo
- 🔗 Casa de Falcato en Mosende
- 🔗 Farmacia de Peralba en O Porriño
- 🔗 Pazo da Casa do Concello
- 🔗 Pazo de Correa Alemparte en Budiño





- /// Pazo de Pontellas
- /// Pazo de Levada en Mosende
- /// Vila do Adro en Ramirás
- /// Pazo de Golpilleira
- /// Pazo de Mosende
- /// Templete de San Luís

*Fontes*

- /// Fonte do Cristo no Porriño

b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

*Igrexas, capelas e ermidas*

- /// Capela de Sampaio en Pontellas
- /// Capela de San Sebastián en O Porriño
- /// Capela dos Milagres en Carracido
- /// Capela de San Roque en Torneiros
- /// Capela de San Antonio en Budiño
- /// Capela de San Bieito en O Porriño
- /// Capela de San Campio en Pontellas
- /// Capela de San Diego en Mosende
- /// Capela da Nosa Señora da Guía
- /// Igrexa parroquial de Atios.
- /// Igrexa parroquial de Budiño
- /// Igrexa parroquial de Cans
- /// Igrexa parroquial de Chenlo
- /// Igrexa parroquial de Mosende
- /// Igrexa parroquial de Pontellas
- /// Igrexa parroquial de Torneiros
- /// Igrexa parroquial de Santa María
- /// Igrexa parroquial de San Salvador
- /// Igrexa do Santo Cristo en O Porriño



*Casa do Concello*



*Igrexa do Santo Cristo*

c) Patrimonio etnográfico

- /// Hórreo de madeira en Atios

d) Lugares de interese e espazos de lecer

- /// Área da Risca
- /// Miradoiro dos cabreiros en Chenlo
- /// Observatorio ornitolóxico das Gándaras de Budiño e xacemento arqueolóxico do Paleolítico







## 8.2. SALCEDA DE CASELAS

### Infraestructuras

#### Infraestructura viaria

En Salceda hai que destacar a autovía que vai de O Porriño a Portugal e que atravesa o concello tanxencialmente na zona de Cerquido.

A rede viaria principal consta de tres estradas:

- /// N-550 que atravesa o concello pola beira oeste na parroquia de Budiño, convertida en autovía hoxe en día.
- /// A estrada PO-410 que une O Porriño con Salvaterra partindo da N-550 nas proximidades do polígono industrial de O Porriño. Esta estrada atravesa o concello de oeste a este, cruzando polo centro do núcleo urbano.
- /// A estrada PO-411, que parte de Salceda cara a Páramos e que enlaza coa PO-404 de Tui a Salvaterra, As Neves, Arbo, polas proximidades do río Miño.

As comunicacións do concello vense complementadas por unhas estradas da rede da Deputación Provincial. Así temos a estrada que vai de Salceda cara ó sur de Caldelas, outra desde Salceda á parroquia da Picoña e San Xurxo enlazando entón coa PO-410. A estrada de Parderrubias a Cerquido enlaza coa autovía no concello de O Porriño e por último a estrada de Soutelo a Cerqueiral que une a estrada de Salceda a Páramos coa de Salceda a Caldelas.

Así mesmo, existe unha rede complementaria de camiños na maioría dos casos asfaltados e que permiten acceder a tódolos núcleos existentes.

O ferrocarril procedente de Madrid vía Ourense e de Portugal por Guillarei atravesa o concello cun percorrido paralelo ó trazado da N-550 pola zona de Cerquido. Diríxese de O Porriño a Redondela e desde esta estación bifúrcase a Vigo e Pontevedra. Dentro do concello non existen estacións polo que os veciños teñen que recorrer ás do Porriño e Guillarei.

#### Infraestructuras básicas

Na actualidade os núcleos de poboación que dispoñen dunha rede de abastecemento de auga son Budiño, Entenza, Parderrubias, Picoña, San Xurxo, Salceda (Castro), Salceda (Feria), Soutelo e Salceda (capital). Existe rede de sumidoiros de propiedade municipal nos núcleos de San Xurxo, Santa María e Parderrubias. Así mesmo, existe unha depuradora municipal na parroquia de Santa María, próxima ó río. A carencia dunha rede de sumidoiros en extensas zonas do concello fai necesaria a construción de fosas sépticas para a evacuación de augas residuais. En tódalas construcións máis recentes estas fosas sépticas adoitan garantir en gran medida a depuración posterior das augas residuais, mais non é tan seguro no caso dos pozos negros e en verquidos directos incontrolados a arrosios e regatos. Sen embargo no concello non se detectan problemas graves producidos por verquidos contaminantes, pois as instalacións industriais na zona de borde atópanse na cunca do río Louro que discorre polo veciño concello de O Porriño.

#### Solo empresarial

A creación dun polígono industrial en Salceda está en trámite, sendo a entidade promotora XESTUR.





**Servicios e equipamentos**

**Figura 83. Servicios existentes no concello**

|                   |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

|                    |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
| Educación infantil | 9 | Educación primaria | 2 | Ed. infantil e primaria | 0 | Centros secundaria | 0 | Centros FP | 0 |

|                    |   |
|--------------------|---|
| DEPORTES           |   |
| Centros deportivos | 3 |

|                       |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
| Bancos                | 2 | Caixas aforro | 1 |

|            |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|----|
| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
| Hotéis     | 0 | Hostais | 0 | Camping | 0 | Outras categorías | 2 | Total prazas | 15 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

**Patrimonio Histórico-Artístico**

**Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico**

a) Patrimonio arquitectónico civil

*Pazos e casas*

- ~~///~~ Pazo de Budiño
- ~~///~~ Pazo da Picoña
- ~~///~~ Pazo de Aballe
- ~~///~~ Pazo de Pegullal
- ~~///~~ Pazo de Entenza
- ~~///~~ Pazo de Parderrubias
- ~~///~~ Casa da Granxa



*Pazo de Budiño*





b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

*Igrexas, capelas e ermidas*

- ~~///~~ Capela de San Brais de Entenza-Pedracarballa
- ~~///~~ Capela de Santa Bárbara
- ~~///~~ Capela de Borralliño
- ~~///~~ Capela da Asunción
- ~~///~~ Igrexa parroquial de Budiño
- ~~///~~ Igrexa parroquial de Entenza
- ~~///~~ Igrexa parroquial de Parderrubias
- ~~///~~ Igrexa parroquial da Picoña
- ~~///~~ Igrexa parroquial de Salceda
- ~~///~~ Igrexa parroquial de Soutelo
- ~~///~~ Capela de San Xoán na quinta de Pedradauga



Capela de San Xoán

c) Patrimonio etnográfico

*Cruceiros, cruces, calvarios e petos de ánimas*

- ~~///~~ Peto das ánimas e cruceiro en Cruceiro
- ~~///~~ Cruz e peto de ánimas de Parderrubias
- ~~///~~ Cruceiro e peto de ánimas da Picoña
- ~~///~~ Peto de ánimas de Vendanova en San Xurxo
- ~~///~~ Curceiro Borralliño en Soutelo

d) Lugares de interese e espazos de lecer

- ~~///~~ Parque de Agoeiras en Salceda
- ~~///~~ Parque de San Cibrán
- ~~///~~ Penedo da Picoña
- ~~///~~ Parque da Ascensión en Entenza
- ~~///~~ Parque de recreo en San Xurxo
- ~~///~~ Parque Penedo Redondo en Parderrubias
- ~~///~~ Parque Borralliño en Soutelo

### 8.3. SALVATERRA DE MIÑO

#### ~~///~~ Infraestructuras

##### Infraestructura viaria

Ata a implantación do trazado da A-52 (autovía das Rías Baixas) non existía no término municipal ningunha vía de carácter nacional. Ademais, temos dentro do Concello a PO-412 e a PO-403; dúas importantes vías de comunicación a nivel autonómico: a estrada Ponteareas-Leirado-As Neves e a estrada Ponteareas-Salvaterra; a rede viaria de primeira orde complétase coa estrada Salvaterra-Budiño que amosa un firme asfaltado en bo estado de conservación. O viario de 2ª e 3ª orde aproveita os antigos camiños e polo tanto ten seccións deficientes. No conxunto das estradas habería que mellorar a sinalización.

O núcleo da capital municipal amosa unha rede viaria desigual, cun primeiro ensanche constreñido polo camiño de ferro e definido desde unha centralidade en abano polas estradas a Ponteareas e As Neves. De





acordo cun volume de poboación contido, este concello non presenta en xeral conflitos de tráfico nin de aparcadoiros no seu núcleo. Non conta con transporte colectivo. Ten unha estación de servio.

O elemento máis subliñable no que se refire a infraestruturas de comunicación e a recente inauguración da ponte internacional entre Salvaterra de Miño e a vila de Monçao. É tamén destacable o paso do camiño de ferro paralelo ó río Miño e a afección importante que supón para todo o término municipal. O Concello conta no seu núcleo cunha estación-apeadeiro con zona de aparcamento e que permite a conexión con Vigo e Ourense. Está prevista no municipio a construción dunha nova estación de intercambio de mercadorías.

#### Infraestructuras básicas

A enerxía eléctrica é subministrada por 3 empresas: Alto Miño S.A., Unión Eléctrica Fenosa e Sestelo e Cía. U.E. Fenosa abastece ás parroquias de Leirado, Meder, Soutolobre, Uma e Vilacoba; Sestelo y Cía ocúpase da parroquia de Lira y Alto Miño S.A. subministra ó resto das parroquias, incluída a cabeceira municipal. O tendido eléctrico é aéreo.

A nova central de telefonía ten unha capacidade estimada de 1.532 liñas. No casco urbano hai canalizacións soterradas na estrada de Pontearreas ata a intersección coa estrada de As Neves. O resto do trazado é aéreo.

Hai estafeta de Correos, situada no núcleo e reparto xeralizado.

Respecto ó saneamento, a rede existente no casco urbano é a única en uso, dividida en tres zonas, que verten ó río Miño, dúas delas a depuradoras que non están en funcionamento, cos conseguíntes problemas medioambientais, agravados por tratarse dunha rede de sumidoiros de tipo unitario. O resto do termo municipal solventa o seu problema de saneamento por medio de fosas sépticas.

En canto ó abastecemento de auga só existe rede en Salvaterra, Lira, Leirado, Fiolledo, Uma e Vilacoba. Nas restantes parroquias as vivendas abastécense a través de pozos. No núcleo de Salvaterra a auga provén do río Tea; trátase dunha rede municipal e as canalizacións de distribución son de PVC e polietileno. En Lira, Leirado, Fiolledo, Uma e Vilacoba as redes son veciñais, as tuberías son de PVC e serven a un número limitado de comuneiros.

#### Servicios e equipamentos

**Figura 84. Servicos existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 8 | Educación primaria | 1 | Ed. infantil e primaria | 3 | Centros secundaria | 0 | Centros FP | 0 |





|                    |   |
|--------------------|---|
| DEPORTES           |   |
| Centros deportivos | 5 |

|                       |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
| Bancos                | 2 | Caixas aforro | 2 |

|            |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|----|
| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
| Hotéis     | 0 | Hostais | 0 | Camping | 0 | Outras categorías | 2 | Total prazas | 31 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### Patrimonio Histórico – Artístico

#### Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil

###### *Pazos e casas*

- |   |   |
|---|---|
| <del>///</del> Casa de Muñoz en Arantei       | <del>///</del> Pazo das Barreiras en Uma                    |
| <del>///</del> Casa de Cambra en Meder        | <del>///</del> Pazo do Piñeiro ou da Inquisición en Corzans |
| <del>///</del> Casa de Marquina               | <del>///</del> Pazo de Porto                                |
| <del>///</del> Casa de Paramos en Meder       | <del>///</del> Pazo do Souto en Arantei                     |
| <del>///</del> Casa rectoral de Meder         | <del>///</del> Pazo Torre de Lira                           |
| <del>///</del> Casa-Torre de Petán en Oleiros | <del>///</del> Pazo do Piñeiro                              |
| <del>///</del> Pazo dos Avallo en Fiolledo    |   |

###### *Pontes*

- ~~///~~ Ponte sobre o río Tea en Fillaboa



Ponte da Fillaboa

###### *Arquitectura militar e defensiva*

- |  |                                       |
|--|---------------------------------------|
| <del>///</del> Castelo de Santiago de Aitona | <del>///</del> Castelo de Dona Urraca |
| <del>///</del> Recinto amurallado            | <del>///</del> Palacios do Conde      |
| <del>///</del> Castelo medieval do Conde     |                                       |

##### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

###### *Igrexas, capelas e ermidas*

- |   |  |
|---|--|
| <del>///</del> Capela do Carme en Corzans       | <del>///</del> Capela de San Roque en Leirado  |
| <del>///</del> Capela das Ermidas en Salvaterra | <del>///</del> Capela de San Sebastián en Lira |





- /// Capela da Virxe da Luz
- /// Igrexa parroquial de San Paio de Alxán
- /// Igrexa parroquial de San Pedro de Arantei
- /// Igrexa parroquial de San Miguel de Cabreira
- /// Igrexa parroquial de San Miguel de Corzáns
- /// Igrexa parroquial de San Paio de Fiolledo
- /// Igrexa parroquial de San Xoán de Fornelos



Igrexa de Santa Mariña de Pesqueiras

- /// Igrexa parroquial de San Salvador de Leirado
- /// Igrexa parroquial de San Simón de Lira
- /// Igrexa parroquial de San Andrés de Lourido
- /// Igrexa parroquial de San Adrián de Meder
- /// Igrexa parroquial de Santa María de Oleiros
- /// Igrexa parroquial de Santa Mariña de Pesqueiras
- /// Igrexa parroquial de San Pablo de Porto
- /// Igrexa parroquial de San Lourenzo de Salvaterra
- /// Igrexa parroquial de Santa Comba de Soutolobre
- /// Igrexa parroquial de San Andrés de Uma
- /// Igrexa parroquial de San Xoán de Vilacoba

b) Patrimonio etnográfico

*Cruceiros, cruces e petos de ánimas*

- /// Cruceiro de Arantei
- /// Cruceiro con retablo de Alxén
- /// Cruceiro e peto de ánimas de Corzáns
- /// Cruceiro baixo baldaquino (Porto)

c) Lugares de interese e espazos de lecer

- /// Fontes de Soutolobre
- /// Área de Cabreira
- /// Parque de Agoeiros



Cruceiro de Arantei





## 9.- CULTURA POPULAR



*Festa do Corpus*

As celebracións de ocio e lecer dos colectivos veciñais identifican a estes co contorno no que viven, pónenos en contacto coas antigas tradicións, serven de memoria histórica e de legado para os futuros habitantes do territorio. Son un xeito de convivencia entre os distintos grupos e de cohesión social.

No espazo que estamos a analizar xogan un papel fundamental as celebracións relixiosas e romarías asociadas ás veneracións patronais de cada parroquia. Así no Porriño a súa gran festa é a patronal do Santísimo Cristo da Agonía ó igual que en Salceda; en Salvaterra destacan as patronais de San Lourenzo e as do Santísimo Cristo da Victoria.

Hai que destacar as festas gastronómicas que hoxe en día están acadando cada vez máis popularidade e prestixio. Nesta zona son salientables as dedicadas ós viños do Condado, a máis importante celébrase en Salvaterra, a “Festa do viño do Condado” no mes de agosto. En O Porriño é destacable a festa de “O Cristo dos Cachos”, onde o tradicional é a comer centolos ou cachos. Tamén neste concello celébrase no mes de marzo desde o ano 1987 a “Festa apícola das Rías Baixas”, nas instalacións do Círculo Recreativo Cultural, con degustación de mel e outros produtos da terra como poden ser pan do Porriño, noces ou queixo fresco. Recuperouse tamén no ano 1994 a festa dos callos a celebrar entre setembro e outubro. En Salceda celébrase o primeiro domingo de setembro unha festa dos callos desde o ano 1993. Dentro das celebracións gastronómicas do concello de Mos é de destacar a “Festa da Empanada”, na que se convocan premios e cursos de divulgación da confección deste típico prato galego.

Salceda destaca pola festa do Entroido nos barrios da Feira e Castro-Barreiro, onde se realiza un desafío entre os veciños destes dous barrios para dirixirense como gañadores da festa.

A celebración festiva por antonomasia que identifica a todo o municipio de Mos e ós seus habitantes é a Festa da Rosa, festividade local do concello. O evento parte da tradición histórica que ten esta flor no escudo do Palacio de Mos e que deu lugar á súa utilización como emblema municipal, adoptándoo no escudo do concello. A festividade ten lugar o día 13 de xuño e, ademais da tradicional verbena popular, organízanse certámes de poesía, relato curto, pintura e concursos de ramos de rosas e rosais trepadores.





IV. ZONA NORTE

ZONA NORTE










## 1.- ÁMBITO TERRITORIAL

Na área norte da Mancomunidade de Vigo sitúanse os concellos de Redondela, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. Son concellos, aínda que limitrofes xeograficamente, con gran diversidade en aspectos como o demográfico ou o económico. Pertencen todos eles á comarca de Vigo segundo o Plan de Comarcalización da Xunta de Galicia.

*Figura 85. Relevo e rede fluvial da zona norte*



Fonte: Elaboración propia



*Vista panorámica desde a Peneda*

Redondela limita ó norte con Soutomaior, ó leste con Pazos de Borbén, ó sur con Mos e Vigo e no oeste coa ría de Vigo, da que forma o final na enseada de San Simón e na que desemboca o río Alvedosa-Maceiras. Conta cunha lonxitude de costa de 18,7 km, onde destacan as praias de Cesantes (de 3 km aproximadamente), a Punta do Cabo e Arealonga, na parroquia de Chapela. O seu territorio abrupto chega ás cotas máis elevadas en Caselo (458 m), Couto Ferreira (448 m), Penide (438 m), Poza da Rega (437 m), Couto Rapado e Penedo Pedroso (424 m).

Soutomaior limita ó norte con Pontecaldelas e Pontevedra, ó sur con Pazos de Borbén e Redondela, ó leste con Pontecaldelas e Fornelos de Montes e ó oeste coa ría de Vigo. É un concello marcado polas cuncas dos ríos Verdugo e Oitavén que o cruzan transversalmente, uníndose na ponte Silvoso para desembocaren na ría de Vigo. As áreas máis abruptas localízanse na parte oriental, en cotas de 479 m en Monzón, para ir diminuindo cara ó oeste e acadaren na Peneda os 334 m.

Pazos de Borbén e Fornelos de Montes son os concellos máis montañosos desta área norte da Mancomunidade, acadándose máis de 1000 metros en Coto do Mindo ou Outeiro Vello en Fornelos (nas estribacións da serra do Suído), e os 630 m no Galleiro, en Pazos de Borbén. Este último concello limita polo norte con Soutomaior e Fornelos, polo sur con Pontearreas e Mos, ó leste con Fornelos e Mondariz e ó oeste con Redondela. A maior parte do concello está bañado polo río Borbén e os seus afluentes, que o percorren de norte a sur configurando unha cunca fértil.





Fornelos de Montes limita ó norte con Pontecaldelas e A Lama, ó sur con O Covelo e Mondariz, ó leste con Avión e O Covelo e ó oeste con Pazos de Borbén e Soutomaior. Da serra do Suído baixan os regueiros que alimentan o río Oitavén, canle que orixina os vales fluviais máis importantes do concello, nos que se asenta a poboación.

As diferencias topográficas e de latitude fanse notar a nivel climático; así, mentres Redondela e Soutomaior acadan unha temperatura media anual de 15 °C, Pazos e Fornelos só chegan ós 13 °C. En canto ás precipitacións, Soutomaior é o concello onde se rexistran as menores mentres que en Fornelos e Pazos danse as maiores.

**Figura 86. Superficie dos concellos da zona norte**

| Concellos       | Superficie (Km <sup>2</sup> ) | % sobre MAIV | Parroquias |
|-----------------|-------------------------------|--------------|------------|
| Fornelos        | 83,1                          | 12,9         | 7          |
| Pazos de Borbén | 50                            | 7,9          | 8          |
| Redondela       | 52                            | 8,7          | 13         |
| Soutomaior      | 25                            | 4,1          | 2          |

Fonte: Fariña Jamardo, *Os concellos galegos*. 1991

Estes catro municipios supoñen algo máis da terceira parte da extensión da Mancomunidade. Sen embargo, é Fornelos de Montes o concello que acada a maior superficie, mentres que Soutomaior conta coa menor. En total, os catro concellos contabilizan 30 parroquias e 115 entidades de poboación.

**Figura 87. Parroquias e entidades de poboación dos concellos da zona norte**

| Concello           | Parroquias | Entidades | Extensión (km <sup>2</sup> ) |
|--------------------|------------|-----------|------------------------------|
| Fornelos de Montes | Calvos     | 3         | 5,6                          |
| Fornelos de Montes | Estacas    | 3         | 5                            |
| Fornelos de Montes | Fornelos   | 6         | 10                           |
| Fornelos de Montes | Laxe       | 4         | 24,3                         |
| Fornelos de Montes | Oitavén    | 2         | 4,3                          |
| Fornelos de Montes | Traspielas | 4         | 13,1                         |
| Fornelos de Montes | Ventín     | 2         | 15                           |
| Fornelos de Montes | Total      | 24        | 77,3                         |
| Pazos de Borbén    | Amoedo     | 4         | 8,1                          |
| Pazos de Borbén    | Borbén     | 4         | 11,8                         |
| Pazos de Borbén    | Cepeda     | 3         | 3,7                          |
| Pazos de Borbén    | Ermida     | 1         | 3,7                          |
| Pazos de Borbén    | Moscoso    | 3         | 3,1                          |
| Pazos de Borbén    | Nespereira | 8         | 5,6                          |
| Pazos de Borbén    | Pazos      | 2         | 5,0                          |
| Pazos de Borbén    | Xunqueiras | 4         | 6,8                          |
| Pazos de Borbén    | Total      | 29        | 47,8                         |






**Figura 87 bis. Parroquias e entidades de poboación dos concellos da zona norte**

| Concellos  | Parroquias       | Entidades | Extensión (km <sup>2</sup> ) |
|------------|------------------|-----------|------------------------------|
| Redondela  | Cabeiro          | 2         | 3,1                          |
| Redondela  | Cedeira          | 7         | 6,8                          |
| Redondela  | Cesantes         | 5         | 4,3                          |
| Redondela  | Chapela          | 5         | 5,0                          |
| Redondela  | Negros           | 4         | 1,2                          |
| Redondela  | Quintela         | 2         | 2,5                          |
| Redondela  | Reboreda         | 5         | 10,0                         |
| Redondela  | Redondela        | 1         | 0,6                          |
| Redondela  | Saxamonde        | 4         | 2,5                          |
| Redondela  | Trasmañó         | 3         | 2,5                          |
| Redondela  | Ventoseira       | 2         | 6,2                          |
| Redondela  | Vilar de Infesta | 2         | 5,0                          |
| Redondela  | O Viso           | 4         | 2,5                          |
| Redondela  | Total            | 46        | 52,2                         |
| Soutomaior | Arcade           | 4         | 3,7                          |
| Soutomaior | Soutomaior       | 12        | 21,3                         |
| Soutomaior | Total            | 16        | 24,9                         |

Fonte: Fariña Jamarco, Os concellos galegos. 1991

**Figura 88. Usos do solo na zona norte**

Os usos do solo que predominan nas terras do norte da Mancomunidade relaciónanse co aproveitamento forestal; o matorral, as coníferas e eucaliptais destacan sobre o resto dos usos debido á topografía accidentada e á altitude que acada o relevo da zona.



Fonte: Elaboración propia

## 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA

Na zona norte da MAIV temos dúas realidades ben distintas, por unha banda o comportamento demográfico de Fornelos e Pazos, concellos interiores e rurais, e pola outra os dous concellos de Soutomaior e Redondela, espazos próximos á costa, de topografía máis suave e, no caso de Redondela, con características urbanas. Fornelos e Pazos presentan un devalo continuo de poboación entre 1960 e 1998, con lixeiros incrementos entre 1970 e 1981. Este comportamento é semellante ó dos concellos rurais da Mancomunidade de Vigo, típico de zonas con escasas perspectivas económicas e de desenvolvemento e,






polo tanto, que acusaron dende os momentos de despegue económico un forte movemento migratorio cara ás zonas urbanas limitrofes, que ofrecían mellores perspectivas futuras.

**Figura 89. Evolución da poboación**

| Anos      | Fornelos | Pazos | Redondela | Soutomaior |
|-----------|----------|-------|-----------|------------|
| 1960      | 2.564    | 3.596 | 17.206    | 4.288      |
| 1970      | 2.340    | 3.411 | 22.128    | 5.775      |
| 1981      | 2.377    | 3.652 | 27.202    | 5.434      |
| 1986      | 2.345    | 3.495 | 27.262    | 5.237      |
| 1991      | 2.194    | 3.403 | 27.751    | 4.907      |
| 1996      | 2.410    | 3.287 | 28.893    | 5.236      |
| 1998      | 2.343    | 3.202 | 28.768    | 5.239      |
| 1998-1960 | -221     | -396  | 11.562    | 951        |

Fonte: IGE

**Figura 90. Evolución da poboación 1960-1998**



Fonte: IGE


O caso de Soutomaior é algo distinto, pois acada en xeral un crecemento positivo entre 1960 e 1998, aínda que presenta unha lixeira diminución entre 1970 e 1991. Dende 1991 recupera poboación e nestes momentos parece que tende ó estancamento.

Redondela presenta un forte incremento dos seus efectivos demográficos entre 1960 e 1981, época do boom da natalidade no noso país, favorecido polas boas perspectivas de desenvolvemento económico. Dende 1981 o crecemento da poboación é menor, como ocorre tamén no resto dos concellos próximos (Vigo, O Porriño ou Cangas). Hoxe en día tamén parece que este concello acusa unha tendencia ó estancamento demográfico, visible entre os datos do padrón de 1996 e a renovación de 1998.

O mapa de asentamentos de poboación amosa a clara preferencia polas zonas costeiras e de topografía baixa para o asentamento humano. O hábitat resulta moi concentrado nestas áreas e os núcleos van dispersándose a medida que se ascende en altitude pois as condicións para a vida e o traballo son máis precarias en áreas de monte.

Os ríos aparecen tamén como factores atráintes de poboación, pois sempre os individuos buscaron situarse nos vales fluviais, onde as

**Figura 91. Distribución dos asentamentos**



Fonte: Elaboración propia





terras son máis productivas, as temperaturas máis benignas e os recursos están preto. Ademais as vías de comunicación principais localízanse nas terras baixas.

Redondela é o concello de maior densidade de poboación da Mancomunidade, se exceptuamos a cidade de Vigo; densidade que se asemella á dos concellos que forman o anel periurbano da cidade (Nigrán, Baiona). En cambio as densidades de Fornelos e Pazos indican un forte despoboamento do espazo, pois os seus valores están comprendidos entre os 30 e 67 habitantes por quilómetro cadrado; daquela, estes dous concellos son os que teñen a menor densidade demográfica de toda a MAIV.


**Figura 92. Densidade de poboación**

|            | Poboación 1998 | Superficie Km <sup>2</sup> | Densidade (hab/km <sup>2</sup> ) |
|------------|----------------|----------------------------|----------------------------------|
| Fornelos   | 2.343          | 77,3                       | 30,3                             |
| Pazos      | 3.202          | 47,8                       | 66,9                             |
| Redondela  | 28.768         | 52,2                       | 551,1                            |
| Soutomaíor | 5.239          | 24,9                       | 210,4                            |

Fonte: Elaboración propia

Da estrutura por idades hai que salientar a elevada porcentaxe de maiores de 65 anos rexistrada en Fornelos e Pazos, sete puntos por enriba da media da MAIV no primeiro caso. Esta quinta parte da poboación incluída na denominada terceira idade supón que estes concellos precisan de numerosos servizos para atender ós maiores. Ademais, non hai que esquecer que a estrutura avellentada leva parella a dificultade para a renovación xeracional da área e a continua depresión socioeconómica, se non se logra que os mozos permanezan nese espazo.

**Figura 93. Distribución da poboación por grupos de idade, 1996**



Fonte: IGE. Padrón 1996

**Figura 94. Estructura da poboación por idades en números absolutos e porcentaxes**

|                   | 0-15 anos                   | 15 a 64 anos                |                            | 65 e máis anos               | Total 1996    | Total 1998    |
|-------------------|-----------------------------|-----------------------------|----------------------------|------------------------------|---------------|---------------|
|                   |                             | 15-25                       | 26-64                      |                              |               |               |
| Fornelos          | 344<br>14,2                 | 353<br>14,6                 | 1.215<br>50,4              | 498<br>20,6                  | 2.410         | 2.343         |
| Pazos             | 513<br>15,6                 | 537<br>16,3                 | 1.600<br>48,6              | 637<br>19,3                  | 3.287         | 3.202         |
| Redondela         | 4.592<br>15,8               | 5.455<br>18,8               | 15.148<br>52,4             | 3.698<br>12,7                | 28.893        | 28.768        |
| Soutomaíor        | 787<br>15,03                | 880<br>16,8                 | 2.750<br>52,5              | 819<br>15,6                  | 5.236         | 5.239         |
| <b>Zona norte</b> | <b>6.236</b><br><b>15,6</b> | <b>7.225</b><br><b>18,1</b> | <b>20.713</b><br><b>52</b> | <b>5.652</b><br><b>14,19</b> | <b>39.826</b> | <b>39.552</b> |

Fonte: IGE. Padrón 1996 e Revisión do Censo 1998






O concello que presenta mellores perspectivas demográficas na zona norte da MAIV é Redondela, coa maior porcentaxe de poboación nova e adulta. Redondela é un foco de atracción de individuos que fixan a súa residencia en zonas da periferia urbana de Vigo, pois posúe boas comunicacións coa metrópole e resulta ser unha área máis asequible que esta para o investimento en vivenda. Resumindo, podemos afirmar que Redondela é o núcleo rector de toda esta área rural norte.

A análise das pirâmides de poboación amosa a dicotomía que existe entre os concellos rurais e interiores, Fornelos e Pazos, e os occidentais, Redondela e Soutomaior. Os primeiros presentan unha estrutura piramidal que tende a invertirse, con fortes porcentaxes de poboación nas cohortes de 50 e máis anos, e débiles nas da base da pirámide.

Como xa expuxemos, Fornelos e Pazos caracterízanse por seren áreas avellentadas, presentando pirâmides demográficas típicas dos espazos rurais galegos, con abombamentos da parte alta destas.

Pola contra, Soutomaior e Redondela teñen pirâmides máis triangulares aínda que con bases reducidas, característica esta de tódalas poboacións do occidente desenvolvido, no que se está a rexistrar dende os anos oitenta unha diminución acusada da natalidade. A forma das pirâmides de poboación revélanos que Redondela é o concello de estrutura demográfica máis nova e con mellores perspectivas de desenvolvemento socioeconómico futuro.

**Figura 95. Pirâmides de poboación dos concellos da zona norte**



Fonte: IGE. Padrón 1996

O crecemento vexetativo reflicte a mesma dualidade entre os concellos do interior rural e os que están próximos á cidade de Vigo. Así, Pazos e Fornelos posúen un crecemento vexetativo negativo, sobre todo





este último; este fenómeno é debido ó alto grao de avellentamento e, por conseguinte, á alta taxa de mortalidade (12‰), xunto coa forte emigración que afectou ós grupos de idade de adultos e mozos cara a Brasil fundamentalmente.

**Figura 96. Movemento natural da poboación, 1996**

|            | Nacementos  |      | Defuncións  |      | Crec. Vexetativo |      |
|------------|-------------|------|-------------|------|------------------|------|
|            | Media 90-94 | 1996 | Media 90-94 | 1996 | Media 90-94      | 1996 |
| Fornelos   | 19          | 16   | 28          | 29   | -9               | -13  |
| Pazos      | 31          | 31   | 45          | 36   | -14              | -5   |
| Redondela  | 90          | 247  | 157         | 235  | -67              | 12   |
| Soutomaíor | 39          | 55   | 47          | 51   | -8               | 4    |

Fonte: IGE. Galicia en cifras. 1997

Redondela, cun comportamento semellante á área de Vgo, rexistra un crecemento vexetativo positivo, lóxico se temos en conta que é un concello, como xa analizamos, de características urbanas e de residencia de poboación que traballa en Vigo. Así mesmo, isto apréciase tamén na análise do saldo migratorio: a Redondela achégase poboación procedente da provincia de Pontevedra (un 92% do total de inmigrantes), o que fai pensar que estes son dos concellos dos arredores. Ademais rexístrase unha importante porcentaxe de emigrantes retornados. Pola contra, en Pazos, Soutomaíor e Fornelos o saldo migratorio é negativo.

**Figura 97. Emigración interna (provincias de destino), 1995**

|            | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------------|--------|------|---------|------------|-------|
| Fornelos   | 1      | 0    | 0       | 47         | 48    |
| Pazos      | 11     | 1    | 14      | 70         | 96    |
| Redondela  | 23     | 1    | 11      | 311        | 346   |
| Soutomaíor | 1      | 0    | 6       | 67         | 74    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 98. Emigración externa (lugares de destino), 1995**

|            | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Total |
|------------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|-------|
| Fornelos   | 0         | 0        | 2        | 0       | 1        | 0      | 0        | 7     | 10    |
| Pazos      | 0         | 0        | 11       | 0       | 6        | 1      | 0        | 2     | 20    |
| Redondela  | 3         | 2        | 27       | 3       | 8        | 4      | 1        | 31    | 79    |
| Soutomaíor | 0         | 0        | 11       | 0       | 5        | 3      | 0        | 0     | 19    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 99. Inmigración interna (provincias de orixe), 1995**

|            | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------------|--------|------|---------|------------|-------|
| Fornelos   | 0      | 0    | 0       | 27         | 27    |
| Pazos      | 3      | 0    | 0       | 56         | 59    |
| Redondela  | 10     | 4    | 15      | 356        | 385   |
| Soutomaíor | 5      | 0    | 1       | 61         | 67    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995







**Figura 100. Inmigración externa (lugares de orixe), 1995**

|            | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Estra. | Total |
|------------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|--------|-------|
| Fornelos   | 0         | 0        | 0        | 0       | 1        | 2      | 0        | 0     | 0      | 3     |
| Pazos      | 1         | 0        | 6        | 1       | 0        | 0      | 1        | 3     | 0      | 12    |
| Redondela  | 4         | 0        | 12       | 10      | 1        | 18     | 2        | 13    | 55     | 115   |
| Soutomaior | 0         | 3        | 3        | 1       | 4        | 4      | 0        | 1     | 2      | 18    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 101. Saldo migratorio por concellos, 1995**

|            | Interno         |               |       | Externo      |             |       | Saldo Total |
|------------|-----------------|---------------|-------|--------------|-------------|-------|-------------|
|            | Intraprovincial | Resto Galicia | Total | Resto España | Estranxeiro | Total |             |
| Fornelos   | -20             | -1            | -21   | -7           | 0           | -7    | -28         |
| Pazos      | -14             | -23           | -37   | -8           | 0           | -8    | -45         |
| Redondela  | 45              | -6            | 39    | -19          | 55          | 36    | 75          |
| Soutomaior | -6              | -1            | -7    | -3           | 2           | -1    | -8          |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

### 3.- ANÁLISE ECONÓMICA

#### 3.1. Mercado de traballo

##### 3.1.1. Actividade

En termos xerais, nos concellos da MAIV a taxa de actividade durante o período 1991-1996 sofre unha diminución, sendo esta máis acusada nos concellos do norte da zona (Fornelos de Montes e Pazos de Borbén), xa que son os concellos que están máis arredados dos núcleos de maior dinamismo económico, Vigo, O Porriño e Mos. Así en Pazos de Borbén e Fornelos de Montes, a taxa diminúe en 8,2 e 3,3 puntos respectivamente.

Esta diminución que se produce nos concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén, é debido a que o incremento da poboación maior de 16 anos e insignificante se o comparamos coa diminución considerable producida polo número de activos.

Varios son os factores que configuran esta situación: a inexistencia de relevo xeracional na agricultura, o abandono desta actividade e o éxodo rural cara as cidades dado a inexistencia de servizos ós cidadáns e escasez de oportunidades de negocio nestes concellos máis arredados.

**Figura 102. Taxas de actividade na MAIV**

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 46,4 | 45,9 |
| Fornelos de Montes | 44,7 | 41,4 |
| Gondomar           | 47,7 | 47,0 |
| Mos                | 50,7 | 49,5 |
| Nigrán             | 47,6 | 49,0 |
| Pazos de Borbén    | 50,3 | 42,1 |
| O Porriño          | 50,5 | 51,4 |
| Redondela          | 52,3 | 51,5 |
| Salceda de Caselas | 46,2 | 44,8 |
| Salvaterra de Miño | 42,6 | 38,2 |
| Soutomaior         | 48,7 | 48,3 |
| Vigo               | 52,2 | 48,9 |

Fonte: IGE. Censo1991 e Padrón 1996





En contraposición a esta situación, nos outros dous municipios, Soutomaior e Redondela, o descenso na taxa de actividade prodúcese porque a poboación maior de 16 anos increméntase en maior proporción que o incremento producido nos activos.

### 3.1.2. Ocupación

Se comparamos os anos 1991 e 1996 obsérvase que a taxa de ocupación nos concellos da zona norte diminúe; a excepción é Fornelos, onde esta taxa permanece case constante xa que practicamente non varían os colectivos de ocupados e de maiores de 16 anos. A diminución producida en Redondela e Soutomaior é debido a que a poboación maior de 16 anos aumenta e en maior proporción do que o fai o número de ocupados. Pazos é o concello que ostenta a maior diminución, feito que se explica tanto polo aumento do colectivo de maiores de 16 anos coma pola diminución dos ocupados que se reducen nun 13%.

En canto á distribución porcentual da ocupación, é dicir, á distribución dos ocupados nos diferentes sectores económicos, apenas sofre alteracións na zona norte da MAIV nos últimos anos, tal e como se observa nos gráficos seguintes.


**Figura 103. Taxas de ocupación na MAIV**

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 39,7 | 36,6 |
| Fornelos de Montes | 29,2 | 29,9 |
| Gondomar           | 39,7 | 35,5 |
| Mos                | 39,9 | 37,6 |
| Nigrán             | 38,3 | 37,1 |
| Pazos de Borbén    | 35,8 | 30,9 |
| O Porriño          | 41,5 | 40,3 |
| Redondela          | 40,4 | 38,7 |
| Salceda de Caselas | 40,1 | 36,9 |
| Salvaterra de Miño | 34,0 | 29,5 |
| Soutomaior         | 37,6 | 36,2 |
| Vigo               | 40,9 | 36,8 |


Fonte: IGE. Censo 1991 e Padrón 1996

Así, mentras os ocupados no sector primario (agro e pesca) e construción diminuíron o seu peso en 3 puntos cada un, os ocupados do sector industrial e servicios aumentaron a súa participación en 4 e 2 puntos respectivamente. A única excepción a esta tónica xeral é Fornelos de Montes, onde os ocupados diminúen en todos os sectores menos no servicios, onde se rexistra un aumento do 18%.

**Figura 104. Porcentaxe de ocupados por sectores , 1991 e 1996**



Fonte: IGE. Censo 1991



Fonte: IGE. Padrón 1996





**Figura 105. Distribución porcentual dos ocupados por sectores da MAIV**


|                    | Agro e pesca | Industria | Construcción | Servicios |
|--------------------|--------------|-----------|--------------|-----------|
| Baiona             | 23,7         | 14,8      | 12,9         | 48,6      |
| Fornelos de Montes | 22,2         | 9,5       | 10,4         | 57,9      |
| Gondomar           | 7,3          | 24,6      | 23,3         | 44,9      |
| Mos                | 2,3          | 42,5      | 11,8         | 43,4      |
| Nigrán             | 8,7          | 24,6      | 13,6         | 53,1      |
| Pazos de Borbén    | 8,0          | 24,4      | 14,1         | 53,5      |
| O Porriño          | 5,1          | 38,3      | 12,4         | 44,2      |
| Redondela          | 7,9          | 34,1      | 11,2         | 46,8      |
| Salceda de Caselas | 6,8          | 44,7      | 17,6         | 30,9      |
| Salvaterra de Miño | 8,1          | 26,7      | 26,0         | 39,2      |
| Soutomaíor         | 10,1         | 27,6      | 9,1          | 53,2      |
| Vigo               | 3,0          | 25,8      | 5,8          | 65,4      |

Fonte: IGE. Padrón 1996

Tal e como se observa na figura, existen importantes diferencias entre os distintos concellos da zona norte da MAIV. Fornelos é o municipio cunha maior participación de ocupados no sector primario e servicios e cunha menor participación no sector industrial. Hai que matizar que esta aparente terciarización da economía de Fornelos é consecuencia do abandono masivo doutras actividades, especialmente das relacionadas co sector primario.

Se atendemos á profesión dos ocupados, na zona norte destacan os traballadores  *cualificados en manufacturas, construcción e minería*  seguidos polos traballadores  *de restauración, protección e seguridade e dependentes*  representando o 32% e 21% respectivamente.

**Figura 106. Número de ocupados por profesión**



Fonte: IGE. Padrón 1996


- (1) Dirección Administración Pública e das empresas de 10 ou máis asalariados
- (2) Xerencia empresas de menos de 10 asalariados
- (3) Profesións asociadas a titulacións universitarias
- (4) Técnicos e profesionais de apoio
- (5) Empregados de tipo administrativo
- (6) Traballadores restauración, protección e seguridade; dependentes.
- (7) Traballadores cualificados en agro e pesca
- (8) Traballadores cualificados en manufacturas, construcción e minería
- (9) Operadores de instalacións industriais
- (10) Traballadores non cualificados
- (11) Forzas armadas





Segundo a súa situación profesional, o grupo máis numeroso é o colectivo de asalariados que representan o 82% do total de ocupados. Á súa vez, dentro do colectivo de asalariados, na zona norte destacan os *contratados fixos* que representan o 49% dos asalariados, mentras que a *contratación temporal* se sitúa no 33%.

**Figura 107. Número de ocupados por situación profesional**




Fonte: IGE. Padrón 1996

### 3.1.3. Desemprego


Tal e como podemos observar na seguinte figura, nos concellos da zona norte da MAIV o desemprego acadou o seu máximo valor no ano 1990, producíndose desde este ano un descenso acusado. Pero este descenso tan acusado ben dado polo descenso do número de desempregados que se produce en Pazos de Borbén e Soutomaior que entre o ano 1990 e 2000 redúcese nun 61% e 51% respectivamente con respecto o total desempregados.

**Figura 108. Evolución do desemprego**



Fonte: INEM e SGC (Xunta de Galicia)

**Figura 109. Poboación desempregada por sectores**



Fonte: SGC (Xunta de Galicia)

En relación ó colectivo de parados temos que sinalar que en agosto de 2000 nestes concellos o 17,5% dos parados non tiveron un emprego anterior. Por outra parte, o 20% dos parados eran menores de 25 anos.

Por sectores, tal e como vemos na seguinte figura, o maior desemprego localízase no sector servizos, seguido do sector industrial. Debe destacarse que o nivel de desemprego deste






último sector é aportado na súa maioría polo concello de Redondela, no que o número de persoas en busca de traballo no sector industrial é moito máis elevado ca nos outros municipios.

Por sexo observamos que na zona norte o paro afecta en maior medida ó colectivo das mulleres, igual do que acontece en toda Galicia. Así, en agosto de 2000, case o 31% dos desempregados eran homes fronte ó 69% de mulleres, valor moito máis elevado ca noutras zonas da Mancomunidade de Vigo. Ademais amósase que o descenso dos homes que estaban en busca de traballo foi moito máis acusado que o descenso producido no colectivo das mulleres.

Figura 110. Desemprego por sexo



Fonte: SGC (Xunta de Galicia)

### 3.2. - Outros indicadores socioeconómicos

Como é sabido, a *renda bruta* dunha comunidade é o valor nominal das rendas xeradas polos factores residentes, aínda que a produción se teña realizado fóra dos límites xeográficos da comunidade en cuestión. Se dividimos a renda familiar bruta disponible entre a poboación dunha comunidade, obtemos a renda familiar bruta per cápita. Na figura seguinte obsérvase a tímida pero ascendente evolución da participación da renda familiar galega na española.

Figura 111. Evolución da renda familiar neta disponible per cápita (miles ptas.)

|            | 1985 | 1987 | 1989 | 1991 | 1993 |
|------------|------|------|------|------|------|
| Pontevedra | 577  | 634  | 723  | 713  | 686  |
| Galicia    | 550  | 614  | 692  | 682  | 679  |
| España     | 634  | 687  | 744  | 743  | 744  |
| % G/E      | 86,7 | 89,4 | 93,0 | 91,8 | 91,3 |

Fonte: Renta nacional de España. Avance 1992-1993. BBV. 1994

Tal e como observamos na figura seguinte, no período 1982-86 dos catro concellos que conforman a zona norte da Mancomunidade, Fornelos e Pazos son os máis desfavorecidos, xa que a súa renda familiar non se recupera, mesmo baixa, no período de referencia. A fin de avaliar o comportamento socioeconómico, presentamos información dos datos que figuran no *Anuario Comercial de España*.

Figura 112. Porcentaxe da renda familiar por habitante, en base 100 para Galicia

|                    | 1982 | 1984 | 1986 |
|--------------------|------|------|------|
| Fornelos de Montes | 65   | 53   | 57   |
| Pazos de Borbén    | 67   | 56   | 59   |
| Redondela          | 90   | 89   | 90   |
| Soutomaior         | 90   | 111  | 98   |

Fonte: Fariña Fajardo, Os concellos galegos. 1991





**Figura 113. Indicadores socioeconómicos municipais na MAIV, provincia de Pontevedra e Galicia**

|                   | Nivel Económico | Cota Mercado | Índice turístico | Telefonos    | Automóviles   | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Mayoristas | Minoristas | Bares      | Índice actividade económica |
|-------------------|-----------------|--------------|------------------|--------------|---------------|----------------------|--------------------|-------------------------|------------|------------|------------|-----------------------------|
| Baiona            | 3               | 25           | 34               | 3.926        | 3.303         | 512                  | 12                 | 112                     | 22         | 216        | 100        | 12                          |
| <b>Fornelos</b>   | <b>1</b>        | <b>5</b>     | <b>-</b>         | <b>564</b>   | <b>901</b>    | <b>93</b>            | <b>2</b>           | <b>12</b>               | <b>-</b>   | <b>21</b>  | <b>8</b>   | <b>1</b>                    |
| Gondomar          | 3               | 25           | 2                | 3.629        | 4.666         | 848                  | 4                  | 234                     | 52         | 190        | 56         | 15                          |
| Mos               | 3               | 31           | 9                | 4.616        | 6.416         | 1.344                | 3                  | 308                     | 139        | 176        | 91         | 37                          |
| Nigrán            | 4               | 35           | 19               | 6.389        | 6.448         | 1.024                | 9                  | 245                     | 54         | 236        | 107        | 19                          |
| <b>Pazos</b>      | <b>1</b>        | <b>6</b>     | <b>-</b>         | <b>853</b>   | <b>1.214</b>  | <b>137</b>           | <b>1</b>           | <b>33</b>               | <b>1</b>   | <b>33</b>  | <b>18</b>  | <b>1</b>                    |
| O Porriño         | 3               | 42           | 14               | 6.073        | 7.469         | 1.741                | 18                 | 393                     | 104        | 332        | 130        | 59                          |
| <b>Redondela</b>  | <b>2</b>        | <b>65</b>    | <b>4</b>         | <b>9.255</b> | <b>11.522</b> | <b>1.823</b>         | <b>21</b>          | <b>377</b>              | <b>121</b> | <b>438</b> | <b>181</b> | <b>36</b>                   |
| Salceda           | 2               | 14           | 1                | 1.591        | 2.328         | 499                  | 3                  | 136                     | 19         | 132        | 37         | 8                           |
| Salvaterra        | 2               | 18           | -                | 2.392        | 3.382         | 337                  | 3                  | 134                     | 19         | 130        | 35         | 8                           |
| <b>Soutomaior</b> | <b>3</b>        | <b>13</b>    | <b>3</b>         | <b>1.685</b> | <b>2.086</b>  | <b>331</b>           | <b>6</b>           | <b>68</b>               | <b>32</b>  | <b>107</b> | <b>60</b>  | <b>8</b>                    |
| Vigo              | 4               | 682          | 380              | 120.234      | 128.958       | 16.296               | 258                | 2.797                   | 1.747      | 5.099      | 2.020      | 806                         |
| Pontevedra        | 3               | 2.135        | 1.158            | 323.075      | 370.533       | 58.118               | 771                | 11.818                  | 3.985      | 17.188     | 6.687      | 1.765                       |
| Galicia           | 4               | 6.503        | 2.959            | 1.007.689    | 1.064.207     | 179.170              | 2.500              | 39.025                  | 11.291     | 54.581     | 22.849     | 5.679                       |

Fonte: Anuario Comercial de España. La Caixa. 1999





Analizando os datos das táboas anteriores destacaremos que dentro da zona norte, Soutomaior acada o valor de nivel económico 3, e Redondela o valor de 2 mentras Fornelos de Montes e Pazos de Borbén tan só teñen un valor de 1. Isto quere decir que a súa renda familiar dispoñible por habitante tendo en conta o resto das variables da figura 109, non chega ás 900.000 pesetas fronte ó intervalo de 1.000.000 – 1.125.000 no que se atopa Redondela. Xaque logo, podemos concluir que estes dous concellos son os menos desenvolvidos da zona e, polo tanto, os máis desfavorecidos.


### 3.3. Actividades empresariais

A continuación, e a partir de datos do ORAL e do ARDAN, presentamos unha relación das actividades de carácter empresarial ou profesional que se exercen na zona norte da MAIV.


Tal e como podemos observar, as actividades que predominan nesta zona son as asociadas ó sector servicios, aínda que en menor medida no concello de Redondela, onde cobra importancia o sector da construción e o industrial, co 29% e o 23% da participación respectivamente.

Figura 114. Distribución porcentual e por sectores das actividades empresariais, 1997


*Fornelos de Montes*




*Pazos de Borbén*



*Redondela*



*Soutomaior*



Fonte: ARDAN 1999





Segundo datos recollidos polo ARDAN, no que se estudian as empresas cun volume de facturación maior a 10 millóns de pesetas, na zona norte da MAIV hai 282 empresas das cales 221 están ubicadas no concello de Redondela.

**Figura 115. Empresas con facturación superior ós 10 millóns de pesetas**

| Concello   | Nº empresas | Ingresos 1997<br>(millóns ptas) |
|------------|-------------|---------------------------------|
| Fornelos   | 1           | 2                               |
| Pazos      | 7           | 245                             |
| Redondela  | 221         | 81.066                          |
| Soutomaíor | 53          | 2.495                           |

Fonte: ARDAN 1999

A continuación, e para estudiamos o grao de especialización de cada un dos concellos desta zona, preséntase unha relación das actividades de maior facturación.

**Figura 116. Grao de especialización empresarial de Fornelos de Montes**

| Actividade da empresa | Nº empresas | Ingresos<br>(millóns ptas) |
|-----------------------|-------------|----------------------------|
| Promotores de obras   | 1           | 2                          |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 117. Grao de especialización empresarial de Pazos de Borbén**

| Actividade da empresa                | Nº empresas | Ingresos<br>(millóns ptas) |
|--------------------------------------|-------------|----------------------------|
| Contratistas xerais                  | 2           | 26                         |
| Excavacións e alicerces              | 1           | 8                          |
| Bares e cafeterías                   | 1           | 104                        |
| Serradoiros de madeira               | 1           | 5                          |
| Maiorista de tecidos                 | 1           | 75                         |
| Servicio reparación automoción xeral | 1           | 24                         |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 118. Grao de especialización empresarial de Redondela**

| Actividade da empresa                      | Nº empresas | Ingresos<br>(millóns ptas) |
|--|-------------|----------------------------|
| Fab. Conservas de peixe e produtos do mar  | 3           | 31.540                     |
| Maioristas de alimentos conxelados         | 1           | 20.659                     |
| Almacéns frigoríficos de depósitos         | 2           | 1.480                      |
| Transporte por estrada                     | 11          | 1.000                      |
| Fab. maquinaria para industria alimentaria | 1           | 1.441                      |

Fonte: ARDAN 1999







**Figura 119. Grao de especialización empresarial de Soutomaior**

| Actividade da empresa                        | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|--|-------------|-------------------------|
| Contratistas xerais                          | 7           | 312                     |
| Transporte de pasaxeiros por estrada         | 1           | 118                     |
| Alfarería ornamental e industrial            | 1           | 139                     |
| Restaurantes                                 | 3           | 150                     |
| Maioristas de artigos de mercería e lencería | 1           | 265                     |

Fonte: ARDAN 1999

#### 4.- FORMACIÓN REGRADA

É imprescindible coñecer o nivel educativo dos continxentes demográficos dunha área para analizar as posibilidades de desenvolvemento endógeno desta e as posibles accións formativas a levar a cabo neste ámbito no futuro.

A porcentaxe de poboación analfabeta faise notar nos concellos demograficamente máis deprimidos, con elevados grupos de individuos de idade avanzada que sufriron a escasa formación das épocas da posguerra española e que viviron nun espazo rural con cativa accesibilidade ós centros educativos. Exemplo disto no espazo que nos ocupa é o concello de Fornelos de Montes, ou de Pazos de Borbén no que as tres cuartas partes da poboación só posúen titulación inferior ó graduado escolar.

**Figura 120. Porcentaxe de poboación segundo a súa formación, 1996**

|            | Non sabe ler nin escribir | Titulación inferior ó graduado escolar | Graduado escolar | Bacharelato, FPII e titulados superiores |
|------------|---------------------------|--|------------------|--|
| Fornelos   | 3,9                       | 32,3                                   | 8,4              | 4,4                                      |
| Pazos      | 0,16                      | 74,81                                  | 19,62            | 5,28                                     |
| Redondela  | 2,30                      | 44,47                                  | 34,11            | 19,11                                    |
| Soutomaior | 2,49                      | 57,16                                  | 25,03            | 15,30                                    |

Fonte: IGE. Padrón 1996

A poboación con máis estudos rexístrase no concello de Redondela, no que as porcentaxes de individuos con graduado escolar e estudos medios ou superiores son parecidas ás de concellos de características demográficas e socioeconómicas semellantes como Nigrán ou O Porriño.

Redondela e Soutomaior son, despois de Vigo e Nigrán, os concellos con maior número de habitantes con estudos medios e superiores de toda a Mancomunidade; estas altas porcentaxes veñen determinadas pola estrutura demográfica máis nova de Redondela e o asentamento alí de familias que fixan a súa residencia próxima a Vigo, para poder desprazarse diariamente a traballar na área da cidade.

En canto á cualificación profesional da poboación ocupada diremos que nestes concellos residen poucos individuos con ocupacións de alta dirección, xerencia e técnicos superiores (porcentaxes máis baixas que a media da MAIV). Pola contra, os traballadores cualificados representan as maiores taxas dentro dos ocupados, destacando o 81% de Soutomaior e o 72% de Pazos. Os traballadores non cualificados superan a cuarta parte dos ocupados en Fornelos, resultando así o concello coa poboación ocupada de menor cualificación en toda a Mancomunidade.





**Figura 121. Porcentaxe de poboación ocupada segundo a súa cualificación profesional, 1996**

|            | Alta dirección e xerencia | Técnico superior e de apoio | Traballador cualificado | Traballador non cualificado |
|------------|---------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| Fornelos   | 1,14                      | 4,25                        | 66,28                   | 27,65                       |
| Pazos      | 1,78                      | 3,93                        | 72,22                   | 21,93                       |
| Redondela  | 3,9                       | 8,74                        | 71,26                   | 15,5                        |
| Soutomaíor | 3,6                       | 7,5                         | 81                      | 7                           |

Fonte: IGE. Padrón 1996

## 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL

Os temas sociais do concello de Redondela lévanse a cabo dende a Concellería de Benestar Social, Muller e Xuventude. Dentro dela funciona o Servizo Municipal de Atención Primaria, que é o dedicado ós servizos sociais. Funcionan, ademais, o Sector de Muller e o Sector de Xuventude, con servizos específicos á parte dos de Benestar Social.

No Servizo Municipal de Atención Primaria traballan unha asistente social, persoal administrativo e dous educadores sociais, estes contratados durante todo o ano. Este servizo municipal vese desbordado de traballo e necesitado de máis persoal, pois o concello de Redondela conta con moitas parroquias espalladas nun territorio extenso onde habitan preto de 30.000 individuos; ademais a parroquia de Chapela preséntase como outro núcleo demandante de servizos sociais propios, debido á numerosa poboación que reside nel.

Tódalas actuacións que se proxectan dende os servizos de benestar social do concello han de ser consultadas nos consellos municipais, órganos xurídicos con competencias delimitadas nos seus estatutos de creación. Os consellos municipais que deciden e deliberan sobre materias correspondentes á Concellería de Benestar Social, Muller e Xuventude son:

- ✍ Consello Municipal da Mocidade.
- ✍ Consello Sectorial de Servizos Sociais e Desenvolvemento Comunitario. Neste existe unha comisión para temas de discapacitados e outra para temas da terceira idade.
- ✍ Consello Municipal da Muller.

Os consellos están formados por representantes dos partidos políticos do concello, representantes sindicais e de asociacións relacionadas cos temas da súa competencia.

Entre os programas que ten en marcha a Concellería destacan os de axuda a familias necesitadas. Dentro destes xestiona as Rendas de Integración Social de Galicia (RISGA), das que aproximadamente se benefician en Redondela 40 familias cada ano; estas axudas son revisadas semestralmente. Posúe o concello un Programa de Axuda a Domicilio, que acolle a unhas 20 familias cada ano, tamén revisable. Este servizo xestiona dende a Concellería tanto a formación dos traballadores/as para o traballo nos domicilios como a súa contratación. Estes traballadores son formados dende a base e posteriormente con cursos de reciclaxe. Os cursos básicos lévanse a cabo dende o Plan FIP ou en Escolas Obradoiro. O programa de Axuda a Domicilio conta cun orzamento anual aproximado de 6.000.000 pesetas.





Outro programa social co que conta o concello de Redondela é o de Reeducación Familiar. Este divídese en dous campos de intervención: por unha banda a Integración de Familias Magrebíes: acóllese nel a unhas 12 familias coas que se traballa para que poidan desenvolverse na comunidade e utilizar os servicios e recursos que se lle ofertan. Pola outra, intervén con Familias en Situación de Risco coas que se traballa en reeducación, modificación de situacións de risco e seguimento. Os servicios sociais do concello tamén interveñen na redución de taxas de servicios municipais para familias necesitadas. Así mesmo, contan co Programa de Emerxencia Social, no que o concello fai as aportacións económicas necesarias en cada momento; ademais prevese a creación dun Centro de Recursos, relacionado con este programa, no que se xestionaría a recollida permanente de alimentos, roupa e libros.

A Escola de Pais é outro servicio ofrecido dende a Concellería, que conta con dous psicólogos e un puericultor, ademais dunha gardería na que quedan os fillos das familias integradas neste programa.

Con respecto ós temas de menores existe problemática deste tipo que a Concellería resolve en colaboración coas escolas e outros organismos como o Centro de Saúde. Neste centro non hai un coordinador que actúe de interlocutor para tratar os temas que relacionan este centro cos servicios sociais do concello.

O Programa de Apoio á Escolarización conta con axudas de todo tipo segundo as necesidades de cada familia, abarcando sobre todo as bolsas para a compra dos libros escolares. O programa ten un orzamento aproximado de 2.000.000 pesetas anuais.

Existe en funcionamento unha ludoteca itinerante que percorre tódalas parroquias do municipio co fin de educar ós nenos e mozos en valores positivos tales como a solidariedade e o fomento da lectura. Ademais destes programas que xa están funcionando, a Concellería ten previsto poñer en marcha un programa de traballo con poboación infantil con problemas de aprendizaxe; estaría dedicado a grupos reducidos de nenos cos que se realizarían obradoiros de teatro e expresión corporal.

En relación coa mocidade, Redondela participa no Programa Vacacións en Paz, dedicado á integración de nenos saharauís con familias galegas durante os meses do verán.

Puntualmente a Concellería participa en diversas campañas de colaboración humanitaria con outros países.

En canto á problemática de drogodependencias hai que destacar que a Concellería actúa dende tres aspectos básicos: a educación – prevención, o tratamento e a reinserción. En canto á prevención tratan estes temas na escola de pais, entre outros. O tratamento han de realizalo no Centro de Drogodependencias do Porriño, co conseguinte problema de desprazamento dos individuos necesitados deste servicio. O concello trata de solventar este problema solicitando o tratamento con metadona sen saír de Redondela. A reinserción pasa por contratar a tempo parcial no concello ós individuos tratados con metadona.

A Concellería de Benestar Social trata de adoptar unha política de colaboración co resto dos departamentos do concello; así, exemplo disto é o traballo conxunto coa Policía de Barrio.

Os servicios sociais do concello subvencionan un Centro Ocupacional para diminuídos psíquicos con problemas de esquizofrenia, xestionado con capital privado. Ademais ofertan subvencións anuais a centros culturais, veciñais e xuvenís. Tamén prevén promover a construción de vivendas sociais en Redondela.





A problemática social dos concellos de Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes é moi semellante entre si. Os tres concellos, xunto a dous máis, comparten traballadora social, que vai por cada concello un día por semana. Os asuntos máis acuciantes para resolver nestes tres concellos están relacionados cos anciáns que necesitan asistencia a domicilio, sobre todo en Fornelos e Pazos, e coas solicitudes de axudas sociais para familias con poucos recursos.

As axudas a domicilio son moi demandadas en Fornelos, pois existe gran número de anciáns sós con limitacións físicas e rendas baixas; ademais o servizo prestado resulta insuficiente e supón un gasto grande debido á dispersión da poboación no territorio municipal. O concello vai contratar este ano unha empresa que realice este servizo de axuda a domicilio durante dúas horas en cada vivenda, pero isto resulta insuficiente. En Soutomaior asinou un convenio coa Cruz Vermella para a realización deste servizo e están aprobados catro casos a atender, mentres en Pazos de Borbén os casos son sete. Tamén se vai poñer en marcha a teleasistencia xestionada por esta institución e que levará dous casos no concello de Soutomaior e un caso no de Pazos de Borbén.

O Programa de Emerxencia Social componse de axudas para unidades familiares en estados de extrema necesidade, destinándose a gastos de vivenda e equipamento, arranxos nela e alimentación. Este programa existe nos tres concellos citados aínda que as solicitudes cursadas son poucas. Ademais, os servizos sociais dos concellos estudian e xestionan o reparto de alimentos da Cruz Vermella, efectuando dúas distribucións cada ano.

Os servizos sociais dos tres concellos xestionan as RISGAS (Renda de Integración Social de Galicia) destinadas a garantir uns recursos económicos de subsistencia a quen carece deles á vez que se lle integra nun proxecto personalizado de inserción. En Fornelos hai seis casos aprobados, en Soutomaior cinco e en Pazos tres.

En toda a zona son frecuentes os casos de alcoholismo, cos efectos familiares que isto leva consigo. Tamén existen casos de menores mal atendidos, problemática que derivará en futuros desarraigos escolares e abandono precoz dos estudos.

En canto os programas de compra de libros escolares dicir que os tres concellos están acollidos ás subvencións da Deputación de Pontevedra para axuda á merca destes; a Deputación aporta o 80% e o concello o 20%. En Soutomaior aprobáronse sete solicitudes e en Pazos dúas. No concello de Soutomaior están acollidos dende hai dous anos a un programa da Consellería de Familia para subvencionar a merca de material escolar, no que hai aprobadas cinco solicitudes.

En tódolos concellos xestionanse os programas de vacacións do INSERSO para a terceira idade.

## 6.- TECIDO ASOCIATIVO

Os individuos tenden a agruparse en colectivos sociais que satisfán as súas aspiracións socioculturais e demandas como suxeitos integrantes de comunidades humanas que se relacionan internamente e teñen vencellos comúns. No ámbito local hai que facer unha diferenza entre os concellos de carácter máis rural e os urbanos, pois o tecido asociativo duns e outros varía, aínda que existen asociacións que, polos seus obxectivos, son comúns a ambos espazos.





Nos concellos rurais hai que destacar as comunidades de augas e montes; estas últimas velan polo mantemento dos montes veciñais en man común, mediante a toma de decisións asembleariamente e extensión dos recursos que xera o monte para reinvestimento na comunidade. Estas comunidades de montes destacan nos concellos que posúen bastante superficie forestal, mentres nos máis urbanos teñen menor entidade. As comunidades de montes de Fornelos xestionan o 83% da superficie total do concello, polo que podemos comprobar que neste caso o espazo de monte mancomunado representa unha potencial fonte de recursos no concello; así mesmo, Pazos de Borbén e Soutomaior acadan unha porcentaxe do 59% e 46% respectivamente de monte en man común sobre a total do concello. Pola contra, Redondela, municipio de espazo urbano maior, só conta co 31% de territorio forestal en man común sobre a superficie total.

Polo que respecta ós concellos nos que os comportamentos urbanos se afianzaron dende hai décadas, o tecido asociativo presenta maior variedade e implantación máis forte. Así, con estas características aparece o movemento comunitario de Redondela, onde asociacións de recente aparición nos núcleos de poboación como as ecolóxicas, de mulleres ou de mocidade están a constituírse con forza. Ademais as que xurdiron tralo proceso democrático de finais dos anos 1970 e comezos dos 1980 –veciñais, culturais-, están totalmente afianzadas.

**Figura 122. Montes en mancomún da zona norte**

| Nome                  | Titularidade                    | Hectáreas |
|-----------------------|---------------------------------|-----------|
| Montes da laxe        | Veciños da parroquia da Laxe    | 2.359     |
| Montes de Calvos      | Id. De Calvos                   | 226       |
| Montes de Estacas     | Id. De Estacas                  | 1405      |
| Montes de Fornelos    | Id. De Fornelos                 | 568       |
| Montes de Oitavén     | Id. De Oitavén                  | 213       |
| Montes de Traspuelas  | Id. De Traspuelas               | 969       |
| Montes de Ventín      | Id. De Ventín                   | 671       |
| Total Fornelos        |                                 | 6.411     |
| Montes de Amoedo      | Veciños da parroquia de Amoedo  | 434       |
| Montes de Borbén      | Id. De Borbén                   | 744       |
| Montes de Cepeda      | Id. De Cepeda                   | 246       |
| Montes da Ermida      | Id. Da Ermida                   | 214       |
| Montes de Moscoso     | Id. De Moscoso                  | 244       |
| Montes de Nespereira  | Id. De Nespereira               | 463       |
| Montes de Pazos       | Id. De Pazos                    | 277       |
| Montes de Xunqueiras  | Id. De Xunqueiras               | 184       |
| Total Pazos de Borbén |                                 | 2.806     |
| Montes de Cabeiro     | Veciños da parroquia de Cabeiro | 145       |
| Montes de Cedeira     | Id. De Cedeira                  | 268       |
| Montes de Chapela     | Id. De Chapela                  | 67        |
| Montes de Negros      | Id. De Negros                   | 66        |
| Montes de Quintela    | Id. De Quintela                 | 91        |
| Montes de Reboreda    | Id. De Reboreda                 | 204       |
| Montes de Saxamonde   | Id. De Saxamonde                | 74        |
| Montes de Trasmañó    | Id. De Trasmañó                 | 200       |





|                                |                                |       |
|--------------------------------|--------------------------------|-------|
| Montes de Ventosela            | Id. De Ventosela               | 318   |
| Montes de Vilar                | Id. De Vilar                   | 56    |
| Montes de O Viso               | Id. De O Viso                  | 128   |
| Total Redondela                |                                | 1.617 |
| Montes de A Golbada            | Veciños da parroquia de Arcade | 33    |
| Montes Puntal e Mesacha        | Id.                            | 20    |
| Montes das Chingas e Sanean    | Id.                            | 26    |
| Montes da Peneda               | Id. De Soutomaior              | 24    |
| Montes de Aranza e Cotobade    | Id.                            | 85    |
| Montes de Cabalo               | Id.                            | 299   |
| Montes Chan de Coello          | Id.                            | 40    |
| Montes Espiñeiro               | Id.                            | 228   |
| Montes de Copre e Feria do dez | Id.                            | 23    |
| Montes do Páramo               | Id.                            | 2     |
| Montes Meixueiro               | Id.                            | 2     |
| Montes Landeiro                | Id.                            | 25    |
| Montes de Silvoso              | Id.                            | 66    |
| Montes Pedroso e Laxial        | Id.                            | 53    |
| Montes Cotobade e Castrillón   | Id.                            | 94    |
| Montes Salgueirón e Chain      | Id.                            | 21    |
| Total Soutomaior               |                                | 1.152 |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Montes e Fariña Jamardo, Os Concellos Galegos. 1991

## 7.- A VIVENDA

Dos datos dos censos de vivendas de 1981 e 1991 son destacables as porcentaxes de decrecemento no total de vivendas familiares en Fornelos nese período, dato acorde coa panorámica demográfica xeral que analizamos anteriormente. Pola contra, Redondela e Soutomaior aumentan o número de vivendas construídas nesa década, de acordo tamén co incremento demográfico. Aínda así Soutomaior rexistra taxas de variación negativas en canto ás vivendas ocupadas, o que fai supoñer que neste concello constrúense bastantes edificacións que non son vivenda habitual, probablemente usadas como segunda residencia ou edificadas polos emigrantes.

**Figura 123. Total de vivendas familiares, 1981 e 1991**

|              | Total vivendas familiares |               |             | Vivendas familiares ocupadas |               |             |
|--------------|---------------------------|---------------|-------------|------------------------------|---------------|-------------|
|              | Censo 1981                | Censo 1991    | % variación | Censo 1981                   | Censo 1991    | % variación |
| Fornelos     | 863                       | 803           | -7          | 744                          | 724           | -2,6        |
| Pazos        | 1.091                     | 1.131         | 3,7         | 984                          | 965           | -1,9        |
| Redondela    | 8.617                     | 9.542         | 10,7        | 7.069                        | 7.839         | 10,8        |
| Soutomaior   | 1.504                     | 1.963         | 30,5        | 1.442                        | 1.407         | -2,4        |
| <b>Total</b> | <b>14.056</b>             | <b>15.430</b> | <b>9,7</b>  | <b>12.220</b>                | <b>12.926</b> | <b>5,7</b>  |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1981 e 1991





Segundo o seu destino observamos cómo a porcentaxe de vivendas baleiras é moi elevado en Soutomaior (17%), o cal enlaza co que dixemos anteriormente en canto á variación negativa das ocupadas. O número maior de vivendas secundarias rexístrase en Fornelos e Pazos; isto explícase pola orientación que están tomando estes espazos como lugares afastados dos núcleos urbanos onde disfrutar do medio natural, polo que as familias oriundas destes concellos dedican as súas vivendas como segunda residencia e outros habitantes procedentes de fóra mercan terras para edificar con este obxectivo.

**Figura 124. Total de vivendas familiares segundo o seu destino, 1991**

|              | Principais    |             | Secundarias |            | Baleiras     |             | Outras     |          | Total         |
|--------------|---------------|-------------|-------------|------------|--------------|-------------|------------|----------|---------------|
|              | Total         | %           | Total       | %          | Total        | %           | Total      | %        |               |
| Fornelos     | 625           | 77,8        | 99          | 12,3       | 68           | 8,4         | 11         | 1,3      | 803           |
| Pazos        | 865           | 76,4        | 100         | 8,8        | 159          | 14,05       | 7          | 0,6      | 1.131         |
| Redondela    | 7.335         | 76,8        | 504         | 5,2        | 1.011        | 10,5        | 692        | 7,2      | 9.542         |
| Soutomaior   | 1.319         | 67,1        | 88          | 4,4        | 341          | 17,3        | 215        | 10,9     | 1.963         |
| <b>Total</b> | <b>10.144</b> | <b>74,5</b> | <b>791</b>  | <b>7,6</b> | <b>1.579</b> | <b>12,5</b> | <b>925</b> | <b>5</b> | <b>13.439</b> |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1991

## 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO

### 8.1. FORNELOS DE MONTES

#### Infraestructuras

##### Infraestructura viaria

Fornelos está comunicado por estradas de carácter comarcal: G-531, PO-251. A máis destacada é a comarcal que percorre Redondela, Pazos e Fornelos, caracterizada por ser unha vía inferior a 6 m de ancho, con curvas que superan os 40 m de radio. O trazado desta vía segue un camiño real antigo, sufriu poucas modificacións ó longo do tempo; aínda así é a estrada que rexistra un maior volume de vehículos, que oscila entre 1.000 e 1.200 entre as 6 e as 19 horas á altura de Pazos de Borbén. Bótase en falta unha mellor sección transversal das estradas comarcais, sobre todo da PO-251, PO-244 e PO-250 que habería que facer compatibles coas necesidades da zona.

De carácter municipal e/ou provincial está a estrada Fornelos-Ventín-Estacas, Fornelos-Traspielas-Freaza e a que vai dende A Lama ata Laxe. O concello consta de numerosos camiños asfaltados que comunican núcleos da mesma parroquia ou doutras limítrofes. Por outra banda, camiños e pistas forestais son os que comunican a poboación cos recursos (montes, leiras, etc)

##### Infraestructuras básicas

En Fornelos existen redes de abastecemento de augas en tódolos núcleos de poboación, sendo de carácter municipal as da parroquia de Fornelos, Calvos e Ventín, e de carácter veciñal as restantes. Así mesmo, existe rede de sumidoiros para a conducción de augas residuais que son verquidas ó río, pasando antes por un decantador primario.





Respecto ó encoro de Eiras, nos anos 1970 a Confederación Hidrográfica do Norte aprobou a concesión do encoro ó concello de Vigo. Este contratou á empresa privada Seragua para a xestión, explotación e distribución do recurso.

Por outra banda a vila conta con rede de sumidoiros. Nas parroquias rurais e nos núcleos que non forman parte dun continuo urbano o tratamento de residuos adóitase facer mediante fosas sépticas individuais e pozos negros. Hai servizo de recollida de residuos sólidos en todo o municipio e un vertedoiro xestionado polo concello. No Plan Xeral de Residuos Sólidos da Comunidade Autónoma, Fornelos encádrase no sector de Vigo, subsector de Pontearreas.

### 🔗 Servizos e equipamentos

**Figura 125. Servizos existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 0 | Educación primaria | 0 | Ed. infantil e primaria | 1 | Centros secundaria | 0 | Centros FP | 0 |

| DEPORTES           |   |
|--------------------|---|
| Centros deportivos | 3 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| Bancos                | 0 | Caixas aforro | 2 |

| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |   |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|---|
| Hotéis     | 0 | Hostais | 0 | Camping | 0 | Outras categorías | 0 | Total prazas | 0 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### 🔗 Patrimonio Histórico-Artístico

#### Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil







#### Pazos e casas

- /// Casa dos Alemparte
- /// Casa de Marrán

#### Pontes e viaductos

- /// Ponte de Berducido en Estacas
- /// Ponte medieval en Laxe



Ponte de Berducido

#### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

##### Igrexas, capelas e ermidas

- /// Capela de San Caetano en Estacas
- /// Capela de San Amaro en Estacas
- /// Capela de San Amaro en Traspielas
- /// Capela de Santa Cruz en Fornelos
- /// Igrexa parroquial de San Xosé da Laxe
- /// Igrexa parroquial de San Adrián de Calvos
- /// Igrexa parroquial de Santa María de Estacas
- /// Igrexa parroquial de San Lourenzo de Fornelos
- /// Igrexa parroquial de San Vicente de Oitavén
- /// Igrexa parroquial de Santa María de Traspielas
- /// Igrexa parroquial de San Miguel de Ventín



Igrexa de Santa María de Estacas

#### c) Patrimonio etnográfico

- /// Peto de ánimas de San Lourenzo
- /// Chozos, na serra do Suído (construcións de montaña utilizadas para servir de refuxio ó pastor e ó gando)
- /// Foxo de lobo de Coto do Corgo (construcións para a caza do lobo) en Ventín.

#### d) Lugares de interese e espazos de lecer.

- /// Encoro de Eiras
- /// Serra do Suído
- /// Carballeira do río Barragán

## 8.2. PAZOS DE BORBÉN

### /// Infraestructuras

#### Infraestructura viaria

O concello de Pazos unicamente está atravesado pola rede de estradas autonómicas, provinciais e locais. Dentro da rede autonómica pasan por este municipio a estrada PO-250, de Redondela a Fornelos, a PO-252 de Mondariz a Moscoso, que enlaza coa anterior neste último núcleo, a PO-253 de Prado a Pazos e as estradas de Amoedo ós Valos e de Amoedo a Soutomaioir.





A rede provincial está formada polas estradas de Pazos ata a PO-253, Pazos-Padróns, Nespereira-Redondela e Mosteiro-Mondariz.

A rede municipal conta con 23 km de estradas e inclúense as de Moscoso-Calvos, Pazos-Ermida, PO-253, Cuartos-Mosteiro, a da pista de Sequeiros, Campiño-Torrente, Alvite-Valado, Cuartos-Estrada de Padróns, Xunqueiras-Muras, Moscoso-Ermida, Cepeda-O Galleiro. Agás a estrada de Alvite a Valado e a de Xunqueira a Muras o seu estado de conservación é malo e non posúen ningunha sinalización.

O único proxecto existente en canto a infraestruturas viarias é a mellora da PO-250 de Redondela a Fornelos.

En Pazos de Borbén existe unha estación de servizo.

#### Infraestructuras básicas

En canto ó abastecemento de augas Pazos só conta cunha captación de carácter municipal na capital do concello; é unha captación de tipo manancial, instalada por gravidade. A rede que abastece este núcleo está formada por 2 km de tubería que distribúe a auga dende un depósito instalado en superficie en boas condicións de conservación. Esta rede data do ano 1974 e presenta déficit de abastecemento. En 1990 instalouse unha rede de abastecemento municipal que surte o núcleo de Moscoso, captando a auga no río Barragán. A rede de abastecemento de augas de tipo veciñal segue funcionando, mediante a captación en mananciais.

Non existe depuradora para tratamento da auga, este é realizado por unha compañía privada mediante cloración no depósito.

A rede de sumidoiros está instalada no lugar de Igrexa en Amoedo, cubríndose ata o momento actual o 20% da rede. Ademais ampliouse ás parroquias de Moscoso e Nespereira, estando executado o 25% da rede.

Os residuos líquidos que recolle a rede antes citada son tratados mediante o sistema de fosa séptica instalada en 1985; esta presenta un bo estado de conservación aínda que a depuración que realiza considérase inadecuada.

Os verquidos fanse directamente ó río por medio dun emisario de 50 m de lonxitude en bo estado de conservación.

Os demais núcleos de poboación posúen saneamento autónomo do tipo pozo negro ou fosa séptica.

Existe recollida de lixo no concello, servizo implantado no ano 1999.

Todo o concello posúe subministro de enerxía eléctrica e tódolos núcleos de poboación contan con alumeado público. O servizo telefónico está cuberto, unicamente as parroquias de A Ermida e Xunqueiras contan só con teléfono público.

Non existe servizo de extinción de incendios constituído con cadro de persoal permanente pero si dispón o concello dun auto-bomba para o devandito servizo.





### /// Servizos e equipamentos

Figura 126. Servizos existentes no concello

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 3 | Educación primaria | 0 | Ed. infantil e primaria | 1 | Centros secundaria | 0 | Centros FP | 0 |

| DEPORTES           |   |
|--------------------|---|
| Centros deportivos | 2 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| Bancos                | 0 | Caixas aforro | 1 |

| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|----|
| Hotéis     | 0 | Hostais | 1 | Camping | 0 | Outras categorías | 0 | Total prazas | 14 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### /// Patrimonio Histórico-Artístico

#### Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil

###### *Pazos e casas*

- /// Casa rectoral de Moscoso
- /// Casa Vila Salina
- /// Casa de Clementina Martínez

##### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

###### *Igrexas, capelas e ermidas*

- /// Capela do Carme de Nespereira
- /// Igrexa parroquial de San Sadurniño de Amoedo



Igrexa de san Salvador de as Xunqueiras

- /// Igrexa parroquial de Santiago de Borbén
- /// Igrexa parroquial de San Pedro de Cepeda





- /// Igrexa parroquial da Nosa Señora da Anunciación de A Ermida
- /// Igrexa parroquial de San Paio de Moscoso
- /// Igrexa parroquial de San Martiño de Nespereira

- /// Igrexa parroquial de Santa María de Pazos
- /// Igrexa parroquial de San Salvador de as Xunqueiras

c) Patrimonio etnográfico

- /// Peto de ánimas de Borbén

d) Lugares de interese e espacios de lecer.

- /// Val do río Pequeño
- /// Miradoiro do Santo Aparecido

### 8.3. REDONDELA

#### /// Infraestructuras

##### Infraestructura viaria

A rede viaria xeral componse de estradas estatais, autonómicas, provinciais e locais. Pola súa importancia salientaremos as de ámbito nacional e autonómico.

Non hai que esquecer tampouco a autoestrada A-9 que discorre paralela a beiramar ata que se separa para atravesar a ría de Vigo. Polas súas características é un vial con grande incidencia territorial, non só polas súas dimensións senón tamén polas proteccións esixidas na súa beira.

A rede de estradas que atravesa o concello está composta polas seguintes vías:

N-552, que bordea a costa ata a súa conexión en Redondela coa CN-550. É case unha vía urbana xa que posúe edificación en ámbalas dúas beiras.

N-550, procedente do interior discorre paralela ó río Maceiras. Está urbanizada ó seu paso polo núcleo urbano de Redondela e soporta un tráfico moi intenso.

N-555, de Redondela ó aeroporto de Vigo, soporta grande cantidade de tráfico e posúe características inadecuadas de sinalización e trazado para o volume de tránsito que rexistra.

Da rede autonómica e provincial salientar a estrada de Fornelos e a denominada Avenida de Vigo ó seu paso pola parroquia de Chapela, urbanizada neste tramo.

##### Infraestructuras básicas

A infraestrutura do abastecemento de augas no termo municipal de Redondela presenta dúas vertentes, unha de tipo municipal e outra privada de comunidades de usuarios. A rede municipal abastece ó núcleo urbano de Redondela-Cesantes e o de Chapela. Á parte deste servizo existen no resto das parroquias redes veciñais e pozos particulares.





O abastecemento a Cesantes vén a través do núcleo urbano dende o depósito de Quintela, pola estrada de Redondela a Cesantes. A rede que abastece Chapela provén dunha captación no río Fondón dirixida a un depósito situado na zona baixa do lugar de Cidadelle, cunha capacidade de 400 m<sup>3</sup>. Esta rede de distribución é de pvc, estando prevista a súa substitución por tubería de fundición. O abastecemento de augas a Redondela procede exclusivamente da captación realizada pola Confederación Hidrográfica no río Louro, no veciño concello de Pazos de Borbén, que conduce a auga ata o depósito construído en Quintela, cunha capacidade de 4.000 m<sup>3</sup>.

En 1993 produciuse a concesión municipal do servizo de abastecemento de auga por 25 anos á empresa SERAGUA.

Os recursos hídricos utilizados para o abastecemento de auga proceden de captacións realizadas nos ríos Fondón e Mouro, e de mananciais.

A rede de sumidoiros non abrangue todo o territorio do concello, hai parroquias e lugares que só contan con fosas sépticas e pozos negros. Os núcleos e parroquias que están totalmente conectados á rede de sumidoiros son os de Redondela capital, Cesantes, Chapela e algúns lugares doutras parroquias.

No núcleo urbano de Redondela existe rede de sumidoiros de tipo separativo; os verquidos envíanse ós colectores xerais instalados ó longo da Avenida do Alvedosa, confluindo estes na estrada de Cesantes – Redondela para o seu posterior verquido na depuradora construída na marisma de Santa Mariña. Nesta depuradora recóllense os verquidos de Cedeira, Cesantes, Reboreda, O Viso e Ventosela.

En Chapela existe rede en case tódolos barrios agás en pequenas zonas de Laredo, con verquidos ó mar e ós ríos Padín e Folón.

En Cesantes existe rede de sumidoiros nos barrios de Outeiro das Penas, Carballiño, San Pedro, Porta-Levada e A Pantalla, así como no treito da estrada N-550, dende o colexio público ata a súa unión co colector localizado na marisma, desaugando na depuradora.

En Ventosela existe rede en parte do barrio de Castiñeira, vertendo no colector xeral de Reboreda. Tamén no barrio de Vilar do Mato, vertendo este no colector que recolle os verquidos de Cesantes e O Viso.

No Viso hai rede de sumidoiros ó longo da estrada da Peneda e unha parte da estrada a Soutomaior. Desauga no colector situado na N-550 que verte posteriormente na depuradora de Redondela.

En Reboreda existe rede conectada o colector xeral de Redondela e no barrio de Cruceiro en Cedeira hai unha pequena rede que se une á xeral de Redondela.

### Servicios e equipamentos

**Figura 127. Servizos existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 3 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 1 | Hospitals (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |





|                    |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
| Educación infantil | 8 | Educación primaria | 2 | Ed. infantil e primaria | 9 | Centros secundaria | 3 | Centros FP | 3 |

|                    |   |
|--------------------|---|
| DEPORTES           |   |
| Centros deportivos | 7 |

|                       |    |               |    |
|-----------------------|----|---------------|----|
| ENTIDADES FINANCEIRAS |    |               |    |
| Bancos                | 15 | Caixas aforro | 10 |

|            |   |         |   |         |   |                   |   |              |     |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|-----|
| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |     |
| Hotéis     | 0 | Hostais | 5 | Camping | 1 | Outras categorías | 8 | Total prazas | 373 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### Patrimonio Histórico-Artístico

#### Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil

###### *Pazos e casas*

- ~~///~~ Pazo de Petán ou de Santa Teresa
- ~~///~~ Pazo dos Pousadouros
- ~~///~~ Pazo de Torres de Agrelo
- ~~///~~ Casa de Carballo
- ~~///~~ Casa Grande de Reboreda
- ~~///~~ Casa dos Queimaliños, dos Pregos Montaos
- ~~///~~ Casa rectoral do Viso
- ~~///~~ Casa da Torre e os Pregos de Montaos
- ~~///~~ Casa de Torrecedeira en Cedeira
- ~~///~~ Casa Masiel
- ~~///~~ Casa Alfóndiga



*Casa Grande de Reboreda*

- ~~///~~ Casa de Quintela
- ~~///~~ Casa de Mañó
- ~~///~~ Casa San Román
- ~~///~~ Casa Soutoxusto
- ~~///~~ Casa Múzquiz
- ~~///~~ Casa Castricán

###### *Pontes e viaductos*

- ~~///~~ Viaducto de Pontevedra en Redondela
- ~~///~~ Viaducto de Madrid en Redondela
- ~~///~~ Ponte da illa de San Simón en Cesantes



*Viaducto de Madrid*





b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

*Igrexas, capelas e ermidas*

- /// Capela de Santa Mariña ou das Angustias
- /// Capela de San Vicente do Viso
- /// Capela de San Paio de Reboreda
- /// Ermida da Virxe das Neves do Viso
- /// Igrexa parroquial de San Pedro de Cesantes
- /// Igrexa parroquial de San Fausto de Chapela
- /// Igrexa parroquial de Santo Estevo de Negros
- /// Igrexa parroquial de San Mamede de Quintela
- /// Igrexa parroquial de Santa María de Reboreda
- /// Igrexa parroquial de San Román de Saxamonde
- /// Igrexa parroquial de San Vicente de Trasmañó
- /// Igrexa parroquial de San Martiño de Ventosela
- /// Igrexa parroquial de San Martiño de Vilar de Infesta
- /// Igrexa parroquial de Santa María do Viso
- /// Igrexa parroquial de Cabeiro
- /// Igrexa parroquial de Cedeira
- /// Igrexa do vello convento xustiniano
- /// Convento Vilavella



*Capela de san Paio de Reboreda*

c) Patrimonio etnográfico

*Cruceiros, cruces, petos de ánimas*

- /// Cruceiro da praza de Pontearreas
- /// Cruceiro de San Paio
- /// Cruceiro e peto de ánimas da vila de Redondela

d) Lugares de interese e espazos de lecer.

- /// Praia de Area Longa en Chapela
- /// Areal de Cesantes

## 8.4. SOUTOMAIOR

### /// Infraestructuras

#### Infraestructura viaria

A estrada N-550, no tramo Pontevedra-Redondela, é o eixo viario estruturante do concello, por máis que o seu paso polo termo municipal se produza de xeito tanxencial. A partir desta vía, e perpendicular a ela, xorde a PO-244, estrada local que atravesa o concello de oeste a leste para logo en dirección noroeste dirixirse a Pontecaldelas. Dende esta estrada xorde a PO-P-2441, estrada que leva a Amoedo (Pazos de Borbén); e a PO-V-2443 con dirección ó Viso ata atopar coa PO-V-2442, discorrendo esta entre Redondela (N-556) e a PO-P-2441 antes citada.

A parte do sistema xeral, existe unha rede de estradas e camiños municipais que teñen por obxecto achegar os distintos núcleos de poboación entre si e que na actualidade aparecen afirmados con asfalto e dotados de servizos. Ademais destes camiños hai que facer referencia ó viario interno dos núcleos de poboación, tamén maioritariamente asfaltados.





O concello de Soutomaior está comunicado por ferrocarril mediante a liña A Coruña-Vigo que, no oeste deste municipio, pasa paralela á N-550; posúe unha estación na parroquia de Arcade.

#### Infraestructuras básicas

O sistema de abastecemento de augas non posúe canalización municipal para tódolos núcleos, ata agora a rede municipal chega ós núcleos de Arcade vila mentres o resto deles teñen abastecementos de carácter veciñal.

A rede municipal abastécese da auga que se capta para Vigo no encoro de Eiras; regúlase a través do depósito situado nun outeiro coñecido como Chan do Coello que ten capacidade para almacenar 2.600 m<sup>3</sup>. A liña de conducción dende Chan do Coello pasa por Rial e ten unha conexión en Toural para abastecer ós núcleos máis orientais. Dende aquí e ata Arcade percorre pola estrada PO-244 a través dunha tubería ata o depósito de Xesteira, a fin de poder subministrar auga á futura zona de desenvolvemento industrial ou turística que se situará no norte, sur e leste da zona do campo de fútbol de Arcade.

Á parte das redes de abastecemento de augas que sinalamos anteriormente, o xeito tradicional de abastecerse no concello segue sendo o sistema individual de pozos, polo que a práctica totalidade das vivendas teñen auga corrente.

En canto á rede de saneamento hai que salientar que en Soutomaior aínda quedan núcleos de poboación sen incorporar a esta. Nos núcleos rurais o saneamento resólvese con pozos negros e fosas sépticas de carácter individual. Na parroquia de Arcade si existe rede de sumidoiros.

Existe un servizo municipal de recollida de lixo que funciona dous días á semana en Soutomaior e tódolos días laborais en Arcade.

#### 🔧 Servizos e equipamentos

**Figura 128. Servizos existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 2 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 2 | Educación primaria | 0 | Ed. infantil e primaria | 3 | Centros secundaria | 1 | Centros FP | 1 |

| DEPORTES           |   |
|--------------------|---|
| Centros deportivos | 4 |








| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| Bancos                | 4 | Caixas aforro | 2 |

| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |     |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|-----|
| Hotéis     | 3 | Hostais | 0 | Camping | 0 | Outras categorías | 1 | Total prazas | 105 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### /// Patrimonio Histórico-Artístico.

As terras de Soutomaioir conservan vestixios da época medieval representados polo Castelo de Soutomaioir, símbolo do poder e dominios da nobreza galega. Os primeiros restos desta fortaleza datan do século XI; fixéronse ampliacións e reformas no século XV e foi reconstruído nos anos 1780, 1870 e 1987. Posúe dúas cercas altas almeadas, podendo subir a unha delas mediante escaleiras voadas. Conserva ademais portas antigas, ponte levadiza e torres de defensa de planta rectangular.



Castelo de Soutomaioir

#### Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil

###### *Pazos e casas*

- /// Casa da Pedreira

###### *Arquitectura militar e defensiva*

- /// Castelo de Soutomaioir

###### *Pontes e viaductos*

- /// Ponte Sampaio en Arcade
- /// Ponte de Comboa en Soutomaioir
- /// Ponte sobre o Oitavén en Soutomaioir



Ponte Sampaio

##### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

###### *Igrexas, capelas e ermidas*

- /// Capela de Aranza en Soutomaioir
- /// Capela de San Caetano no castelo de Soutomaioir
- /// Igrexa parroquial de Santiago de Arcade
- /// Igrexa parroquial de San Salvador de Soutomaioir



Igrexa de Santiago de Arcade

##### c) Patrimonio etnográfico

###### *Cruceiros, cruces, petos de ánimas e muíños*

- /// Cruceiro de Aranza





- /// Cruceiro no adro da igrexa de San Salvador
- /// Cruceiro e peto de ánimas do Cristo da Agonía
- /// Muíños no río Oitavén

d) Lugares de interese e espazos de lecer.

- /// Miradoiro da Ermida
- /// Refuxio de Soutomaior
- /// Parque dos nenos Rosalía de Castro

## 9.- CULTURA POPULAR

Nesta zona, como en case toda Galicia, son importantes as festas relixiosas que veneran ós santos patróns de cada parroquia. Así, e sen enumerar tódalas celebracións, destacamos a romaría do Santo Aparecido celebrada no mes de agosto na parroquia de Borbén, a de San Lourenzo tamén no verán en Fornelos ou a de San Caetano na parroquia de Estacas. Mención especial merece a celebración do Corpus en Redondela, onde se une a tradición relixiosa e a pagana; as rúas adórnanse con alfombras florais para o paso da Procesión do Santísimo. A tradición pagana perdura no desfile da "Coca", dragón mítico que sae ás rúas acompañado de xigantes e cabezudos. Os actos teñen como colofón a mostra de danzas antigas como a das sete espadas.

Verbo das mostras gastronómicas son salientables a "Festa do Choco" en Redondela e a da "Ostra" na parroquia de Arcade, en Soutomaior, acompañada polos viños albariño producidos nalgunhas zonas deste concello. No interior é destacable, aínda que non se celebre con romaría gastronómica, o cocido feito con produtos da casa en Pazos e Fornelos, e as empanadas elaboradas nos fornos de leña neste último concello.







· V. VAL MIÑOR

· VAL MIÑOR  
VAL MIÑOR







## 1. - ÁMBITO TERRITORIAL




Vista panorámica do Val Miñor

O Val Miñor está composto polos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, todos eles pertencentes á comarca de Vigo, formando parte da súa Área Metropolitana distando tan só 22, 21 e 14 Km, respectivamente da cidade olívica.

O concello de Baiona limita ó norte co océano Atlántico e Nigrán; ó leste con Gondomar; polo sur con Oia; e polo oeste con Oia e o Atlántico. O seu territorio caracterízase por ser de escasa altitude media destacando as maiores elevacións na serra da Groba.

Figura 129. Relevo e rede fluvial do Val Miñor



Fonte: Elaboración propia

Gondomar limita polo norte con Vigo, polo leste con Vigo, O Porriño e Tui; polo sur con Tui, Tomiño e Oia; e polo oeste con Baiona e Nigrán. Atópase percorrido polos ríos Miñor, Zamáns e Groba. O máis característico deste concello son os tres quilómetros de lonxitude de costa fluvial, ademais da súa riqueza baseada fundamentalmente no turismo, agricultura, gandería e aproveitamentos forestais.

Finalmente, Nigrán é o concello máis próximo a Vigo, limitando con este polo norte; ó leste ten a Gondomar, ó sur o de Gondomar e Baiona e ó oeste o Atlántico.

Os tres concellos que conforman o Val Miñor supoñen o 21% da superficie total da MAIV, sendo Gondomar o que maior superficie abrangue con case 74 Km<sup>2</sup>, rebasando deste xeito a media dos concellos da provincia de Pontevedra, a onde pertence, que é de 71,57 Km<sup>2</sup>; mais inferior á media dos concellos de Galicia que é de 93,97 Km<sup>2</sup>.

Figura 130. Superficie dos concellos do Val Miñor

| Concello | Superficie (km <sup>2</sup> ) | % sobre MAIV | Parroquias |
|----------|-------------------------------|--------------|------------|
| Baiona   | 31,1                          | 4,7          | 6          |
| Gondomar | 73,4                          | 11,1         | 10         |
| Nigrán   | 32,9                          | 5            | 7          |

Fonte: Fariña Jamardo, Os concellos galegos. 1991

O número de parroquias que se poden contabilizar neste espazo é un total de 23, o que supón, aproximadamente, o 20% do total da MAIV. Comprenden 305 entidades espalladas por todo o territorio





dando como resultado un hábitat disperso se ben as liñas de costa sempre acollen un maior volume de poboación e edificacións.


**Figura 131. Parroquias e entidades de poboación dos concellos do Val Miñor**

| Concello | Parroquias             | Entidades | Extensión (km <sup>2</sup> ) |
|----------|------------------------|-----------|------------------------------|
| Baiona   | Baiña                  | 8         | 6,2                          |
| Baiona   | Baiona (núcleo urbano) | 1         | 0,6                          |
| Baiona   | Baiona                 | 4         | 1,2                          |
| Baiona   | Baredo                 | 12        | 7,5                          |
| Baiona   | Belesar                | 4         | 10,6                         |
| Baiona   | A Ramallosa            | 17        | 5                            |
| Baiona   | Total                  | 46        | 31,1                         |
| Gondomar | Borreiros              | 20        | 5                            |
| Gondomar | Couso                  | 14        | 8,7                          |
| Gondomar | Chain                  | 11        | 5,6                          |
| Gondomar | Donas                  | 19        | 7,5                          |
| Gondomar | Gondomar               | 18        | 2,5                          |
| Gondomar | Mañufe                 | 24        | 11,8                         |
| Gondomar | Morgadães              | 21        | 13,1                         |
| Gondomar | Peiteiros              | 8         | 4,3                          |
| Gondomar | Vilaza                 | 14        | 3,1                          |
| Gondomar | Vincios                | 15        | 11,8                         |
| Gondomar | Total                  | 164       | 73,4                         |
| Nigrán   | Camos                  | 16        | 6,8                          |
| Nigrán   | Chandebrito            | 4         | 5                            |
| Nigrán   | Nigrán                 | 15        | 5                            |
| Nigrán   | Panxón                 | 15        | 3,7                          |
| Nigrán   | Parada                 | 9         | 4,3                          |
| Nigrán   | Priegue                | 15        | 3,1                          |
| Nigrán   | A Ramallosa            | 21        | 5                            |
| Nigrán   | Total                  | 95        | 32,9                         |

Fonte: Farina Jamardo, Os concellos galegos. 1991

Os usos do solo predominantes nesta comarca son os destinados ós labores intensivos localizados principalmente no val que percorre en forma de Y inclinado o Val Miñor. A medida que ascendemos en altitude atopamos coníferas, eucalipto así como a mestura destas dúas especies, fenómeno normal en Galicia se temos en conta que os propietarios dos montes o que buscan é obter do monte ó máximo beneficio nun prazo de tempo curto, de aí a plantación masiva de eucaliptos. Por outra banda, o único solo improductivo loxicamente atopámolo na costa, mentres que como observamos no mapa os prados e pastizais son practicamente inexistentes.

**Figura 132. Usos do solo no Val Miñor**



Elaboración propia






## 2.- ANÁLISE DEMOGRÁFICA

Un aspecto importante a considerar dentro do estudo socioeconómico so é a poboación que reside nos distintos concellos, a súa distribución e a súa evolución, dado que en función das súas características o dinamismo e as necesidades da área serán moi distintas.

No que se refire ós asentamentos humanos existentes na comarca do Val Miñor, observamos que a meirande parte dos núcleos emprázanse nos vales fluviais donde as condicións son máis favorables, e perto da costa; pola contra, canto máis nos afastamos do litoral e ascendemos en altitude máis dispersos son os asentamentos humanos.

Figura 133. Distribución dos asentamentos



Fonte: Elaboración propia


Se nos fixamos na figura 127 observamos que en xeral tódolos concellos do Val Miñor experimentaron un crecemento positivo do continxente da poboación, aínda que cómpre subliñar o auxe que se produxo en Nigrán, que nese período case duplicou o número de persoas que nel residen. Non debemos esquecer que Nigrán é un concello limítrofe con Vigo, situado ó sur da cidade e que en certa medida se podería considerar nalgúns aspectos como unha continuación da aglomeración urbana viguesa, xa que o poboamento é moi semellante. Así mesmo, a mellora das comunicacións permite á xente que reside en Nigrán desprazarse ó seu centro de traballo en Vigo en pouco tempo o que sen lugar a dúbidas supón un factor de atracción para residir nel.

Figura 134. Evolución da poboación

| Anos      | Baiona | Gondomar | Nigrán |
|-----------|--------|----------|--------|
| 1960      | 6.585  | 8.133    | 8.085  |
| 1970      | 7.887  | 8.679    | 9.048  |
| 1981      | 9.702  | 10.009   | 12.336 |
| 1986      | 10.066 | 10.161   | 13.985 |
| 1991      | 9.690  | 10.440   | 14.008 |
| 1996      | 10.499 | 11.147   | 15.197 |
| 1998      | 10.443 | 11.190   | 15.422 |
| 1998-1960 | 3.858  | 3.057    | 7.337  |

Fonte: IGE.

Figura 135. Evolución da poboación 1960-1998



Fonte: IGE.

Baiona e Gondomar seguen unha evolución demográfica moi parella, positiva como corresponde ós concellos que se emprazan ó longo da costa galega, pero ó mesmo tempo moderada ata 1996 para permanecer na actualidade (1998) nun proceso de estancamento.

En canto á densidade de poboación, o Val Miñor é o que posúe maior densidade de todo o territorio galego, e unha nas que existe un maior movemento demográfico.







**Figura 136. Densidade de poboación**


|          | Poboación 1998 | Superficie km <sup>2</sup> | Densidade (hab/km <sup>2</sup> ) |
|----------|----------------|----------------------------|----------------------------------|
| Baiona   | 10.443         | 34,3                       | 304,4                            |
| Gondomar | 11.190         | 74,8                       | 149,5                            |
| Nigrán   | 15.422         | 35                         | 440,6                            |

Fonte: Elaboración propia

Os concellos que rexistran maiores densidades son Nigrán, seguido de Baiona, moi superiores á media galega que é de 95,16 hab/km<sup>2</sup>, e á de Pontevedra 197,5 hab/km<sup>2</sup>. Isto explicase en relación á súa localización próxima á cidade de Vigo, ó seu carácter costeiro e as características do entorno natural, polo que se están a converter nun emprazamento ideal para os grupos sociais emerxentes que buscan establecerse en lugares con maior calidade de vida que a que pode ofertar unha cidade onde o amoreamento e a especulación urbana redunda no modo de vida da súa poboación e nos éxodos cara as periferias da cidade, producindo unha situación de *commuting* como está a suceder nas cidades occidentais nesta fin de século.

Se analizamos a estrutura por idades apreciamos que os tres concellos do Val Miñor están moi igualados en canto a estrutura da súa poboación. Apréciase unha maior proporción de adultos (70%) polo que existe unha grande porcentaxe de poboación activa que pode soportar ós dependentes mozos e vellos, o que non é habitual na maioría dos concellos galegos, sobre todo os do ámbito rural que se caracterizan pola perda progresiva da poboación moza. Mais debemos ter en conta que o Val Miñor é unha área costeira que vai actuar como polo de atracción para novos residentes como acontece ó longo do litoral galego.

**Figura 137. Distribución da poboación por grupos de idade, 1996**



Fonte: IGE. Padrón 1996

Se nos centramos nos grupos concretos de idade temos que no que respecta á xente moza menor de 25 anos, Gondomar é o concello que ten unha porcentaxe maior co 37,1%, quizais debido a que a xente moza busca neste concello unha vivenda a prezo asequible para residir; mentres que o continxente poboacional abranguido nestas idades en Nigrán está por debaixo da media para o Val Miñor (36,4) cun 35,5%. Baiona, pola súa banda, atópase nunha posición intermedia cunha porcentaxe do 36,7%. Sen embargo, é moi distinta a situación para o grupo de adultos entre 26 e 64 anos, pois mentres Baiona e Nigrán superan a media do Val Miñor non acontece o mesmo para Gondomar. Neste senso, hai que ter en conta que nos últimos anos foi importante o volume de xente adulta, cun poder adquisitivo elevado -sobre todo profesionais liberais- que se foi a residir a Nigrán, de aí a súa maior representatividade. Por outra banda, o grupo de maiores de 65 anos é menor do 12,26% -media para o Val Miñor- en Baiona o que é significativo dunha poboación aínda moza, mentres que en Nigrán e sobre todo en Gondomar superan esa porcentaxe o que pode levar consigo unha serie de necesidades no ámbito da seguridade social así como a existencia de certas demandas sociais para os maiores.





**Figura 138. Estructura da poboación por idades en números absolutos e porcentaxes**


|                  | 0-15 anos                     | 15 A 64 anos                  |                                | 65 e máis anos                | Total 1996    | Total 1998    |
|------------------|-------------------------------|-------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|---------------|---------------|
|                  |                               | 15-25                         | 26-64                          |                               |               |               |
| Baiona           | 1.850<br>17,62%               | 2.012<br>19,16 %              | 5.410<br>51,52%                | 1.227<br>11,68%               | 10.499        | 10.443        |
| Gondomar         | 2.046<br>18,35%               | 2.098<br>18,82%               | 5.564<br>49,91%                | 1.439<br>12,90%               | 11.147        | 11.190        |
| Nigrán           | 2.578<br>16,96%               | 2.832<br>18,63%               | 7.936<br>52,22%                | 1.851<br>12,18%               | 15.197        | 15.422        |
| <b>Val Miñor</b> | <b>6.474</b><br><b>17,57%</b> | <b>6.942</b><br><b>18,84%</b> | <b>18.910</b><br><b>51,32%</b> | <b>4.517</b><br><b>12,26%</b> | <b>36.843</b> | <b>37.045</b> |

Fonte: IGE. Padrón 1996 e Revisión do Censo 1998

Atendendo ás pirámides de poboación observamos que en xeral a estrutura por idades da poboación do Val Miñor se caracteriza por ser aínda moza, pois se ben a forma das pirámides é con tendencia á ánfora aínda podemos percibir unha certa triangulación das mesmas o que demostra unha dinámica de crecemento demográfico que supón un potencial para o desenvolvemento económico da área.

Sen embargo, as cohortes menores ós 15 anos redúcense dun modo moi considerable en todas elas, seguindo as pautas de natalidade dominantes no resto de Galicia, o que supón un descenso forte que non garante o relevo xeracional desta poboación.

**Figura 139. Pirámides de poboación dos concellos dos concellos do Val Miñor**



Fonte: IGE. Padrón 1996

A emigración apenas se reflicte nos grupos de idade de 50 e 60 anos, correspondentes ós fluxos migratorios que aconteceron durante a década dos anos 60 e 70 cara centroeuropa. O que si se aprecia é que se ben nos grupos de adultos máis mozos hai un predominio dos homes a medida que avanzamos en idade estes se reducen para dar paso a un predominio feminino, resultado da maior esperanza de vida das mulleres.





O crecemento vexetativo é positivo nos tres concellos destacando sobre todo a media de Baiona, todo o contrario do que acontece coa media galega que nestes momentos é de carácter negativo.

**Figura 140. Movemento natural da poboación, 1996**

|          | Nacementos  |      | Defuncións  |      | Crec. Vexetativo |      |
|----------|-------------|------|-------------|------|------------------|------|
|          | Media 90-94 | 1996 | Media 90-94 | 1996 | Media 90-94      | 1996 |
| Baiona   | 100         | 91   | 76          | 64   | 24               | 27   |
| Gondomar | 116         | 94   | 84          | 79   | 32               | 15   |
| Nigrán   | 137         | 144  | 101         | 124  | 36               | 20   |

Fonte: IGE. Galicia en cifras. 1997

Se analizamos a taxa de natalidade media do Val Miñor, esta é do 8,9‰, similar á media galega, que se acerca ó 8‰, mentres que a taxa de mortalidade ronda o 7,24‰, moito menor ca media galega que acada o 10‰. Destas cifras conclúese que o crecemento natural positivo da poboación de Val Miñor non se debe ás altas taxas de natalidade en comparación coa media galega, senón ós baixos índices de mortalidade debido a escasa poboación vella que se localiza nestes tres concellos.

O saldo migratorio é positivo no conxunto do Val Miñor, sendo Nigrán o que destaca con diferenza sobre o resto. O que se aprecia tanto nas emigracións como inmigracións internas é que a xente se move cara ós lugares máis próximos, neste caso os concellos da provincia de Pontevedra, sendo case inexistentes os desprazamentos cara outras provincias ou comunidades autónomas.

**Figura 141. Emigración interna (provincias de destino), 1995**

|          | Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|----------|--------|------|---------|------------|-------|
| Baiona   | 8      | 0    | 6       | 108        | 122   |
| Gondomar | 4      | 0    | 3       | 151        | 158   |
| Nigrán   | 9      | 2    | 14      | 224        | 249   |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995

**Figura 142. Emigración externa (lugares de destino), 1995**

|          | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | Pais Vasco | Resto | Total |
|----------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|------------|-------|-------|
| Baiona   | 6         | 0        | 4        | 0       | 6        | 8      | 2          | 1     | 27    |
| Gondomar | 0         | 1        | 10       | 2       | 3        | 5      | 0          | 4     | 25    |
| Nigrán   | 1         | 1        | 12       | 10      | 4        | 17     | 1          | 13    | 59    |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995

**Figura 143. Inmigración interna (provincias de orixe), 1995**

|          | Goruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|----------|--------|------|---------|------------|-------|
| Baiona   | 3      | 1    | 11      | 209        | 224   |
| Gondomar | 0      | 4    | 11      | 271        | 286   |
| Nigrán   | 1      | 5    | 12      | 358        | 376   |

Fonte: IGE. Movementos migratorios. 1995





**Figura 144. Inmigración interna (lugares de orixe), 1995**

|          | Andalucía | Asturias | Canarias | C. león | Cataluña | Madrid | Pais Vasco | Resto | Estranx. | Total |
|----------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|------------|-------|----------|-------|
| Baiona   | 0         | 1        | 1        | 4       | 2        | 11     | 2          | 9     | 0        | 30    |
| Gondomar | 0         | 3        | 2        | 2       | 0        | 1      | 3          | 1     | 15       | 27    |
| Nigrán   | 2         | 7        | 1        | 13      | 10       | 14     | 2          | 4     | 6        | 59    |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

**Figura 145. Saldo migratorio por concellos, 1995**

|          | Interno          |               |       | Externo      |             |       | Saldo Total |
|----------|------------------|---------------|-------|--------------|-------------|-------|-------------|
|          | Intra-provincial | Resto Galicia | Total | Resto España | Estranxeiro | Total |             |
| Baiona   | 101              | 1             | 102   | 3            | 0           | 3     | 105         |
| Gondomar | 120              | 8             | 128   | -13          | 15          | 2     | 130         |
| Nigrán   | 134              | -7            | 127   | -6           | 6           | 0     | 127         |

Fonte: IGE. Movements migratorios. 1995

### 3.- ANÁLISE ECONÓMICA

#### 3.1. Mercado de traballo

##### 3.1.1. Actividade

Durante o período 1991-96, a taxa de actividade diminuíu nos concellos de Baiona e Gondomar en 0,5 e 0,7 puntos respectivamente, mentres que aumenta en 1,4 puntos no concello de Nigrán. A consecuencia deste movemento é debido a que o incremento no número de activos (ocupados e desempregados) é superior ó aumento da poboación maior de 16 anos. Seguramente, parte deste aumento, sobre todo no número de ocupados de Nigrán é consecuencia do cambio de residencia das persoas que traballan en Vigo e que fixan o seu domicilio neste concello.

En termos xerais se comparamos estes concellos co resto dos da MAIV, observamos que a pesar de producirse unha diminución na taxa de actividade nos concellos de Baiona e Gondomar, este descenso non é tan acusado como no resto dos concellos.

**Figura 146. Taxas de actividade na MAIV**

|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 46,4 | 45,9 |
| Fornelos de Montes | 44,7 | 41,4 |
| Gondomar           | 47,7 | 47,0 |
| Mos                | 50,7 | 49,5 |
| Nigrán             | 47,6 | 49,0 |
| Pazos de Borbén    | 50,3 | 42,1 |
| O Porriño          | 50,5 | 51,4 |
| Redondela          | 52,3 | 51,5 |
| Salceda de Caselas | 46,2 | 44,8 |
| Salvaterra de Miño | 42,6 | 38,2 |
| Soutomaior         | 48,7 | 48,3 |
| Vigo               | 52,2 | 48,9 |

Fonte: IGE. Censo 1991 e Padrón 1996

##### 3.1.2. Ocupación

Se comparamos os anos 1991 e 1996 obsérvase que a taxa de ocupación nos tres concellos do Val Miñor diminúe, debido a que a poboación maior de 16 anos aumenta en maior proporción que o número de ocupados. Hai que destacar que no concello de Gondomar non se modifica practicamente o número de ocupados, que pasan neste período de 3.116 a 3.159.





A distribución porcentual da ocupación modificouse tamén cualitativamente, é dicir, a distribución dos ocupados nos diferentes sectores económicos mudou notablemente nos últimos anos, tal e como se observa na figura 142.


Así, mentres os ocupados no sector primario (agro e pesca) e no sector da construción diminuíron o seu peso notablemente, na industria e nos servizos aumenta a participación dos ocupados en 3 e 5 puntos respectivamente. Dentro do sector secundario destacan as persoas que traballan nas *industrias manufactureras* e no sector servizos as que están empregadas en *comercio e reparación*. Temos que matizar que os ocupados dun concello non nos indican a composición da actividade empresarial dese concello, xa que non ten porqué coincidir o lugar de residencia e de traballo.

**Figura 147. Taxas de ocupación na MAIV**


|                    | 1991 | 1996 |
|--------------------|------|------|
| Baiona             | 39,7 | 36,6 |
| Fornelos de Montes | 29,2 | 29,9 |
| Gondomar           | 39,7 | 35,5 |
| Mos                | 39,9 | 37,6 |
| Nigrán             | 38,3 | 37,1 |
| Pazos de Borbén    | 35,8 | 30,9 |
| O Porriño          | 41,5 | 40,3 |
| Redondela          | 40,4 | 38,7 |
| Salceda de Caselas | 40,1 | 36,9 |
| Salvaterra de Miño | 34,0 | 29,5 |
| Soutomaior         | 37,6 | 36,2 |
| Vigo               | 40,9 | 36,8 |

Fonte: IGE. Censo 1991 e Padrón 1996

**Figura 148. Porcentaxes de ocupados por sectores , 1991 e 1996**



Fonte: IGE. Censo 1991



Fonte: IGE. Padrón 1996

**Figura 149. Distribución porcentual dos ocupados por sectores na MAIV**

|                    | Agro e pesca | Industria | Construción | Servizos |
|--------------------|--------------|-----------|-------------|----------|
| Baiona             | 23,7         | 14,8      | 12,9        | 48,6     |
| Fornelos de Montes | 22,2         | 9,5       | 10,4        | 57,9     |
| Gondomar           | 7,3          | 24,6      | 23,3        | 44,9     |
| Mos                | 2,3          | 42,5      | 11,8        | 43,4     |
| Nigrán             | 8,7          | 24,6      | 13,6        | 53,1     |
| Pazos de Borbén    | 8,0          | 24,4      | 14,1        | 53,5     |
| O Porriño          | 5,1          | 38,3      | 12,4        | 44,2     |
| Redondela          | 7,9          | 34,1      | 11,2        | 46,8     |
| Salceda de Caselas | 6,8          | 44,7      | 17,6        | 30,9     |
| Salvaterra de Miño | 8,1          | 26,7      | 26,0        | 39,2     |
| Soutomaior         | 10,1         | 27,6      | 9,1         | 53,2     |
| Vigo               | 3,0          | 25,8      | 5,8         | 65,4     |

Fonte: IGE. Padrón 1996






Tal e como se observa na figura 143, existen importantes diferencias entre os distintos concellos do Val Miñor. Baiona é o concello da MAIV que ten unha maior ocupación no sector do agro e fundamentalmente na pesca, mentres que Gondomar se atopa entre os que teñen máis ocupados na construción e Nigrán nos servizos, debido o seu carácter turístico.

Se atendemos á súa profesión, no Val Miñor destacan os *traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería* seguidos polos *traballadores de restauración, protección e seguridade e dependentes*.

**Figura 150. Número de ocupados por profesión**




Fonte: IGE. Padrón 1996

- (1) Dirección Administración Pública e das empresas de 10 ou máis asalariados
- (2) Xerencia empresas de menos de 10 asalariados
- (3) Profesións asociadas a titulacións universitarias
- (4) Técnicos e profesionais de apoio
- (5) Empregados de tipo administrativo
- (6) Traballadores restauración, protección e seguridade; dependentes.
- (7) Traballadores cualificados en agro e pesca
- (8) Traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería
- (9) Operadores de instalacións industriais
- (10) Traballadores non cualificados
- (11) Forzas armadas

Segundo a situación profesional o 79,7% dos ocupados do Val Miñor son asalariados e dentro deste colectivo, destacan os contratados fixos que representan o 48% dos asalariados. A contratación temporal sitúase no 30%, cifra que pode estar asociada á estacionalidade da hostelería, consecuencia do aumento do turismo nesta zona en determinadas épocas do ano.

**Figura 151. Número de ocupados por situación profesional**




Fonte: IGE. Padrón 1996

- (1) Traballadores por conta propia e con persoal
- (2) Traballadores por conta propia e sen persoal
- (3) Membros de cooperativas
- (4) Axudas familiares
- (5) Asalariados fixos
- (6) Asalariados eventuais
- (7) Outra situación

### 3.1.3. Desemprego

A continuación aportamos datos do número de parados no Val Miñor, o que nos permite ver a evolución do desemprego. Tal e como podemos observar na seguinte figura, no Val Miñor o número de desempregados ten unha tendencia descendente. Neste período producíronse diversas fluctuacións que acadaron o seu

**Figura 152. Evolución do desemprego**



Fonte: INEM e SGC (Xunta de Galicia)






máximo valor nos anos 1989 e 1994, ano a partir do que o desemprego foi en descenso ata a actualidade, posiblemente pola flexibilización da nova lexislación do mercado de traballo.

En relación ó colectivo de parados temos que sinalar que en agosto de 2000 nos concellos do Val Miñor o 25% dos parados non tiveron un emprego anterior. Por outra banda, o 20,4% dos parados eran menores de 25 anos, valor inferior ó que se rexistra en Galicia, que é do 21%. Por sectores, o maior paro localízase nos sector servicios, seguido do sector da industria.

Por sexo observamos que no Val Miñor o paro afecta en maior medida ó colectivo das mulleres, igual do que acontece en Galicia. Así, en agosto de 2000, o 44,5% dos parados eran homes fronte o 55,5% de mulleres.

**Figura 153. Poboación desempregada por sectores**



Fonte: SGC (Xunta de Galicia)

### 3.2. Outros indicadores socioeconómicos

Como é sabido, a *renda bruta* dunha comunidade é o valor nominal das rendas xeradas polos factores residentes, aínda que a produción se teña realizado fóra dos límites xeográficos da comunidade en cuestión.

A *renda familiar dispoñible* é a variable que mostra o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas – excluídas as administracións públicas - residentes en cada comunidade autónoma. A renda familiar dispoñible inclúe as aportacións que proceden da vía de produción de bens e servicios e as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas, pero exclúe os impostos directos pagados polas familias e as cotas sociais cobradas pola Seguridade Social.

Se dividimos a renda familiar bruta dispoñible entre a poboación dunha comunidade, obtemos a renda familiar bruta per cápita.

**Figura 154. Evolución da renda familiar neta dispoñible per cápita (miles ptas.)**

|            | 1985 | 1987 | 1989 | 1991 | 1993 |
|------------|------|------|------|------|------|
| Pontevedra | 577  | 634  | 723  | 713  | 686  |
| Galicia    | 550  | 614  | 692  | 682  | 679  |
| España     | 634  | 687  | 744  | 743  | 744  |
| % G/E      | 86,7 | 89,4 | 93,0 | 91,8 | 91,3 |

Fonte: Renta nacional de España. Avance 1992-1993. BBV. 1994

Na figura anterior obsérvase a tímida pero ascendente evolución da participación da renda familiar galega na española.





En tódolos concellos do Val Miñor, no período 1982-86 a renda familiar per cápita estivo por baixo da media galega. O concello que presenta menores diferencias con respecto á media galega é Nigrán, e o de maiores é Gondomar.

**Figura 155. Porcentaxe da renda familiar por habitante, en base 100 para Galicia**

|          | 1982 | 1984 | 1986 |
|----------|------|------|------|
| Baiona   | 88   | 85   | 88   |
| Gondomar | 78   | 73   | 77   |
| Nigrán   | 95   | 87   | 92   |

Fonte: *Fariña Jamaro, Os concellos galegos. 1991*

A continuación avaliamos o comportamento das variables socioeconómicas da MAIV a través da información dos datos que figuran no *Anuario Comercial de España*.

Analizando os datos das figuras destacaremos que a MAIV rexistra, segundo o estudo, un nivel económico medio que se cuantifica en 2,5, quedando por debaixo do 3 da provincia de Pontevedra e do 4 que alcanza Galicia. Dentro do Val Miñor, Gondomar e Baiona sitúanse no nivel do conxunto da provincia de Pontevedra e Nigrán sitúase por encima, cun nivel 4, ó igual que Vigo, o concello máis desenvolvido da Mancomunidade como é Vigo.

Todo o exposto indícanos que o nivel de desenvolvemento económico desta comarca é superior ó da MAIV no seu conxunto.







Figura 156. Indicadores socioeconómicos municipais na MAIV, provincia de Pontevedra e Galicia

|                 | Nivel Económico | Cota Mercado | Índice turístico | Teléfonos    | Automóviles  | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Mayoristas | Minoristas | Bares      | Índice actividade económica |
|-----------------|-----------------|--------------|------------------|--------------|--------------|----------------------|--------------------|-------------------------|------------|------------|------------|-----------------------------|
| <b>Baiona</b>   | <b>3</b>        | <b>25</b>    | <b>34</b>        | <b>3.926</b> | <b>3.303</b> | <b>512</b>           | <b>12</b>          | <b>112</b>              | <b>22</b>  | <b>216</b> | <b>100</b> | <b>12</b>                   |
| Forneiros       | 1               | 5            | -                | 564          | 901          | 93                   | 2                  | 12                      | -          | 21         | 8          | 1                           |
| <b>Gondomar</b> | <b>3</b>        | <b>25</b>    | <b>2</b>         | <b>3.629</b> | <b>4.666</b> | <b>848</b>           | <b>4</b>           | <b>234</b>              | <b>52</b>  | <b>190</b> | <b>56</b>  | <b>15</b>                   |
| Mos             | 3               | 31           | 9                | 4.616        | 6.416        | 1.344                | 3                  | 308                     | 139        | 176        | 91         | 37                          |
| <b>Nigrán</b>   | <b>4</b>        | <b>35</b>    | <b>19</b>        | <b>6.389</b> | <b>6.448</b> | <b>1.024</b>         | <b>9</b>           | <b>245</b>              | <b>54</b>  | <b>236</b> | <b>107</b> | <b>19</b>                   |
| Pazos           | 1               | 6            | -                | 853          | 1.214        | 137                  | 1                  | 33                      | 1          | 33         | 18         | 1                           |
| O Porriño       | 3               | 42           | 14               | 6.073        | 7.469        | 1.741                | 18                 | 393                     | 104        | 332        | 130        | 59                          |
| Redondela       | 2               | 65           | 4                | 9.255        | 11.522       | 1.823                | 21                 | 377                     | 121        | 438        | 181        | 36                          |
| Salceda         | 2               | 14           | 1                | 1.591        | 2.328        | 499                  | 3                  | 136                     | 19         | 132        | 37         | 8                           |
| Salvaterra      | 2               | 18           | -                | 2.392        | 3.382        | 337                  | 3                  | 134                     | 19         | 130        | 35         | 8                           |
| Soutomaior      | 3               | 13           | 3                | 1.685        | 2.086        | 331                  | 6                  | 68                      | 32         | 107        | 60         | 8                           |
| Vigo            | 4               | 682          | 380              | 120.234      | 128.958      | 16.296               | 258                | 2.797                   | 1.747      | 5.099      | 2.020      | 806                         |
| Pontevedra      | 3               | 2.135        | 1.158            | 323.075      | 370.533      | 58.118               | 771                | 11.818                  | 3.985      | 17.188     | 6.687      | 1.765                       |
| Galicia         | 4               | 6.503        | 2.959            | 1.007.689    | 1.064.207    | 179.170              | 2.500              | 39.025                  | 11.291     | 54.581     | 22.849     | 5.679                       |

Fonte: Anuario Comercial de España. La Caixa. 1999






### 3.3. Actividades empresariais

Defínese actividade económica como aquela que supón unha ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens e servizos.

A continuación, e a partir de datos do IAE e do Directorio ARDAN, presentamos unha relación das actividades de carácter empresarial ou profesional que se exercen no Val Miñor.

Tal e como podemos observar, as actividades que predominan no Val Miñor son as asociadas ó sector servizos. En Baiona esta actividade representa máis do 80% do total, en Gondomar máis do 60% e en Nigrán máis do 50%. Temos que destacar o importante peso do sector da construción en Nigrán, con un 35% do total das actividades. O aumento de número de persoas que fixan neste concello a súa residencia pode ser un dos elementos explicativos deste elevado valor.

Figura 157. Distribución porcentual e por sectores das actividades empresariais, 1997



Segundo datos recollidos polo ARDAN, no que se estudian datos das empresas cun volume de facturación superior a 10 millóns de pesetas, no Val Miñor hai 384 empresas das cales 174 están ubicadas no concello de Nigrán, sendo as empresas de Gondomar as que teñen uns ingresos medios maiores.

Figura 158. Empresas con facturación superior ós 10 millóns de ptas.

| Concello | Nº empresas | Ingresos 1997<br>(millóns ptas) |
|----------|-------------|---------------------------------|
| Baiona   | 87          | 4.202                           |
| Gondomar | 123         | 17.437                          |
| Nigrán   | 174         | 16.328                          |

Fonte: ARDAN 1999





Estas diferencias nos ingresos medios son consecuencia da dimensión empresarial e da especialización. A continuación e para estudar o grao de especialización de cada un dos concellos do Val Miñor, preséntase unha relación das actividades de maior facturación.

**Figura 159. Grao de especialización empresarial de Baiona**

| Actividade da empresa                | Nº empresas | Facturación (millóns ptas) |
|--------------------------------------|-------------|----------------------------|
| Contratistas xerais                  | 10          | 345                        |
| Promotores de obras                  | 7           | 307                        |
| Transporte de pasaxeiros por estrada | 1           | 188                        |
| Albanelería                          | 6           | 260                        |
| Restaurantes                         | 6           | 329                        |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 160. Grao de especialización empresarial de Gondomar**

| Actividade da empresa                     | Nº empresas | Facturación (millóns ptas) |
|---|-------------|----------------------------|
| Recambios e pezas de motor                | 1           | 1.829                      |
| Contratistas xerais                       | 16          | 1.189                      |
| Construción e reparación de buques        | 2           | 752                        |
| Maquinaria de equipo industrial SC        | 2           | 767                        |
| Fabricados de pranchas metal (calderería) | 1           | 633                        |

Fonte: ARDAN 1999

**Figura 161. Grao de especialización empresarial de Nigrán**

| Actividade da empresa                    | Nº empresas | Facturación (millóns ptas) |
|--|-------------|----------------------------|
| Comestibles e produtos relacionados SC   | 2           | 4.300                      |
| Concesionario automóviles novos e usados | 1           | 1.913                      |
| Formigón preparado                       | 2           | 1.494                      |
| Contratistas xerais                      | 25          | 756                        |
| Promotores de obras                      | 13          | 728                        |

Fonte: ARDAN 1999

#### 4.- FORMACIÓN REGRADA

En todo proceso de socialización do individuo, o sistema educativo desempeña un papel decisivo. A existencia dun recurso humano formado supón un factor esencial para o desenvolvemento socioeconómico endóxico dunha área. A formación regrada que posúe unha determinada poboación é un dos indicadores básicos para coñecer o capital humano local e o grao potencial de desenvolvemento endóxico dun territorio.

A estrutura formativa dos habitantes da MAIV se distribúe desigualmente en cada concello, reflectindo a carencia de formación superior e media, e destacando o gran número de persoas que so contan con estudos primarios. Sen embargo, estas cifras son relativas pois non se relaciona este nivel de formación coa idade dos individuos, o que impide a percepción do alto nivel formativo das cohortes de idade máis novas. Isto





significa que a potencialidade de desenvolvemento endógeno en base ó recurso humano deste territorio está crecendo cada vez máis.

En canto á formación no Val Miñor pódese apreciar como nos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar a poboación posúe un nivel formativo medio-baixo. Máis do 50% dos habitantes non ten rematado os estudos primarios, o 23% posúe o graduado escolar e só o 16% ten estudos secundarios ou superiores, o que supón un volume alto para a media da MAIV.

**Figura 162. Porcentaxe de poboación segundo a súa formación, 1996**

|          | Non sabe ler nin escribir | Titulación inferior ó graduado escolar | Graduado Escolar | Bacharelato FP/II e titulados superiores |
|----------|---------------------------|--|------------------|--|
| Nigrán   | 1,62                      | 50,11                                  | 25,65            | 22,59                                    |
| Baiona   | 1,47                      | 64,99                                  | 19,27            | 14,24                                    |
| Gondomar | 2,81                      | 58,41                                  | 25,89            | 12,86                                    |

Fonte: IGE. Padrón 1996

O Val Miñor caracterízase por posuír unha estrutura de poboación típica das sociedades occidentais desenvolvidas, xa que hai unha grande presenza de estratos de poboación de clase media, escasos estratos baixos e moi altos, polo que se adapta á forma de diamante, onde o centro é o espazo máis extenso. Se relacionamos a cualificación profesional dos habitantes do Val Miñor, coa formación regrada dos mesmos, podemos deducir o peso porcentual de cada un dos estratos sociais máis significativos da estrutura social destes tres concellos.

Observamos que, Nigrán destaca polo continxente de traballadores de alta dirección e xerencia, superando mesmo a Vigo, o que sen dúbida responde ó cambio de residencia que moitos profesionais realizaron dende Vigo cara este concello. A especulación do solo provoca a aparición de áreas nas que se produce unha edificación de calidade, feito que determina que tan so a xente cun elevado poder adquisitivo e con profesións revalorizadas (dirección, técnicos superiores) poda instalarse nelas.

**Figura 163. Porcentaxe de poboación ocupada segundo a súa cualificación profesional, 1996**

|          | Alta dirección e xerencia | Técnico superior e de apoio | Traballador cualificado | Traballador non cualificado |
|----------|---------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| Baiona   | 8,52                      | 10,81                       | 65,82                   | 14,57                       |
| Gondomar | 8,64                      | 10,31                       | 63,27                   | 17,47                       |
| Nigrán   | 13,05                     | 17,27                       | 60,39                   | 9,08                        |

Fonte: IGE. Padrón 1996

Da análise desta táboa, extráese outra conclusión do mesmo tipo á anterior: aproximadamente, o 60% da poboación do Val Miñor pertence a un estrato medio, medio-baixo, cifra que se extrae da relación entre o total de traballadores cualificados (62,6%).

## 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL

Os Servicios Sociais dos concellos do Val Miñor defínense tendo en conta os equipamentos, recursos humanos e programas que están a desenvolver na realidade local. Os tres municipios posúen centros de





atención primaria, complementado co Centro de Saúde da Xunqueira, localizado na Ramallosa e máis dotado co resto, pois cubre a tódolos cidadáns do Val Miñor.

Nos tres concellos existe un servizo de atención social, formado por unha traballadora social que ten como actividades principais a información e a tramitación de expedientes. Estes servizos están coordinados a través das reunións semanais conxuntas onde se expoñen os problemas específicos de cada concello. No caso de Gondomar, ademais da traballadora social e a auxiliar administrativa, existe unha animadora sociocultural no concello, e un servizo de asesoramento legal dirixido ás mulleres, que comezou no ano 1998, formado por unha avogada, unha educadora social e unha administrativa. Os beneficiarios totais destes servizos durante o ano 1998 foron 1.800 persoas.

O Val Miñor é unha das zonas máis dinámicas a nivel económico e demográfico de Galicia, polo que a penas se atopan situacións de marxinalidade e de pobreza ambiental. Os propios técnicos dos servizos sociais municipais caracterizan esta área pola escasa problemática económica que existe. Isto resulta do carácter sincrético do lugar como *espacio rural tradicional*, cunha economía familiar de autoabastecemento que completa ás rendas máis baixas; e como *espacio rural moderno*, cun sector servizos vencellado ás actividades turísticas que funciona como fonte de financiamento familiar de grande importancia.

Unicamente, os grupos de mozos con problemas de toxicomanías que teñen os seus percorridos e espazos propios, sobre todo dos municipios costeiros de Baiona e Nigrán estarían en situacións precarias extremas, xa que adoptan “xeitos de vida” de subsistencia con dificultades para cubrir as necesidades primarias (alimentación, vivenda, etc).

Os colectivos sociais se caracterizan por ser agrupacións informais e non voluntarios que reagrupan a un conxunto de individuos que posúe unha ou varias características comúns e que habitualmente comparten unha mesma problemática. Os criterios para definir a un grupo social poden ser de diferentes tipos. Hai un de tipo económico que diferencia, por exemplo, á poboación activa da desempregada ou da inactiva; ou que distinguen ás diferentes profesións ou oficios (mariñeiros, hosteleiros, etc). Os grupos en base ó xénero, á idade, á etnia ou ó hábitat son moi importantes pois reagrupan a individuos que teñen uns elementos socioeconómicos comúns que ós diferencian do resto da poboación.

No caso do Val Miñor, imos analizar algúns dos colectivos máis significativos da zona, e que presentan unha problemática característica, aínda que non se explicita como grupo formal a través dun discurso social intencionado.

Cada vez é máis palpable a existencia de dous grupos moi diferenciados entre “vellos residentes”, os habitantes tradicionais dos tres concellos, e “novos residentes”, familias procedentes de Vigo que instauraron a súa primeira ou segunda residencia nestes municipios. Os usos do espazo, as necesidades de equipamentos e infraestructuras e os hábitos de vida son diferentes entre estes dous colectivos, sendo nalgúns casos motivo de conflito.

A xente nova representa outro dos sectores cunha problemática e unhas necesidades, moitas veces vencelladas ás necesidades económicas (desemprego, precariedade laboral, etc), ás necesidades sociais (espazos sociais de lecer, deportivos, culturais, etc) ou a necesidades de diversos tipos (planificación familiar, toxicomanías, cultura vial, educación, etc).





Así mesmo, o colectivo de mulleres é un dos máis afectados polas propias dinámicas que se xeran no seo das familias tradicionais. Os servizos sociais dos tres municipios detectan abundantes casos de violencia intrafamiliar exercida contra a muller e os fillos da parella, comportamentos normalmente derivados do consumo de alcohol por parte do cabeza de familia. A falta de independencia económica das mulleres, e a socialización no papel tradicional de “cuidadora de familia” fai que este colectivo sexa un dos máis desprotexidos á hora de facer fronte a estas situacións de dominación. En concellos como o de Gondomar, inténtase paliar estas deficiencias a través da constitución dun servizo xurídico de asistencia a mulleres.

Outros grupos sociais como os mariñeiros, os hosteleiros, a infancia, etc. teñen alonda importancia para teren en conta as súas problemáticas específicas no momento en que se estudia unha poboación, por iso, é importante non esquecerlos á hora de planificar programas de desenvolvemento desta zona.

A problemática máis importante no Val Miñor relaciónase coa Terceira Idade, principalmente. Cada vez crece máis a demanda de prazas para residencias da terceira idade, e a axuda a domicilio, que nos tres concellos a organiza a “Cruz Vermella”.

Dende a sociedade civil, préstase tamén apoio ás políticas sociais, dende as actividades do propio tecido asociativo, ás veces con carácter internacional, dende as institucións eclesiásticas existentes nas parroquias ou por iniciativa espontánea e solidaria da propia poboación que se organiza para resolver un problema concreto.

## 6.- TECIDO ASOCIATIVO

En toda comunidade humana atópanse persoas ou grupos que ocupan un lugar central nas dinámicas sociais que se desenvolven nas mesmas. Nas sociedades occidentais actuais, estes axentes adoitan estar moi vencellados ó ámbito económico principalmente, aínda que tamén ó mundo social.

O Val Miñor destaca pola importancia do sector turístico na súa economía local, polo que os actores sociais máis importantes van estar moi relacionados con estas actividades. O Parador de Baiona, o colectivo de hosteleiros e os clubs náuticos son axentes de desenvolvemento que a través das actividades cotiás que realizan están mercando a identidade e os fluxos destes tres municipios.

Noutro ámbito, a Mancomunidade de Montes do Val Miñor tamén resulta un referente á ter en conta, igual que ás empresas madeireiras da zona. Así mesmo, debemos ter en conta á Escola Obradoiro que actualmente está a funcionar en Gondomar, o mesmo que a Escola de Cerámica deste mesmo concello, xa que son dous centros de formación que teñen un peso real e unha voz propia a ter en conta.

A participación dos cidadáns na vida social e política é un dos principais eixos do ordenamento democrático do noso país. O tecido asociativo conforma a rede de relacións existentes entre os cidadáns que habitan un territorio, e está conformado polos axentes socioeconómicos formais e informais que determinan o dinamismo cultural, social e participativo dun territorio.

Actualmente, existen movementos cidadáns diversos nos distintos concellos, como acontece no caso do Val Miñor. Xunto coas comunidades de montes e augas, máis vencelladas con certas bases veciñais, rexístrase a presenza de novas iniciativas ou “novos movementos sociais” propios da chamada *postmodernidade* como os colectivos de mulleres, as asociacións de solidariedade co Terceiro Mundo ou as asociacións ecoloxistas.





Estes núcleos operan nun contexto global de desmobilización política e social<sup>1</sup>, fronte a unha administración democraticamente lexitimada e máis descentralizada, nun medio social crecentemente fragmentado, que favorece o desenvolvemento de culturas illadas entre si.

As asociacións que predominan nestes tres concellos caracterízanse por seren de dous tipos: as de índole tradicional e agraria propias de contextos rurais, que responden a estruturas socioeconómicas ancestrais e características do contexto galego -as “comunidades de montes” e as “comunidades de auga” son as máis representativas-; e as propias do período de modernización e *postmodernización*, máis relacionadas coas dinámicas urbanas: AMPAS, Asociación de mulleres rurais, asociacións de veciños, ONG de solidariedade co Terceiro Mundo e socios de casas de cultura.

As asociacións de veciños e as casas culturais son utilizadas como centros de reunión para os veciños. Posúen unha actividade intermitente vencellada ás datas de festas e celebracións especiais, de carácter deportivo e cultural.

A Asociación de Mulleres Rurais, organiza cursos, excursións e charlas durante todo o ano, onde se tratan temas de interese para o colectivo feminino, a quen van dirixidos a maioría das actividades que se organizan.

No Val Miñor, estase a producir tamén a emerxencia do denominado “Terceiro Sector”, referido á proliferación cada vez maior de persoas interesadas polas actividades de solidariedade cos máis necesitados. Existe unha ONG de carácter relixioso que ten un proxecto de cooperación nunha zona rural do Perú, onde cada ano chegan profesionais do concello de Gondomar a colaborar na mellora da calidade de vida dos habitantes desta localidade peruana.

En Nigrán está a Asociación Artemáns. É unha asociación formada por 40-50 artesáns, que teñen idades comprendidas entre os 18 e 50 anos. Dedicáanse a oleiría, forxa, coiro, cantería, pasta de papel, RAKÚ, etc. teñen realizado feiras en nadal e no verán, onde realizan “traballos en directo” para atraer á poboación.

Por outra banda está a Mancomunidade de Montes do Val Miñor. Fundouse no ano 1992 e na actualidade aglutina a 15 das 19 comunidades de montes existentes, o que supón a pertenza a ela de 174 veciños comuneiros. O monte comunal neste ámbito territorial ten grande importancia xa que en total hai 5.497,2 hectáreas de superficie forestal o que supón o 38,14% da superficie total do Val Miñor. Esta mancomunidade, caracterizada polo seu dinamismo e estratexias proactivas, ademais de destinar parte dos beneficios da explotación forestal do monte en inversións para a súa mellora, tamén destinan unha boa parte a resolver problemáticas sociais e beneficiar á comunidade veciñal (cesión dun pouco terreo para a construción de naves para acoller a xente sen recursos, arranxo de infravivendas, etc).

Ademais desta orientación social da produtividade económica, esta mancomunidade pretende dedicar o monte a outros usos diversificados e alternativos máis acordes coa sostibilidade medioambiental: aproveitamento da biomasa forestal para a produción de abonos e enerxía por coxeración, explotación apícola, micolóxica, de plantas medicinais e aromáticas; turismo rural e natural, etc.

---

<sup>1</sup> Colectivo IOE, (intervención sociolóxica) “Participación social y voluntariado”, 1989





**Figura 164. Montes en Mancomún do Val Miñor**

| Nome                                 | Titularidade                   | Hectáreas |
|--------------------------------------|--------------------------------|-----------|
| Montes da Bahiña (Baiona)            | Veciños da parroquia de Bahiña | 488       |
| Montes de Baredo(Baiona)             | Id.Id. de Baredo               | 396       |
| Montes de Baiona(Baiona)             | Id.Id. De Baiona               | 48        |
| Montes de Belesar(Baiona)            | Id.Id. de Belesar              | 589       |
| Montes da Ramallosa(Baiona)          | Id.Id. De Ramallosa            | 108       |
| Montes As Cubichas(Baiona)           | Id.Id. De Ramallosa            | 0,2       |
| Montes das Bouzas(Baiona)            | Id.Id. De Ramallosa            | 1         |
| Monte Foral da Groba(Baiona)         | Id.do lugar de Granxa          | 271       |
| Total Baiona                         |                                | 1.901,2   |
| Montes de Borreiros (Gondomar)       | Veciños de Borreiros           | 92        |
| Montes de Couso (Gondomar)           | Id.Id. Couso                   | 330       |
| Montes de Chain (Gondomar)           | Id. Id. de Chain               | 18        |
| Montes de Donas (Gondomar)           | Id. Id. De Donas               | 466       |
| Forca de Lobos e As Razas (Gondomar) | Id. Id. De Gondomar            | 74        |
| Mañufe (Gondomar)                    | Id. Id. De Mañufe              | 281       |
| Montes de Peiteiros (Gondomar)       | Id.Id. de Peiteiro             | 295       |
| Montes de Vilaza (Gondomar)          | Id. Id. De Vilaza              | 62        |
| Montes de Vincios (Gondomar)         | Id. Id. De Vincios             | 678       |
| Total Gondomar                       |                                | 2.296     |
| Monte de Camos (Nigrán)              | Veciños de Camos               | 390       |
| Chandebrito (Nigrán)                 | Id.Id. Chandebrito             | 134       |
| Panxón (Nigrán)                      | Id.Id. Panxón                  | 81        |
| Parada (Nigrán)                      | Id.Id. Parada                  | 38        |
| Priegue (Nigrán)                     | Id.Id. Priegue                 | 169       |
| Total Nigrán                         |                                | 812       |

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Montes e Fariña Jamardo, Os Concellos Galegos. 1991

Dous obxectivos que pretenden é a creación de postos de traballo e a compatibilización de actividades no monte. Para conseguilo están a promover campañas de divulgación forestal tanto dirixidas a escolares como cidadáns co fin de que se comece a valorar o monte veciñal en man común; a loita contra o lume cunha subvención do 70% por parte da consellería; así como solucionar problemas típicos como é a ordenación e aproveitamento do gando nos montes.

As Comunidades de Augas: están localizadas nas parroquias dos tres concellos. As actividades están destinadas a xestión do recurso acuífero para uso doméstico, non se utiliza para o rego dos cultivos debido o escaso peso dos mesmos nas economías familiares da zona.

## 7.- A VIVENDA

Os concellos que conforman o Val Miñor veñen rexistrando dende as últimas décadas un crecemento positivo do número de vivendas, sobre todo o municipio de Nigrán que dende 1981 incrementou en máis dun 50% o seu volume total, como froito da ampla demanda de residencias de calidade por parte de antigos







residentes na cidade olívica que prefiren vivir afastados da urbe, sobre todo dende que se melloraron as comunicacións e se chega máis doadamente ó lugar de traballo. Sen embargo, debemos precisar que as vivendas que realmente están sendo ocupadas se incrementaron nun 49,3% deixando un pequeno marxe de vivendas desocupadas que en ocasións foron mercadas para especular con elas.

**Figura 165. Total de vivendas familiares, 1981 e 1991**

|              | Total vivendas familiares |               |             | Vivendas familiares ocupadas |               |             |
|--------------|---------------------------|---------------|-------------|------------------------------|---------------|-------------|
|              | Censo 1981                | Censo 1991    | % variación | Censo 1981                   | Censo 1991    | % variación |
| Baiona       | 3.601                     | 4.769         | 32,4        | 3.322                        | 4.103         | 23,5        |
| Gondomar     | 2.813                     | 3.764         | 33,8        | 2.387                        | 3.239         | 35,6        |
| Nigrán       | 4.958                     | 7.583         | 52,9        | 4.121                        | 6.154         | 49,3        |
| <b>Total</b> | <b>11.372</b>             | <b>16.116</b> | <b>41,7</b> | <b>9.830</b>                 | <b>13.496</b> | <b>37,2</b> |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1981 e 1991

Como é lóxico o que predomina en tódolos concellos son as vivendas principais xa que son unha necesidade primaria para os habitantes. Porén, observamos que é Gondomar o que rexistra unha maior porcentaxe (69,1%) deste tipo de vivendas, o que responde quizais ó seu carácter menos turístico. Pola contra en Baiona e Nigrán contabilízase un maior volume de vivendas utilizadas como segunda residencia (30-33%) sobre todo nos meses do verán, mentres que en Gondomar a porcentaxe é moito menos significativa (16%). Como xa mencionamos, en tódolos concellos hai unha serie de vivendas que van permanecer baleiras co fin de obter certos beneficios cunha postvenda ou simplemente porque responden a investimentos dos seus aforros; Baiona e Gondomar son os municipios que teñen un maior número de vivendas baleiras.

**Figura 166. Total de vivendas familiares segundo o seu destino, 1991**

|              | Principais   |             | Secundarias  |             | Baleiras     |             | Outras     |            | TOTAL         |
|--------------|--------------|-------------|--------------|-------------|--------------|-------------|------------|------------|---------------|
|              | Total        | %           | Total        | %           | Total        | %           | Total      | %          |               |
| Baiona       | 2.505        | 52,5        | 1.598        | 33,5        | 635          | 13,3        | 31         | 0,6        | 4.769         |
| Gondomar     | 2.601        | 69,1        | 638          | 16,9        | 522          | 13,8        | 3          | 0,07       | 3.764         |
| Nigrán       | 3.809        | 50,2        | 2.345        | 30,9        | 614          | 8,09        | 815        | 10,7       | 7.583         |
| <b>Total</b> | <b>8.915</b> | <b>55,3</b> | <b>4.581</b> | <b>28,4</b> | <b>1.771</b> | <b>10,9</b> | <b>849</b> | <b>5,2</b> | <b>16.116</b> |

Fonte: IGE. Censo de vivendas. 1991

## 8.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO

### 8.1. GONDOMAR

#### Infraestructuras

##### Infraestructura viaria

No cadro das comunicacións dentro do que sería a área metropolitana de Vigo, a comarca do Val Miñor, conformada polos concellos de Baiona, Nigrán e Gondomar presenta uns aspectos de accesibilidade e mobilidade que viñan ata agora lastrados polos déficits acumulados en infraestructuras de acceso e transporte e pola ausencia dunha política coordinada de especialización e crecemento equilibrado. Hoxe a realidade mellorou dun xeito sustancial pola recente apertura da autoestrada do Val Miñor (A-57). Esta importante vía de comunicación nace no alto de Puxeiros conectando alí mesmo coa saída de Vigo na





autovía da A-52 (Rías Baixas) e a N- 120, e co tramo Rande–Puxeiros da autoestrada do Atlántico (A-9) e remata na parroquia de Baredo unha vez superado o núcleo de Baiona.

O termo municipal de Gondomar é o que conta coas mellores comunicacións da comarca do Val Miñor nesta autoestrada, posto que ten tres saídas diferentes: Vincios, Gondomar Norte e A Ramallosa-Gondomar Centro sendo a primeira delas a única que presenta conexións en tódolos sentidos de saída e entrada.

A rede viaria supramunicipal deste concello está baixo a tutela da Deputación de Pontevedra e da Consellería de Planificación Territorial, Obras Públicas e Urbanismo. Outras vías de comunicación no interior deste concello son as seguintes estradas: PO-330, PO-340, PO-332, PO-331, PO-330, PO-341.

#### Infraestructuras básicas

Dentro do termo municipal de Gondomar temos, nos núcleos principais, unha rede de abastecemento de auga; mais a rede de saneamento é moi incompleta. O concello está adherido ó plan SOGAMA, e ten por tanto tratamento de residuos sólidos urbanos. Tamén está previsto incluír a Gondomar na rede de gasificación de Galicia.

#### Solo empresarial

Está previsto un Polígono Industrial cunha extensión de 600.000 m<sup>2</sup>.

#### ~~de~~ Servicios e equipamentos

**Figura 167. Servicios existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 4 | Educación primaria | 2 | Ed. infantil e primaria | 5 | Centros secundaria | 1 | Centros FP | 0 |

| DEPORTES           |    |
|--------------------|----|
| Centros deportivos | 19 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| Bancos                | 3 | Caixas aforro | 1 |





|            |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|----|
| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |    |
| Hotéis     | 1 | Hostais | 1 | Camping | 0 | Outras categorías | 2 | Total prazas | 78 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### Patrimonio histórico-artístico

Gondomar é un pobo de asentamento principalmente medieval, pero con testemuñas arqueolóxicas que o converten no gran xacemento provincial gracias a súa estación de “Chan de Cereixo” en Donas. Atopamos mosaicos romanos en Burgovedro e castros destacados como o de Barcala e Pedra Moura en Donas e o de Xián na parroquia de Vincios. Ademais existen restos da chamada “Vía Cova” con dúas pontes romanas en Mañufe e Gondomar.


As terras do concello de Gondomar teñen espléndidos señoríos e amosan gran cantidade de pazos e casas solariegas: Pazo do Conde de Gondomar, Pazo de Villares, Pampillón, Arines, Moldes, Fontán, Barreiro... constitúen unha extensísima mostra deste tipo de construcións.

### Inventario Histórico-Artístico

#### a) Patrimonio arquitectónico civil

##### *Pazos e casas*

- ~~///~~ Pousa de Vista Alegre
- ~~///~~ Pazo de Aspera (Gondomar)
- ~~///~~ Casa do Avelar
- ~~///~~ Casa de Baludio
- ~~///~~ Pazo de Barreiro (Vilaza)
- ~~///~~ Pousa de Bermúdez
- ~~///~~ Pazo de Cadaval
- ~~///~~ Casa do Castelo
- ~~///~~ Pousa de Cernadas
- ~~///~~ Pazo de Gondomar
- ~~///~~ Pazo de Fontán (Mañufe)
- ~~///~~ Casa a Fundación
- ~~///~~ Pousa de Gómez
- ~~///~~ Pousa de Mera
- ~~///~~ Casa da Inquisición
- ~~///~~ Casa de María de la Sierpe
- ~~///~~ Pousa de Marquina
- ~~///~~ Casa de Maires
- ~~///~~ Pazo de Mendoza (Mañufe)
- ~~///~~ Pazo de Moldes (Mañufe)
- ~~///~~ Casa de Xestelo (Vilaza)
- ~~///~~ Casa Padre Hermida (Morgadáns)



*Pazo de Gondomar*

- ~~///~~ Pazo de Mourisca
- ~~///~~ Pazo de Pampillón (Vilaza)
- ~~///~~ Pazo de Piñeiro
- ~~///~~ Torre de Telleiro
- ~~///~~ Pazo de Troncoso
- ~~///~~ Casa de Villarés
- ~~///~~ Pazo de Villarés (Vilaza)
- ~~///~~ Casa de Acevedo
- ~~///~~ Casa de Castro (Cháin)
- ~~///~~ Casa Grande (Donas)





*Pontes e viaductos*

- /// Ponte de Gondomar
- /// Ponte de Mañufe
- /// Ponte de Ánimas
- /// Acueducto de Bravo
- /// Ponte de Baralla
- /// Ponte de Camiño Branco
- /// Ponte de Pego Negro
- /// Ponte de Cernada



*Ponte de Mañufe*

*Arquitectura militar defensiva*

- /// Fortaleza Monte Galiñeiro

b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

*Igrexas, capela e ermidas*

- |                               |                              |
|-------------------------------|------------------------------|
| /// San Bieito de Gondomar    | /// San Sebastián de Portelo |
| /// san Vicente de Mañufe     | /// San Cibrán               |
| /// Santa de Baia de Donas    | /// Virxe da Luz (Borreiros) |
| /// San Miguel de Peitieiros  | /// Santiago de Morgadães    |
| /// San Martiño de Borreiros  |                              |
| /// Santa María de Vilaza     |                              |
| /// Santa María de Chaín      |                              |
| /// Santa Mariña de Vincios   |                              |
| /// San Cristovo de Couso     |                              |
| /// Os Remedios               |                              |
| /// Santa Lucía (Vincios)     |                              |
| /// Virxe da Soidade (Chaín)  |                              |
| /// Capela das Mercés (Chaín) |                              |
| /// San Roque                 |                              |
| /// San Andrés                |                              |
| /// San Xosé de Prado         |                              |



*Santiago de Morgadães*

c) Patrimonio etnográfico

*Cruceiros, cruces, petos de ánimas e muíños*

- |                                       |  |
|---------------------------------------|--|
| /// Cruceiro do adro (Borreiros)      | /// Cruceiro do Adro (Peitieiros)      |
| /// Cruceiro dos Remedios (Couso)     | /// Cruceiro da capela (Vincios)       |
| /// Cruceiro da capela (Chaín)        | /// Cruceiro de Vacarías (Couso)       |
| /// Cruceiro da piedade (Chaín)       | /// Cruceiro do Camiño (Morgadães)     |
| /// Cruceiro de San Cibrán (Donas)    | /// Calvario de Mosteiro (Donas)       |
| /// Cruceiro de San Bieito (Gondomar) | /// Calvario de Vilaza (Vilaza)        |
| /// Cruceiro do Adro ou da Fe         | /// Peto de Animas de Couso (Couso)    |
| /// Cruceiro do Lugar do acordo       | /// Peto do Cruceiro (Mañufe)          |
| /// Cruceiro de Nande ( Mañufe)       | /// Peto da Feira do Doce (Gondomar)   |
| /// Cruceiro de piquetes (Mañufe)     | /// Peto de Hervillas (Vincios)        |
| /// Cruceiro do Calvario ( Morgadães) | /// Peto da Igrexa (Gondomar)          |
| /// Cruceiro San Roque (Morgadães)    | /// Peto da Ponte de ánimas (Gondomar) |





- ✂ Peto de Piñeiro (Peitieiros)
- ✂ Cruceiro (Donas)

- ✂ Peto de San Roque (Morgadáns)
- ✂ Muíño en Gancela (ó lado da fábrica)

#### d) Patrimonio Histórico-Cultural

- ✂ Mosaicos romanos en Burgovedro e Castro
- ✂ Castros de Barcala, Pedra Moura en Donas e Xián en Vincios

## 8.2. NIGRÁN

### ✂ Infraestructuras

#### Infraestructura viaria

O concello de Nigrán conta con 3 vías principais de comunicación que o percorren de Norte a Sur e o articulan coa cidade de Vigo e co resto dos concellos do Val Miñor. Estas son: a C-550, estrada tradicional costeira galega, ensanchada e ampliada no tramo Vigo-Baiona e ó seu paso pola vila e termo de Nigrán; a PO-325, estrada Vigo-Ramalloza pola costa e aproveitando o trazado da vía do tranvía. Por último, a autoestrada do Val Miñor (A-57), recentemente inaugurada que discorre nestes tramos polo límite entre o termo de Gondomar e Nigrán, e que dispón dunha saída, que a través dunha vía rápida comunica coas proximidades de Praia América, entroncando por medio de sendas rotondas coas estradas C-550 e PO-325. Polo tanto nos últimos tempos vense completando a rede de comunicacións terrestres e coa apertura da A-57 pódese conseguir paliar dun xeito radical o déficit que arrastraba este concello turístico e residencial, especialmente nos meses de verán.

Outra infraestrutura a ter en conta é o porto de Panxón (pesqueiro e deportivo), con 13 embarcacións pesqueiras e 29 lanchas, con fondeo de 3 metros, alumeado, peirao e rampa.

#### Infraestructuras básicas

A rede de abastecemento de auga atópase ven subministrada e cuberta no concello de Nigrán por Seragua-Focsa; conta con rede de saneamento nos núcleos principais e ten Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, previsto dentro do Plan SOGAMA. Tamén está prevista a rede de gasificación dentro do termo municipal.

#### Solo empresarial

Hai en proxecto un Polígono Industrial, de nome Parque Empresarial Porto do Molle. O seu promotor é a Zona Franca de Vigo e están previstos 1.060.000 m<sup>2</sup>. (Este proxecto, albergará as empresas de servizos que demande o área metropolitana de Vigo). Estará a unha distancia de 15 km. do centro de Vigo e o seu porto, a 12 km do aeroporto de Vigo, a 20 km da fronteira de Portugal.





### Servicios e equipamentos

Figura 168. Servicios existentes no concello

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 2 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 1 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 6 | Educación primaria | 2 | Ed. infantil e primaria | 4 | Centros secundaria | 2 | Centros FP | 2 |

| DEPORTES           |   |
|--------------------|---|
| Centros deportivos | 2 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| Bancos                | 6 | Caixas aforro | 4 |

| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |    |              |       |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|----|--------------|-------|
| Hotéis     | 4 | Hostais | 7 | Camping | 1 | Outras categorías | 18 | Total prazas | 2.122 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### Patrimonio Histórico-Artístico

En Nigrán atopamos multitude de testemuñas da súa historia pasada, dende os restos paleolíticos localizados en Patos, Madorra e Priegue, os monumentos megalíticos de Parada, Chandebrito e Vilariño; as mámoas de Priegue, A Ramallosa e Panxón. Temos restos castrexos en Chandebrito, romanos e visigóticos reflectidos na "Via Apia" e o templo de Panxón respectivamente; con respecto a este último unicamente se conserva o seu arco principal de fachada.

En Parada atópase o templo románico da Nosa Señora das Angurias, con un importante retablo; en Priegue a igrexa parroquial ten un apreciado retablo barroco. Mais preto dos nosos tempos como símbolo de modernidade, pero asumindo na súa linguaxe arquitectónica o pasado histórico, está o Templo Votivo do Mar de Panzón, obra realizada polo arquitecto galego Palacios no ano 1937.

Ademáis en Nigrán existen multitude de casas brasonadas e pazos com os de Urzáiz, Touza, Pías, e o de Cea reservado como patrimonio artístico nacional todos eles reflexo dun pasado cun gran poder solariego.





## Inventario do Patrimonio-Histórico-Artístico

### a) Patrimonio arquitectónico civil

#### *Pazos e casas*

- /// Pazo de Cea en Nigrán
- /// Pazo de Brito en Chandebrito
- /// Pazo da Touza en Camos
- /// Pazo de Lamelas
- /// Pazo de Pías
- /// Casa Abacial en Nigrán
- /// Casa do Barcalleira en Panxón
- /// Casa rectoral de Camos
- /// Casa rectoral de Panxón
- /// Casa de Suero Yáñez de Parada
- /// Casa de Torres de Nigrán
- /// Pazo de Cadaval ou de Urzaiz
- /// Casa Peteira
- /// Casa A Tarela
- /// Casa A Reborada
- /// Casa Parada
- /// Casa Torres Blancas
- /// A Balinfra
- /// Torre de Méndez
- /// Viso
- /// A Robaleira na Ramallosa
- /// Vilariño
- /// Pedrafitas



*Pazo da Touza*



*Ponte da Ramallosa*

#### *Pontes e viaductos*

- /// Ponte da Ramallosa

#### *Arquitectura militar defensiva*

- /// Torre de Méndez en Nigrán
- /// Castelo Nigrán (Camos-Parada)

### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

#### *Igrexas, capelas e ermidas*

- /// Capela das Angurias de Camos
- /// Capela de M<sup>a</sup> Auxiliadora de Camos
- /// Capela de San Roque de Camos
- /// Igrexa parroquial de Santa Olaia de Camos
- /// Igrexa parroquial de San Xosé de Chandebrito
- /// Igrexa parroquial de San Fix de Nigrán
- /// Igrexa visigótica de San Xoán de Panxón
- /// Templo Votivo do Mar de Panxón



*Templo votivo do mar*





- /// Igrexa parroquial de San Mamede de Priegue
- /// Capela de San Campio de A Ramallosa
- /// Capela de San Pedro de A Ramallosa
- /// Igrexa parroquial de San Pedro de A Ramallosa
- /// Capela do Carme de A Ramallosa-Lourido
- /// Mosteiro dos Pais Franciscanos en Vilariño
- /// Vella igrexa parroquial de Priegue

c) Patrimonio etnográfico

*Cruceiros, cruces, calvarios, petos de ánimas*

- /// Cruceiro con retablo da capela de San Campio
- /// Cruceiro con peto de ánimas da ponte da Ramallosa
- /// Cruceiro da Lama Nigrán / Camos

d) Patrimonio Histórico-Cultural

- /// Restos Paleolítico localizados en Patos, Madorra, Priegue
- /// Monumentos megalíticos en Chandebrito, Parada, Vilariño
- /// Mámoas en Priegue, Ramallosa, Panxón



*Cruceiro da Ramallosa*

### 9.3. BAIONA

#### /// Infraestructuras

##### Infraestructura viaria

Baiona conta con dúas vías de comunicación principais: a estrada C- 550 (Pontevedra-Camposancos) que sirve de enlace con Vigo e A Guarda, ensanchada e ampliada hai pouco, e que se converte nunha travesía nos núcleos de Baiona, Ramallosa, Baíña e Baredo; e a autoestrada do Val Miñor (A-57) recentemente inaugurada. Esta ten o seu remate neste Concello onde desemboca en dúas saídas: a primeira delas está na parroquia de Santa Cristina en Sabarís ó norte do núcleo de Baiona; a segunda saída achegase ata Rocamar na parroquia de Baredo onde conecta coa estrada C-550 por medio dunha rotonda. Este último tramo circunvala o casco urbano de Baiona xa non coma autoestrada senón como vía de alta capacidade.

Dentro da rede secundaria pódese destacar a estrada provincial que une Belesar coa C-550 e todas aquelas vías provinciais e municipais que unen entre si e co núcleo de Baiona as distintas parroquias do interior.

Outra infraestrutura importante é o porto de Baiona (pesqueiro e deportivo), con 43 embarcacións pesqueiras e 39 lanchas cunha pesca desembarcada de 252 Tm. O porto presenta unhas características de 5 metros de fondeo e ten auga, alumeado, electricidade, abastecemento de gasoil, grúa, peirao, rampa e obradoiro. No porto pesqueiro foi recentemente inaugurada unha nova lonxa. Así mesmo conta cun porto deportivo e un club privado de recoñecido prestixio internacional que organiza importantes regatas ó longo do ano. Está previsto construír un novo porto deportivo de carácter municipal

##### Infraestructuras básicas

Este Concello ten unha rede propia de abastecemento de auga subministrada dende a presa de Baíña (capacidade aproximada 600000 m<sup>3</sup>) e contratada á empresa "Espina y Delfín S.L." que tamén se encarga da rede de saneamento. Existen dous depósitos sitios en Baiona (4300 m<sup>3</sup>) e en Baíña (250 m<sup>3</sup>) así como unha







estación de bombeo no barrio de San Antón. A rede de abastecemento municipal orixinariamente de fundición foi substituída de xeito que toda a instalación modular actual é de polietireno. O tratamento da auga municipal realízase a través dunha Estación de Tratamento de Auga Potable (E.T.A.P.). Posúen rede de sumidoiros os núcleos de Baiona, Ramallosa e Baíña; a rede existente verte ó mar mediante un emisario no Paseo Pinzón, que recolle tamén os verquidos dun colector conectado dende a ponte da Ramallosa; estes verquidos fanse con depuración previa a través dunha E.D.A.R. que se atopa a 200 m. ó oeste do Parque da Palma, onde se fai un tratamento primario. Baiona conta tamén con tratamento de residuos sólidos urbanos e está previsto que poda disfrutar dunha rede de gasificación.

### 🔗 Servicios e equipamentos

**Figura 169. Servicios existentes no concello**

| SANIDADE          |   |                        |   |                      |   |                     |   |                    |   |
|-------------------|---|------------------------|---|----------------------|---|---------------------|---|--------------------|---|
| Atención Primaria | 1 | Centros especializados | 0 | Centros de urxencias | 0 | Hospitais (centros) | 0 | Capacidade (camas) | 0 |

| ENSINO             |   |                    |   |                         |   |                    |   |            |   |
|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|---|--------------------|---|------------|---|
| Educación infantil | 4 | Educación primaria | 1 | Ed. infantil e primaria | 3 | Centros secundaria | 1 | Centros FP | 0 |

| DEPORTES           |   |
|--------------------|---|
| Centros deportivos | 5 |

| ENTIDADES FINANCEIRAS |   |               |   |
|-----------------------|---|---------------|---|
| Bancos                | 8 | Caixas aforro | 5 |

| HOSTELERÍA |   |         |   |         |   |                   |   |              |       |
|------------|---|---------|---|---------|---|-------------------|---|--------------|-------|
| Hotéis     | 9 | Hostais | 2 | Camping | 1 | Outras categorías | 4 | Total prazas | 2.463 |

Fonte: Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas. CEP. 1998

### 🔗 Patrimonio Histórico-Artístico

O Patrimonio Histórico-Artístico do concello Baiona, amosa unha arquitectura relixiosa, cunha clara influencia de estilo cisterciense procedente da igrexa reconstrucións de Santa María de Oia.

Esta influencia obsérvase en moitas igrexas e capelas do municipio, pero especialmente na colexiata de Baiona. Algunhas das igrexas existentes,



Parador de Baiona





sufriron reconstruccions, conservando só algúns tramos da antiga construción.

Existen no municipio Casas e Pazos importantes destacando dentro da arquitectura civil O Castelo de Monte Real, hoxe Parador Nacional de turismo.

A zona antiga do núcleo de Baiona foi declarada conxunto Histórico-Artístico en marzo de 1993; hoxe esta en tramite o Plan Especial de Protección do Casco Histórico-Artístico (P.E.P.C.H.A.)

Algunhas das características das construcións mais antigas son o uso dunha pedra de granito de moi boa calidade, feito polo que unha gran parte dos muros están construídos con cadeirado, perpiaño o unha cachotería careada e ben cuidada . Polo xeral, os tellados constrúense a dous ou tres augas, levando neste último caso o cumio perpendicular a fachada. Os ocós, están reforzados con magníficos contornos e recercados de cantería e posúen dimensións semellantes ó resto das vilas mariñeiras do sur galego.

Outros elementos destacados na arquitectura popular de Baiona son os balcóns e corredores, construídos con grandes pedras colocadas a xeito de ménsulas, pechados por barandas de ferro.

Os soportais, hoxe tan só perviven nun pequeno espacio do centro da vila, a base de pilares de pedra de granito de sección circular ou cadrada sobre os que apoian taboeiros do mesmo material entre dous e tres metros de lonxitude.

Tódalas rúas do casco vello urbano teñen a súa pavimentación a base de lousas de pedra de granito; dende hai máis de dous anos veñen sendo asentadas e renovadas con cargo ó Plan de Excelencia Turística.

#### Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico

##### a) Patrimonio arquitectónico civil

###### *Pazos e casas*

- ~~///~~ Casa de Mendoza ou do Deán en Baiona
- ~~///~~ Casa do Concello ou Casa de Correa en Baiona
- ~~///~~ Casa dos Ceta ou do Perdón en Baiona
- ~~///~~ Casa de Cadaval na Ramallosa
- ~~///~~ Casa xunto a Ponte na Ramallosa
- ~~///~~ Casa de Cristo Rei na Ramallosa
- ~~///~~ Salgado
- ~~///~~ Hospital do Espírito Santo en Baiona
- ~~///~~ Casa Rectoral o Pazo de Sabarís na Ramallosa



Casa de Cadaval

###### *Pontes e viaductos*

- ~~///~~ Ponte nova de Sabarís. Baiona
- ~~///~~ Ponte de Sabarís. Baiona
- ~~///~~ Ponte da Ramallosa. Ramallosa



Ponte de Sabarís

###### *Outros sen clasificar*

- ~~///~~ Virxe da Roca
- ~~///~~ Poboado medieval





#### *Arquitectura Militar Defensiva*

- /// Castelo Monte Real de Baiona.

#### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

##### *Igrexas, capelas e ermidas*

- /// Igrexa parroquial de Santa Mariña de Baiña
- /// Capela de Santa Marta do Burgo en Baiña
- /// Capela de Santa Liberata de Baiona
- /// Igrexa das Dominicicas
- /// Igrexa parroquial de Santa Cristina de A Ramallosa
- /// Capela da Misericordia de Baiona
- /// Capela de San Xoán en Baiona
- /// Igrexa parroquial de Santa María de Baredo
- /// Igrexa parroquial de San Lourenzo de Belesar
- /// Convento Igrexa Dominicicas en Baiona
- /// Colexiata de Baiona



*Colexiata de Baiona*

#### c) Patrimonio etnográfico

- /// Cruceiro da Santísima Trindade en Baiona
- /// Fonte do Pombal. Coto de Castro. Baiona

## 9.- CULTURA POPULAR

Para definir a vida social dunha comunidade é imprescindible analizar os actos colectivos que a poboación organiza en busca para satisfacer diversos fins. A través da realización de eventos populares (festas, feiras, romarías) e celebracións da cultura formal (conferencias, concertos, xornadas, etc) un pobo reforza a súa identidade e cohesión social, o que supón ter un elemento clave para desenvolver as potencialidades endóxeas do recurso humano local.

As festas nestes tres concellos son múltiples e variadas. Baiona destaca polas feiras e festas que nela se organiza como son o “Luns dos Carneiros”, o Mercado de Sabarís, o Curro de Mougás, ó que acompaña unha popular festa campestre. En agosto celébrase a Virxe da Anunciada, patroa dos mariñeiros de Baiona, na que se conxuga o relixioso e o profano e na que se pode asistir á “Danza das Espadas”. En setembro ten lugar a antiquísima romaría dos irmáns Cosme e Damián ós que se lles pide especial protección, famosa pola venda de mel e noces. O primeiro de marzo é a festa local conmemorativa da Arribada da Carabela Pinta. Tamén ten un forte protagonismo a “Feira do Descubrimento”, evento que se ven celebrando dende 1984.

En Gondomar existe unha arraigada vocación popular para a creación artística de alfombras florais que engalanan as rúas da vila no “Corpus” ó mesmo que acontece en Vilaza e Mañufe. Non faltan as festas e romarías por tódalas parroquias, onde os seus mellores viños, caíños, albariños e treixadura e as súas típicas empanadas de sardiñas se poden degustar; para outros gustos as súas troitas en salsa verde, prato característico deste concello. Tódolos anos se celebran unhas Xornadas Polifónicas, e se fomenta as actividades lúdicas tradicionais como o antroido, a rondalla e os concertos de verán.





En Gondomar, as romarías das súas parroquias, os seus curros, as súas verbenas populares únense ás romarías de San Bieito e ás festas gastronómicas. Organízase tamén a festa da rosquilla, o irmanamento con Portugal e a festa das Tunas, que se celebran os días 5 e 6 de xaneiro.

En Nigrán, ten lugar a romaría do mes de xullo en Monteferro, de gran sabor popular, a festa patronal de San Félix en agosto e as correspondentes celebracións en cada parroquia.

As festas do Cristo de San Pedro, Santa Ana, San Campio, San Félix, ou San Xoán Degolado, a Virxe do Carmo, a romaría da Virxe da Saúde, a Virxe das Angustias, San Roque, Bo Xesús, a festa gastronómica da Cadelucha, as sardiñadas populares e a festa da muiñeira, son algunhas das celebracións que permiten coñecer un pouco mellor a cultura. Na noite de San Xoán, a parroquia de Panxón é visitada por moitos veciños dos concellos limítrofes para ver arder as cacharelas á beira do mar. Durante o verán, a oferta cultural deste concello incrementase gracias ós concertos, bailes e teatro organizados dende a administración local, que xunto coa oferta privada en torno ós deportes náuticos, fan que se converta nun espazo privilexiado para o lecer vacacional.







·  
·  
· **VI. BIBLIOGRAFÍA E**  
· **FONTES DA INFORMACIÓN** ·

· BIBLIOGRAFÍA  
· BIBLIOGRAFÍA







## BIBLIOGRAFÍA

- Bejarano Galdino, E. 1986. *Los chozos: una arquitectura peculiar del Suido*. Ed. Edicións do Castro.
- Fariña Jamardo, X. 1991. *Os Concellos Galegos*. Ed. Fundación Barrié dela Maza.
- García Iglesias, X.M. 1992. *Pazos de Galicia*. Ed. Xunta de Galicia.
- IGE. 1992. *Poboación. Principais resultados. Pontevedra*. Ed. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia.
- IGE. 1998. *Movements Migratorios. Galicia 1995*. Ed. Ed. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia.
- Management Consulting OBZ. 1999. *Inventario de Recursos Turísticos*. Ed. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- Pazo Labrador, A. 1996. *La trama de los asentamientos rurales en las Rías Bajas gallegas*. Ed. Diputación Provincial de Pontevedra.
- Pereira Molares, A. 1979. *Arquitectura del Pazo en Vigo y su comarca*. Ed. ARQ. COAG.
- Rozas Caeiro, A. 1992. *O patrimonio arqueolóxico e artístico, I e II*. Ed. Instituto de Ciencias da Educación.
- SGC. Varios anos. Informes mensuais. *Galicia. Informe do paro rexistrado. Evolución do emprego*. Ed. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Xunta de Galicia
- Souto González, X.M. 1990. *Vigo, 100 anos de historia urbana. 1880-1980*. Ed. Xerais.
- Torres Luna, M.P. et alt. 1994. *Parroquias e arcprestazgos de Galicia*. Ed. Univesrsidad de Santiago de Compostela.
- V.V.A.A. 1991. *Nomenclator de ciudades, villas, aldeas. Pontevedra*. Ed. INE.
- V.V.A.A. 1994. *A poboación de Galicia. A crise demográfica e o seu impacto territorial*. Ed. Xunta de Galicia.
- V.V.A.A. 1994. *Os nosos concellos*. Ed. Xunta de Galicia.
- V.V.A.A. 1994. *Plan estratégico de Vigo y su área de influencia*. Ed. Consorcio de la Zona Franca.
- V.V.A.A. 1998. *Descriminación, marxinação, exclusión social en Galicia*. Ed. Valedor do Pobo.
- V.V.A.A. 1998. *Galicia 98 / 8.000 empresas. Directorio e Informe económico – financeiro*. Ed. Consorcio de la Zona Franca de Vigo.
- V.V.A.A. 1998. *Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega*. Ed. Consello Galego de Relacións Laborais. Xunta de Galicia
- V.V.A.A. 1998. *Proyección de la Provincia de Pontevedra. Municipios y Comarcas*. Ed. CEP
- V.V.A.A. 1999. *5.000 empresas. Informe Económico Financiero de la Mancomunidad de Vigo*. Ed. Mancomunidade de Vigo e Consorcio da la Zona Franca de Vigo
- V.V.A.A. 1999. *A despoboación de Galicia. Preocupación ou lóxica territorial*. Ed. Secretaría Xeral de I+D. Xunta de Galicia.
- V.V.A.A. 1999. *Anuario Comercial de España*. Ed. La Caixa
- V.V.A.A. 1999. *Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal*. Ed. Observatorio Urbano do Eixo Atlántico. Consorcio de la Zona Franca.







## FONTES DE INFORMACIÓN

- /// Concellería de Participación Cidadá do concello de Vigo.
- /// Consellería de Medio Ambiente e Montes.
- /// Departamento de Patrimonio Histórico do concello de Vigo.
- /// Eurostat.
- /// Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- /// Organismo de Recadación da Administración Local (ORAL).
- /// Instituto Galego de Estatística (IGE).
- /// Instituto Nacional de Empleo (INEM).
- /// Instituto Nacional de Estadística (INE).
- /// Plans Xerais de Ordenación Urbana e Normas Subsidiarias dos distintos concellos da MAIV.
- /// Servicio de Estatística do concello de Vigo.
- /// Servicio Galego de Colocación (SGC). Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Xunta de Galicia.
- /// Xerencia de Urbanismo do concello de Vigo.
- /// Páxinas web:
  - /// [www.ardan.es](http://www.ardan.es)
  - /// [www.camaravigo.com](http://www.camaravigo.com)
  - /// [www.europa.eu.int](http://www.europa.eu.int)
  - /// [www.igape.es](http://www.igape.es)
  - /// [www.ine.es](http://www.ine.es)
  - /// [www.inem.es](http://www.inem.es)
  - /// [www.maiv.org](http://www.maiv.org)
  - /// [www.riasbaixas.org](http://www.riasbaixas.org)
  - /// [www.xanela.com](http://www.xanela.com)
  - /// [www.xunta.es](http://www.xunta.es)
  - /// [www.zonafrancavigo.com](http://www.zonafrancavigo.com)





CONCELLO DE MOS





## 1.- ÁMBITO TERRITORIAL

O concello de Mos encádrase na zona sureste da Mancomunidade de Vigo e se tomamos como referencia as comarcas naturais o seu territorio forma a Louriña, pois por el discorre o río Louro, a canle que dá lugar ó val que se espalla máis ó sur no concello de Porriño. Pola súa proximidade a Vigo e as fortes relacións que mantén con este concello, Mos foi incluído, dentro do Plan de Comarcalización da Xunta de Galicia, na comarca de Vigo.

Limita ó norte cos concellos de Vigo e Redondela, ó sur co de Porriño, no extremo oriental con Pontearreas e no occidental con Vigo.

|            | Superficie (Km <sup>2</sup> ) | % sobre superficie total da MAIV | Nº de parroquias |
|------------|-------------------------------|----------------------------------|------------------|
| <b>MOS</b> | 53,2                          | 7,9                              | 10               |

Fonte: *Elaboración propia.*

A maioría do territorio de Mos presenta escasa altitude, por debaixo dos 200 metros, debido ás terras chás que forman a fosa tectónica que o atravesa. A pesar desta topografía baixa que percorre o territorio de norte a sur, existen dúas zonas montañosas acentuadas nos extremos oriental e occidental, que acadan os 500 metros nas proximidades da Serra do Galiñeiro e algo máis de 700 metros no extremo nororiental.


A superficie forestal reduce as súas especies a piñeiros e mestura de masas de eucalipto e piñeiro.

| PARROQUIAS | ENTIDADES |
|------------|-----------|
| Cela       | 8         |
| Dornelas   | 4         |
| Guizán     | 6         |
| Louredo    | 11        |
| Mos        | 10        |
| Pereiras   | 7         |
| Petelos    | 8         |
| Sanguiñeda | 8         |
| Tameiga    | 9         |
| Torroso    | 13        |

## 2.- DEMOGRAFÍA

Mos resulta un dos concellos máis dinámicos da área de Vigo respecto da evolución da súa poboación; despois de Porriño é o que presenta maior incremento dos efectivos demográficos dende 1960 ata hoxe en día. O despegue produciuse nas décadas dos 60 e 70, coincidindo plenamente co *baby-boom* do estado español e o éxodo rural cara ós centros urbanos. Mos participa deste fenómeno pola súa proximidade a Vigo e Porriño, núcleos que naquela etapa estaban en pleno crecemento económico pola instalación de diversas industrias.

**Evolución da poboación, Mos.  
1960 - 1998**



### Evolución da poboación dende 1960


|           | MOS    |
|-----------|--------|
| 1960      | 10.014 |
| 1970      | 11.183 |
| 1981      | 13.102 |
| 1991      | 13.340 |
| 1996      | 13.755 |
| 1998      | 13.704 |
| 1998-1960 | 3.690  |

Fonte: IGE.

A pirámide de poboación ten un aspecto moi semellante á de Porriño, cun estreitamento da súa base debido á diminución de nacementos dende a década dos anos 80 e unha conservación da forma piramidal en altura, que reflicte que Mos aínda posúe un envellecemento leve. Esta forma é a típica dos concellos máis desenvolvidos da área de Vigo tales como Redondela, Nigrán ou o propio Vigo.

A estrutura por idades resulta máis negativa que a de Porriño xa que este acada o 19% de menores de 15 anos e en Mos só representan o 17%. A poboación maior de 64 anos tampouco representa unha porcentaxe moi elevada, podemos dicir que se sitúa na media dos concellos costeiros.

Pirámide de poboación, 1996




Estructura da poboación por idades, 1996

| MOS | 15 a 64 anos |              |              | > 64 anos | TOTAL 1996 |
|-----|--------------|--------------|--------------|-----------|------------|
|     | < 15 anos    | 15 - 24 anos | 25 - 64 anos |           |            |
|     | 2.284        | 2.632        | 7.028        | 1.811     | 13.755     |
|     | 16,6%        | 19,1%        | 51,1%        | 13,2%     |            |

Fonte: Padrón 1996, IGE.

O crecemento vexetativo do ano 1996 resulta negativo en Mos, o que pode ser sinal dun lixeiro debilitamento dos nacementos e unha tendencia ó avellentamento da poboación. De feito, a taxa de natalidade só se achega ó 7,5%, segundo os datos padroais de 1996. Pola contra, existe un dato máis optimista que revela a atracción que exerce este concello para o asentamento humano, este é o saldo migratorio, que incide en que Mos rexistre un crecemento real tamén positivo.

Estructura da poboación por idades, 1996





### Movement natural da poboación, 1996

|            | NACEMENTOS    |      | DEFUNCIÓNS    |      | CRECEMENTO VEXETATIVO |      |
|------------|---------------|------|---------------|------|-----------------------|------|
|            | Media 1990-94 | 1996 | Media 1990-94 | 1996 | Media 1990-94         | 1996 |
| <b>MOS</b> | 123           | 103  | 99            | 114  | 24                    | -11  |

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

### Emigración interna (provincias de destino)

|            | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------------|----------|------|---------|------------|-------|
| <b>MOS</b> | 13       | 0    | 2       | 165        | 180   |

Fonte: Movements migratorios 1995. IGE.

### Emigración externa (lugares de destino)

|            | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Total |
|------------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|-------|
| <b>MOS</b> | 2         | 0        | 9        | 1       | 2        | 2      | 7        | 10    | 33    |

Fonte: Movements migratorios 1995. IGE.

### Inmigración interna (provincias de orixe)

|            | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|------------|----------|------|---------|------------|-------|
| <b>MOS</b> | 0        | 0    | 3       | 219        | 222   |

Fonte: Movements migratorios 1995. IGE.

### Inmigración externa (lugares de orixe)

|            | Andalucía | Asturias | Canarias | C. León | Cataluña | Madrid | P. Vasco | Resto | Estranxeiro | Total |
|------------|-----------|----------|----------|---------|----------|--------|----------|-------|-------------|-------|
| <b>MOS</b> | 9         | 2        | 4        | 9       | 1        | 7      | 2        | 11    | 12          | 57    |

Fonte: Movements migratorios 1995. IGE.

### Saldo migratorio

|            | Interno         |               |       | Externo      |             |       | Saldo total |
|------------|-----------------|---------------|-------|--------------|-------------|-------|-------------|
|            | Intraprovincial | Resto Galicia | Total | Resto España | Estranxeiro | Total |             |
| <b>MOS</b> | 54              | -12           | 42    | 12           | 12          | 24    | 66          |

Fonte: Movements migratorios 1995. IGE.

En canto á densidade de poboación hai que salientar que Mos conta con 258 habitantes por quilómetro cadrado, dato moi semellante ó rexistrado no concello veciño de Porriño e ós dos concellos do anel periurbano de Vigo, lugares óptimos para o asentamento de habitantes que buscan vivir preto dos centros de traballo e da gran cidade.

### Densidade de poboación

|            | Superficie Km <sup>2</sup> | Poboación 1996 | Densidade 1996 | Poboación 1998 | Densidade 1998 |
|------------|----------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| <b>MOS</b> | 53,2                       | 13.755         | 258,6          | 13.704         | 257,6          |

Fonte: Instituto Galego de Estatística.





### 3.- ANÁLISE ECONÓMICA

#### 3.1.- Mercado de traballo.

##### 3.1.1.- Actividade

Durante o período 1991-96, nos concellos da MAIV a taxa de actividade sofre unha diminución. No concello de Mos, esta redución non foi tan acusada como noutros concellos da súa zona (véase o exemplo de Salvaterra).

#### Taxas de actividade nos concellos da MAIV

|                    | 1991        | 1996        |
|--------------------|-------------|-------------|
| BAIONA             | 46,4        | 45,9        |
| FORNELOS DE MONTES | 44,7        | 41,4        |
| GONDOMAR           | 47,7        | 47,0        |
| <b>MOS</b>         | <b>50,7</b> | <b>49,5</b> |
| NIGRÁN             | 47,6        | 49,0        |
| PAZOS DE BORBÉN    | 50,3        | 42,1        |
| PORRIÑO            | 50,5        | 51,4        |
| REDONDELA          | 52,3        | 51,5        |
| SALCEDA DE CASELAS | 46,2        | 44,8        |
| SALVATERRA DE MIÑO | 42,6        | 38,2        |
| SOUTOMAIOR         | 48,7        | 48,3        |
| VIGO               | 52,2        | 48,9        |

Fonte: Censo de poboación e vivenda 1991 Padrón de 1996.

A diminución da taxa de actividade producida neste último período no concello de Mos é consecuencia do incremento da poboación maior de 16 anos (10.039 en 1991 e 11.256 en 1996) en maior proporción que o aumento dos activos (5.093 en 1991 e 5.627 en 1996).

Ademais o aumento dos activos vén dado polo incremento do colectivo de desempregados, que pasan neste período de 1.080 a 1.432, mentras que o número de ocupados permanece practicamente constante.

##### 3.1.2. Ocupación

Se comparamos os anos 1991 e 1996 obsérvase como a taxa de ocupación no concello de Mos diminúe en 2,3 puntos. Tal e como púñamos anteriormente de manifesto, a explicación hai que busca no feito de que a poboación maior de 16 anos aumenta (de 10.039 a 11.256) mentras que a poboación ocupada permanece practicamente igual.

#### Taxas de ocupación nos concellos da MAIV

|                    | 1991        | 1996        |
|--------------------|-------------|-------------|
| BAIONA             | 39,7        | 36,6        |
| FORNELOS DE MONTES | 29,2        | 29,9        |
| GONDOMAR           | 39,7        | 35,5        |
| <b>MOS</b>         | <b>39,9</b> | <b>37,6</b> |
| NIGRÁN             | 38,3        | 37,1        |
| PAZOS DE BORBÉN    | 35,8        | 30,9        |
| PORRIÑO            | 41,5        | 40,3        |
| REDONDELA          | 40,4        | 38,7        |
| SALCEDA DE CASELAS | 40,1        | 36,9        |
| SALVATERRA DE MIÑO | 34,0        | 29,5        |
| SOUTOMAIOR         | 37,6        | 36,2        |
| VIGO               | 40,9        | 36,8        |


Fonte: Censo de poboación e vivenda 1991 e Padrón 1996.






A distribución porcentual da ocupación, e dicir, a distribución dos ocupados nos diferentes sectores económicos, sofre importantes modificacións nos últimos anos, tal e como podemos comprobar nos seguintes gráficos.

Mos: Distribución de ocupados por sectores.  
Fonte Censo 1991



Mos: Distribución de ocupados por sectores.  
Fonte Padrón año 1996




A existencia de solo para ubicación de empresas e as boas vías de comunicación existentes, son elementos que inflúen positivamente na localización de industrias neste concello, co consecuente aumento do peso das persoas ocupadas no sector industrial e de servicios.

Dentro do sector industrial destacan as persoas que traballan nas *industrias manufactureiras*, que representan un 94,5% do total dos ocupados da industria, e no sector servicios sobresaen os traballadores ocupados en *comercio e reparacións*, representando un 36,5% do total deste sector.

Se atendemos á súa profesión, o 39% dos ocupados encádranse no epígrafe de *traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería*, seguidos dos *traballadores de restauración* e dos *non cualificados*, representando cada un deles un 12,8% e un 12,42% dos ocupados respectivamente.

Mos: Ocupados segundo a profesión  
Fonte: Padrón 1996




(11) Forzas armadas

- (1) Dirección Administración Pública e das empresas de 10 ou máis asalariados
- (2) Xerencia empresas de menos de 10 asalariados
- (3) Profesións asociadas a titulacións universitarias
- (4) Técnicos e profesionais de apoio
- (5) Empregados de tipo administrativo
- (6) Traballadores restauración, protección e seguridade; dependentes.
- (7) Traballadores cualificados en agro e pesca
- (8) Traballadores cualificados en manufacturas, construción e minería
- (9) Operadores de instalacións industriais
- (10) Traballadores non cualificados

Segundo a súa situación profesional, no concello de Mos os grupos máis numerosos son os *asalariados fixos*, que no ano 1996 representan un 52% do total de ocupados, seguidos polos *asalariados eventuais* que representan nese mesmo ano o 31,3%.



Mos: Ocupados por situación profesional.  
Fonte Padrón 1996




- (1) Traballadores por conta propia e con persoal
- (2) Traballadores por conta propia e sen persoal
- (3) Membros de cooperativas
- (4) Axudas familiares
- (5) Asalariados fixos
- (6) Asalariados eventuais
- (7) Outra situación

### 3.1.3. Desemprego


A continuación aportamos datos da evolución do número de desempregados no concello de Mos, o que nos permite observar unha tendencia decrecente dende o ano 1994 ata o ano 2000.

Mos: Evolución do desemprego  
Fonte: INEM e SGC (Xunta de Galicia)



En relación ó colectivo de desempregados temos que sinalar que en marzo de 2000 o 21,3% dos parados non tiveron un emprego anterior. Por outra parte, se atendemos á súa idade, o 79% dos desempregados eran maiores de 25 anos.


Mos: Desemprego segundo sectores económicos  
Fonte: SGC (Xunta de Galicia)



Por sectores, o maior paro localízase no sector servizos, seguido dos traballadores da industria. Hai que mencionar que o paro do sector industrial é consecuencia da recesión sufrida por este sector na área da Mancomunidade, influenciada sobre todo polo carácter industrial de Vigo, mentras que o paro do sector servizos é debido ó carácter temporal da maioría dos traballos asociados a este sector.

Por sexo, no concello de Mos o desemprego afecta de forma desigual a homes e mulleres. Así, en marzo de 2000 o 33% dos parados eran homes fronte ó 67% de mulleres.

Mos: Desemprego segundo o nivel de estudos  
Fonte: SGC (Xunta de Galicia)







En canto o nivel de estudos obsérvase que o desemprego afecta en maior medida ós colectivos cun menor nivel de estudos, xa que o maior número de parados atópanse entre as persoas que só teñen o Certificado de Escolaridade ou EXB.

### 3.2. - Outros indicadores socioeconómicos.

Co fin de completar a análise socioeconómica do concello de Mos, a continuación aportamos dous cadros elaborados a partir da información que figura no *Anuario Comercial de España (ano 2000)*.

A partir do primeiro cadro podemos constatar que Mos rexistra un nivel económico que se cuantifica en 3, nivel similar á media da provincia de Pontevedra pero inferior á media galega.

No segundo cadro tratamos de relativizar os diferentes indicadores económicos, para o cal calculamos o valor dos diferentes indicadores socioeconómicos por cada 100 habitantes. Os resultados obtidos revelan o elevado desenvolvemento industrial do concello de Mos, xa que o índice de actividade industrial deste concello é case o dobre ó índice da MAIV, debido a que as empresas se instalen no concello de Mos, pola proximidade deste co concello de Vigo.





Indicadores socioeconómicos municipais na MAIV, provincia de Pontevedra e Galicia

|            | Nivel Económico | Cota Mercado | Índice turístico | Teléfonos | Automóviles | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Maioristas | Minoristas | Bares | Índice activ. económica |
|------------|-----------------|--------------|------------------|-----------|-------------|----------------------|--------------------|-------------------------|------------|------------|-------|-------------------------|
| Baiona     | 3               | 25           | 34               | 3926      | 3.303       | 512                  | 12                 | 112                     | 22         | 216        | 100   | 12                      |
| Formelos   | 1               | 5            | -                | 564       | 901         | 93                   | 2                  | 12                      | -          | 21         | 8     | 1                       |
| Gondomar   | 3               | 25           | 2                | 3629      | 4666        | 848                  | 4                  | 234                     | 52         | 190        | 56    | 15                      |
| Mos        | 3               | 31           | 9                | 4616      | 6416        | 1344                 | 3                  | 308                     | 139        | 176        | 91    | 37                      |
| Nigrán     | 4               | 35           | 19               | 6389      | 6448        | 1024                 | 9                  | 245                     | 54         | 236        | 107   | 19                      |
| Pazos      | 1               | 6            | -                | 853       | 1214        | 137                  | 1                  | 33                      | 1          | 33         | 18    | 1                       |
| Porriño    | 3               | 42           | 14               | 6073      | 7469        | 1741                 | 18                 | 393                     | 104        | 332        | 130   | 59                      |
| Redondela  | 2               | 65           | 4                | 9255      | 11522       | 1823                 | 21                 | 377                     | 121        | 438        | 181   | 36                      |
| Salceda    | 2               | 14           | 1                | 1591      | 2328        | 499                  | 3                  | 136                     | 19         | 132        | 37    | 8                       |
| Salvaterra | 2               | 18           | -                | 2392      | 3382        | 337                  | 3                  | 134                     | 19         | 130        | 35    | 8                       |
| Soutomaior | 3               | 13           | 3                | 1685      | 2086        | 331                  | 6                  | 68                      | 32         | 107        | 60    | 8                       |
| Vigo       | 4               | 682          | 380              | 120234    | 128958      | 16296                | 258                | 2797                    | 1747       | 5099       | 2020  | 806                     |
| Pontevedra | 3               | 2135         | 1158             | 323075    | 370533      | 58118                | 771                | 11818                   | 3985       | 17188      | 6687  | 1765                    |
| Galicia    | 4               | 6503         | 2959             | 1007689   | 1064207     | 179170               | 2500               | 39025                   | 11291      | 54581      | 22849 | 5679                    |

Fonte: La Caixa. Anuario Comercial de España 2000.

Indicadores socioeconómicos (por cada 100 habitantes) en Mos e na MAIV

|      | Teléfonos | Automóviles | Camións e Furgonetas | Oficinas Bancarias | Actividades Industriais | Maioristas | Minoristas | Bares |
|------|-----------|-------------|----------------------|--------------------|-------------------------|------------|------------|-------|
| Mos  | 33,68     | 46,81       | 9,80                 | 0,02               | 2,24                    | 1,01       | 1,28       | 0,66  |
| MAIV | 39,91     | 44,24       | 6,18                 | 0,08               | 1,20                    | 4,03       | 1,76       | 0,70  |

Fonte: Elaboración Propia a partir de La Caixa. Anuario Comercial de España. 2000 e do Padrón Municipal 1998.






### 3.3. - Actividades empresariais.

A continuación, e a partir dos datos do ARDAN, preséntase unha relación das actividades de carácter empresarial ou profesional que se exercen en Mos.

Tal e como podemos observar, as actividades que predominan neste concello son as asociadas ó sector servicios, seguidas das actividades do sector industrial.

Mos: Distribución sectorial  
Fonte: ARDAN 1999



Segundo datos recollidos polo ARDAN, en Mos hai 258 empresas cun volume de facturación superior a 10 millóns de pesetas cada unha, que xeraron en conxunto uns ingresos de 65.931 millóns de pesetas no ano 1997. A súa especialización pode verse na táboa seguinte, na que se recollen as actividades económicas con máis relevancia no concello segundo os seus ingresos; como pode comprobarse teñen un peso importante as actividades asociadas a empresas relacionadas ó sector da automoción e transporte.

#### Grao de especialización empresarial de Mos

| Actividade da empresa                  | Nº empresas | Ingresos (millóns ptas) |
|--|-------------|-------------------------|
| Transporte por carreteira              | 25          | 6.114                   |
| Fab. de recambios e pezas de motor     | 1           | 5.175                   |
| Fab. conserva de peixe e frutos do mar | 2           | 4.053                   |
| Pedra traballada, mármore              | 6           | 2.953                   |
| Contratistas xerais                    | 22          | 2.084                   |

Fonte: ARDÁN 99

Na táboa anterior queda reflectido o importante peso que ten a empresa Copo Ibérica S.A. no concello de Mos como fábrica de recambios e pezas de motor, empresa auxiliar de Citroën Hispania S.A. ubicada esta no concello de Vigo.

### 4.- FORMACIÓN REGRADA DA POBOACIÓN

Os datos de Mos sitúano nuns niveis parecidos ós de Porriño e Salceda aínda que rexistra maior porcentaxe de titulados medios e superiores, máis igualados ós de Gondomar ou Soutomaior. A formación dos habitantes de Mos hai que relacionala co desenvolvemento económico da zona, pois hai demanda de persoal formado para traballar no tecido industrial que creceu neste territorio. Ademais o acceso á educación neste concello resulta doado, dada a proximidade ós centros educativos que imparten ensino medio e á universidade de Vigo.

#### Formación regrada da poboación maior de 10 anos, 1996


| MOS | Non sabe ler nin escribir | Titulación inf. ó Grad. Escolar | Graduado Escolar | Bacharelato, FP II e tit. superiores |
|-----|---------------------------|---------------------------------|------------------|--------------------------------------|
|     | 279<br>2,2%               | 7.485<br>60,3%                  | 3.104<br>25%     | 1.540<br>12,4%                       |

Fonte: Padrón 1996, IGE.





### Formación da poboación, 1996



Igualmente, o tecido industrial asentado sobre o concello de Mos incide sobre os datos de cualificación da poboación, e así observamos que as porcentaxes de traballadores cualificados destacan sobre o resto, situándose por enriba do 70%.

### Cualificación profesional da poboación ocupada, 1996

|     | Alta dirección e xerencia | Técnico superior e de apoio | Traballador cualificado | Traballador non cualificado |
|-----|---------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| MOS | 319<br>7,6%               | 262<br>6,3%                 | 3.083<br>73,7%          | 521<br>12,4%                |

Fonte: Padrón 1996, IGE.

## 5.- PROBLEMÁTICA SOCIAL

Os servizos sociais do concello de Mos ocúpense da solución dos problemas que xorden na comunidade e da xestión de todo tipo de axudas da Administración. Para o desenvolvemento dos programas sociais contan con subvencións autonómicas encadradas en plans de consellerías como a de Sanidade e Servizos Sociais ou a de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude; a pesar disto o concello de Mos non espera á aprobación dunha subvención para poñer en marcha un programa pois tódolos programas contan con orzamento dende o inicio ata o peche do exercicio, o cal asegura a súa continuidade.

Dentro do Plan Concertado da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais Mos recibe subvencións para o programa de axuda a domicilio, no que se atenderon 27 casos no ano 1999, case todos eles de atención a persoas maiores que viven soas. Concedéronse tamén con cargo a este Plan axudas para o programa de *Emerxencia Social*, aínda que este ponse en marcha dende o concello para ofrecer servizo inmediato a casos puntuais que non reúnen as condicións necesarias para solicitar outra axuda. Ademais o Plan Concertado concede unha subvención para o propio mantemento do servizo e das persoas que alí traballan (unha asistente social e unha administrativa). Anos anteriores concedéronse tamén a Mos axudas para o programa de *Eliminación de barreiras arquitectónicas* con cargo ó Plan Concertado.





Mos puxo en marcha outros programas acollidos a subvencións da Consellería de Familia entre os que hai que destacar o *Programa de Educación Familiar* no que traballa especificamente unha psicóloga a tempo completo, encargándose da prevención en familias de risco nas que hai menores de idade. Para levar a cabo este traballo existe coordinación cos colexios do concello e cos pediatras que traballan no centro de saúde; no ano 1999 atendéronse 30 casos dentro deste programa. Igualmente con cargo a axudas da Consellería de Familia, unidas a unha pequena subvención da Deputación de Pontevedra e completadas estas con fondos municipais levouse a cabo un ano máis o *programa* de axuda para a compra de *libros escolares* do que se beneficiaron 65 familias no ano 1999 e se destinaron 2.000.000 pesetas aproximadamente. O Servicio de Igualdade da devandita Consellería ofrece un Programa de axudas para a Promoción da Muller dentro do cal o concello de Mos solicitou cursos para mulleres e dous gabinetes, un xurídico e outro psicolóxico, destinados á atención exclusiva dos problemas das mulleres; estes gabinetes empezarán a traballar no ano 2000.

A problemática das vivendas en malas condicións abórdase a través da solicitude de subvencións con cargo ó *Programa de Infravivenda Rural* do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Dende o concello realízase o proxecto de rehabilitación ou acondicionamento das vivendas para que reúnan as condicións mínimas de habitabilidade, e entre este e a Xunta de Galicia apórtanse as cantidades necesarias para o acondicionamento. Se os arranxos son pequenos e puntuais inclúense nas axudas para emerxencia social da Deputación e do concello.

Ademais de todos estes programas o concello asina convenios coa Deputación de Pontevedra para a subvención da asistencia de nenos ós campamentos de verán e para os viaxes da terceira idade.

Está en marcha actualmente un proxecto no concello para a *Educación de Rúa*. Para isto os servizos sociais solicitaron o acondicionamento dun baixo municipal nas vivendas sociais sitas neste concello, e están á espera de que a Xunta de Galicia conceda unha axuda para iniciar este programa a fin de traballar co colectivo xuvenil daquel barrio.

A problemática do alcoholismo trátase tentando que os afectados se poñan en contacto con ASVIDAL, e a da drogadicción centralízase no Centro de Drogodependencias do Porriño.

O orzamento total co que contou o Servicio Social do concello de Mos ascendeu no ano 1999 a 28.500.000 pesetas.

## 6.- AXENTES SOCIAIS E TECIDO ASOCIATIVO

Neste apartado hai que distinguir entre as asociacións de tipo agrario representadas nas comunidades de montes, con máis ou menos entidade en tódolos concellos que posúen terreos forestais de titularidade veciñal, e as asociacións de tipo veciñal, máis caracterizadas polas reivindicacións sobre temas sociocomunitarios. En ocasións, nestas asociacións mestúranse grupos socioculturais que buscan satisfacer as aspiracións culturais inmediatas da comunidade.





### Montes en mancomún de Mos

| NOME                      | TITULARIDADE                     | HECTÁREAS |
|---------------------------|----------------------------------|-----------|
| Montes de Tameiga         | Veciños da parroquia de Tameiga  | 95        |
| Montes de Herville        | Veciños da parroquia de Cela     | 121       |
| Monte de Louredo          | Veciños da parroquia de Louredo  | 547       |
| Montes de Mos             | Veciños da parroquia de Mos      | 501       |
| Monte Pereiras            | Veciños da parroquia de Pereiras | 61        |
| Montes de Baloutas        | Veciños da parroquia de Torroso  | 13        |
| Montes de Guizán          | Veciños da parroquia de Guizán   | 20,1      |
| Pozas de Eimonde e outros | Veciños da parroquia de Petelos  | 29,8      |
| TOTAL                     |                                  | 1387,9    |

Fonte. Consellería de Medio Ambiente e Montes.


### Tecido asociativo no concello de Mos

|                      |  |
|----------------------|--|
| Asociacións veciñais | A. VV. Cela, A. VV. Dornelas, A. VV. Santa Marina de Dornelas, A. VV. Santa María de Guizán, A. VV. San Salvador de Louredo, A. VV. Santa Baia de Mos, A. Vv. Nosa Terra de Pereiras, A. VV. Petelos, A. VV. Santa Ana Veigadaña de Petelos, A. VV. Chan do Bosque de Sanguiñeda, A. VV. C. Leticia de Sanguiñeda, A. VV. La Unión de San Martín de Tameiga, Federación de AA. VV. Mos.  |
| Centros culturais    | Asociación cultural San Martín de Tameiga, Centro Cultural Abrente, Centro Cultural As Pedriñas - Tameiga, Centro Recreativo Cultural de Torroso, Centro Cultural e Social de Herville, Sociedade Recreativa e Cultural de Guizán, Circulo Cultural e Deportivo Santa Eulalia de Mos, Agrupación Cultural A Cidade de Louredo, Centro Cultural e Social Ageiro, Grupo folclórico Arume de Guizán, Grupo folclórico Virxen das Neves de Herville, Grupo de baile e música Nosa Terra de Pereiras. |
| Xuventude            | Asociación Xuvenil Mencer de Tameiga, Asociación Xuvenil Mos-Keo Colectivo.  |
| Mulleres             | Asociación de Mulleres Rurais.   |
| Deportivas           |  |
| Empresarios          | Asociación de Empresarios de Mos   |
| Outras               | Asociación de Disminuídos Físicos e Psíquicos (ASODIFISI), Asociación de Residentes de Mos en Argentina, Asociación Española contra el Cáncer.   |


Fonte: Centro de Desenvolvemento Local de Mos, 2000.

## 7.- COMPORTAMENTO POLÍTICO

Eleccións municipais, 1999



Eleccións municipais, 1995



As forzas políticas repártense o goberno municipal en proporcións semellantes ás de concellos limítrofes. Así, nas eleccións de 1999 segue sendo maioritario o voto ó Partido Popular, e na segunda posición sitúase o PSdeG-PSOE, mentres en Porriño e Salceda acada esta o BNG.

Entre os comicios electorais de 1995 e os de 1999 obsérvase, como ocorre no resto dos concellos, unha paulatina redución de partidos que acadan representación municipal e o conseguinte reparto do goberno entre tres forzas políticas.





## 8.- CULTURA POPULAR

A celebración festiva por antonomasia que identifica a todo o municipio de Mos e ós seus habitantes é a Festa da Rosa, festividade local do concello. O evento parte da tradición histórica que ten esta flor no escudo do Palacio de Mos e que deu lugar á súa utilización como emblema municipal, adoptándoo no escudo do concello. A festividade ten lugar o día 13 de xuño e, ademais da tradicional verbena popular, organizanse certámenes de poesía, relato curto, pintura e concursos de ramos de rosas e rosais trepadores.

Dentro das celebracións gastronómicas é de destacar a Festa da Empanada, na que se convocan premios e cursos de divulgación da confección deste típico prato galego.

## 9.- VIVENDA

Mos rexistra un incremento porcentual acusado entre o censo de vivendas do ano 1981 e o do ano 1991, situándose por detrás de Porriño pero con maior incremento que concellos como Redondela ou Salceda, o que nos indica qu existiu un forte ritmo constructivo nesa década gracias ó aumento da instalación empresarial sobre este territorio, que levou parella gran atracción de residentes.

Segundo o destino das vivendas podemos concluir que a gran maioría ocúpense como principais e a porcentaxe destas en 1991 é bastante superior ás de Porriño e Salceda.

### Vivendas familiares, 1981 e 1991

|            | Total vivendas familiares |            |             | Vivendas familiares ocupadas |            |             |
|------------|---------------------------|------------|-------------|------------------------------|------------|-------------|
|            | Censo 1981                | Censo 1991 | % variación | Censo 1981                   | Censo 1991 | % variación |
| <b>MOS</b> | 3.270                     | 4.046      | 23,7%       | 3.009                        | 3.470      | 15,3%       |

Fonte: Censo de vivendas, IGE.

### Vivendas familiares segundo o seu destino, 1991

|            | Principais |     | Secundarias |      | Baleiras |       | Outras |      | TOTAL |
|------------|------------|-----|-------------|------|----------|-------|--------|------|-------|
|            | Total      | %   | Total       | %    | Total    | %     | Total  | %    |       |
| <b>MOS</b> | 3.280      | 81% | 190         | 4,7% | 490      | 12,1% | 86     | 2,1% | 4.046 |

Fonte: Censo de vivendas, IGE.

## 10.- INFRAESTRUCTURAS, EQUIPAMENTOS E PATRIMONIO

### Patrimonio Histórico – Artístico

O elemento arquitectónico máis destacado é o Palacio de Mos, en fase de restauración na actualidade. O edificio pertenceu á Casa de Soutomaior e na súa fachada albérgase un escudo no que se reflicten os símbolos dos apelidos máis importantes da zona e que foron herdando este palacio.





### Inventario de Patrimonio Histórico – Artístico

#### a) Patrimonio arquitectónico civil

##### *Pazos e casas*

Pazo de Santo Antoniño en Louredo

Pazo dos marqueses de Mos

Casa rectoral de Guizán

Casa rectoral de Louredo

Casa rectoral de Petelos

#### b) Patrimonio arquitectónico eclesiástico

##### *Igrexas, capelas e ermidas*

Capela de San Cosme en Cela

Capela de Nosa Señora de Francia en Dornelas

Igrexa parroquial de Cela

Igrexa parroquial de Guizán

Igrexa parroquial de Louredo

Igrexa parroquial de Mos

Igrexa parroquial de Pereiras

Igrexa parroquial de Petelos

Igrexa parroquial de Sanguñeda

Igrexa parroquial de Tameiga

Igrexa parroquial de Torroso

Igrexa parroquial de Dornelas





